


# A NOSA TERRA

Conflicto nos concellos de Redondela e Ourense

4-5

O BNG pede que o patrimonio de defensa non se privatice e pase a uso público

10



Casimiro Xil Arauxo, entrevista co histórico membro do Grapo, en liberdade tras 19 anos de prisión

8-9

Garzón reabre o caso dos españois desaparecidos na Arxentina

16

Polémica ausencia de Carlos Núñez no Festival Intercéltico de Moaña

21



8 DE AGOSTO • 1996 • ANO XIX

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Nº 738 • 200 PTA

Un millón e medio de europeos resultan feridos cada ano a causa dos accidentes de tránsito

## O automóbil fai deficitaria a sanidade

Os países da Unión Europea gastan máis de 30.000 millóns de pesetas ao día en sanidade a consecuencia dos accidentes de tránsito. En Galiza morren 500 persoas ao ano, por este motivo. Na UE a estrada cobra cada doce meses máis de 50.000 vidas, pero ademais 1.500.000 cidadáns resultan feridos. O Estado debe pagalo. Por que se fan campañas contra o tabaco, mentres se ensalza o coche?

### Cacharro negase a distribuír entre os concellos o canon eléctrico

Cacharro Pardo recusa por segunda vez unha sentenza xudicial que obriga á Deputación de Lugo a dividir o canon eléctrico cos concellos. O líder do PP lugues di que foi violado o artigo 24 da Constitución (que garante o dereito universal á xustiza) e asegura que confía no Tribunal Constitucional. O presidente da Deputación de Lugo criticara a sentenza pronunciada hai dous anos polo Tribunal Superior de Xustiza da Galiza. Daquela apostou que o fallo sería revocado polo Tribunal Supremo que ven desestimar agora o seu recurso cón cargo de costas para a Deputación. Anuncia un novo recurso ao Constitucional, Cacharro di que non perdeu, e que non ten nada que rectificar. (Páx. 13)



A. IGLESIAS

"Somos os últimos da cola". Os africanos que viven na Galiza afirman que queren traballar e non pedir esmola. O paro reduce as súas posibilidades. A nova regulación sobre extranxeiros colócaos na porta de saída. (Páx. 7)

### Outra vez España

Que o alcalde da Coruña trate de difundir, con prezos populares e cartos municipais, a afección ás corridas de touros entre a mocidade herculina é un feito que se encontra no mesmo vector que esa recuperada presenza de maceiros na procesión do Cristo da Vitoria na cidade olívica. O desfile, que retomou para si as ruas céntricas, estivo presidido pola equipa de goberno municipal, alén dunha extensa coorte eclesiástica e militar. Tamén a pasada semana a aviación realizou un custoso despregue sobre a ría viguesa co fin de "reforzar os lazos de unión entre a poboación civil e a institución castrense". O colofón veu dado pola homenaxe que o partido conservador, hoxe apousado en case todas as institucións, dedicou á mariña española pola súa actuación na "guerra do fletán". Quizá unha lectura psicanalítica explique por que o exército merece unha homenaxe cando cumpre coa súa obriga. Ante a crise de españolidade algúns responden con incienso, morápio de garita e peineta. ♦

### O SEÑORITO DA REBORAINA

Ramón Otero Pedrayo

A última novela de Otero Pedrayo en galego e unha das súas máis vigorosas creacións literarias.

Introducción e notas de Xosé Manuel Salgado.



galaxia

### Os alcaldes de Coruña e Pontevedra subvencionan as corridas de touros

"Qué lastima de bois", dicía o velliño de Castelao, ala polos anos trinta diante dun cartel que anunciaba unha corrida de touros en Compostela. O verán deste ano tamén trouxo as corridas con forza a Galiza. O concello da Coruña patrocinou nun intento de recuperar "a tradición", grandes estrelas chegaron a Pontevedra e o concello de Vigo lanzou a noticia da instalación dunha praza en Vigo. Para os colectivos ecoloxistas a afección taurina aínda non é preocupante, pero algúns membros de Adega repartiron 1600 panfletos en contra deste espectáculo na Coruña por consideralo,

ademais de cruel, importado da peor tradición españolista. Son estes mesmos mozos os que queren forman unha plataforma anti taumoxia pero sinalan que o ecoloxismo na Galiza considera que o mellor xeito de combater este espectáculo é obviádo. Non pensaron o mesmo os viciños do barrio de San Andrés de Comesaña de Vigo cando o goberno municipal anunciou hai semanas a instalación dunha praza portátil nun campo de fútbol. Axiña o tema quedou parado polas protestas que se adiviñaban por parte dos ecoloxistas e dos membros da asociación de viciños. (Páx. 14)

### Galindo, o xeneral acusado de terrorismo, en liberdade

A postergada decisión sobre os papeis do CESID, denegados ao xuíz polo goberno Aznar, precipitou a posta en liberdade do xeneral Galindo, e abriu unha crise no Pacto de Ajouria Enea que foi convocado decontado polo lendakari Ardanza a instancias de IU, PNV e EA. O pacto PP-PSOE para desconectar a crise de Estado aberta polos GAL topou co apoio de Jordi Pujol. O xuíz Gómez de Liaño tivo que plegarse aos informes que foron emanando desde o Fiscal Xeral do Estado, Carlos Granados. (Páx. 15)



## A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora:

Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:

PRESIDENTE:  
Cesáreo Sánchez Iglesias.VICEPRESIDENTE:  
Xaquín Acosta.CONSELLEIRO DELEGADO:  
Xosé Fernández Puga.VOGAIS:  
Alberte Ansedo, Xosé M.  
Dobarro, Manuel Dios, Manuel  
Veiga, Xosé Castro Ratoñ,  
Manuel Portas e Xan Costa.SECRETARÍO:  
Xan Piñeiro.

Director:

Alfonso Eiré López

Redacción:

Gustavo Luca de Tena,  
Xan Carballa, Manuel Veiga,  
Horacio Vixando,  
Arantxa Estévez, Carme Vidal,  
Paula Castro.FOTOGRAFÍA:  
Anxo IglesiasEDICIÓN ESPECIAL:  
Xosé Enrique Acuña.DISEÑO GRAFICO:  
Xosé Taboada.

Colaboradores:

PESCA:  
Severino Xestoso.SANIDADE:  
Maria Alonso.AGRO:  
Xoán C. Garrido.DEPORTES:  
Rodolfo Dacuña.MÁRQUEN:  
Manuel Seoane.BARCELONA:  
Iria Varela.PORTUGAL:  
Gonzalo Nuno.CULTURA:  
Xoán M. Estévez,  
Celso López Pazos,  
Manuel Vilar, Lupe Gómez,  
Oscar Losada, Gonzalo Vilas,  
Xosé M. Eiré Val,  
Xesus González Gómez.LICER:  
Iago LucaFotografía:  
Andrés Panaro,  
Xosé Marra,  
Voz Noticias.Ilustración:  
Xosé Lois, Pepe Carreiro,  
Caños Silvar, Gonzalo Vilas.Publicidade:  
Carlos Martínez MuñozXefa de Administración:  
Blanca CostasSubscripcións:  
Lola Fernández PugaVendas:  
Xosé M. Fdez. AbaldeRedacción e Administración:  
Rúa do Príncipe 22, baixo,  
36202 Vigo  
Apartado 1371. 36200 Vigo

Teléfonos:

REDACCIÓN:  
(986) 43 38 86 - 22 24 05  
Fax (986) 22 31 01ADMINISTRACIÓN, SUBSCRIPCIÓN E  
PUBLICIDADE:  
(986) 43 38 30\*Imprenta:  
E.C. C-3 1958Depósito Legal:  
C-963-1977ISSN:  
0213-3105Non se mantén  
correspondencia sobre  
orixinais non solicitados.Está permitida a reprodución  
sempre que se cite a  
procedencia.

## Os fabricantes reclaman subvencións públicas, ante a saturación do mercado do automóbil

# A UE gasta 30.000 millóns ao día en sanidade a causa dos accidentes de tránsito

M. VEIGA - A. ESTÉVEZ - G. LUCA

Os accidentes de automóbil cústanlle á UE 70.000 millóns de ecus ao ano, o que representa algo máis de 30.000 mil millóns de pesetas diárias. Anualmente morren por este motivo 50.000 persoas, nos doce países da comunidade, e 1.500.000 resultan feridas, segundo datos do Parlamento europeo. Os gastos sanitarios que inducen son, como se pode ver, moi superiores aos provocados polo consumo de tabaco. Pero a do automóbil é unha industria demasiado poderosa.

**E**n Galiza morren ao ano 500 persoas en accidente de automóbil, das cales 150 son peóns. No Estado español a media de mortes é de 6.000 e na Unión Europea de 50.000. É como se outra xigantesca guerra de Iugoslavia se estivese a librar por todo o continente. A saída masiva en verán anuncia unha nova batalla.

Cada vehículo que circula provoca ao seu redor unha enorme cifra de gastos. Así, os cidadáns do Estado español pagan ao ano 12 mil millóns de pesetas en multas e son precisos 7 mil gardas civís, que reciben un salario público polo seu traballo, para controlar a circulación. Unha moderada estimación da Comisión de Transportes e Turismo do Parlamento Europeo calculou, para 1989, que os atascos de tráfico nos países da UE provocaran gastos por valor de 75 mil millóns de pesetas.

Os investimentos en obras públicas viarias representan un dos capítulos máis altos dos orzamentos do Estado, aínda que Galiza posúe só o 2,6% das autovías, péis a contar cunha proporción de automóbeis similar. Quizá se encontre aquí unha das razóns de que a media de accidentes en estrada seña no noso país un 26% máis alta que no resto do Estado e a máis elevada de Europa. Por outra parte, os siniestros son, segundo Santiago Gayarre, director xeral para o Noroeste da aseguradora Mapfre, un 20% máis custosos que nas demais comunidades.

Velaí unha das razóns de que os galegos, propietarios dun automóbil, gastasen, en 1992, 68 mil millóns de pesetas en pólizas de seguros.

### Unha industria madura

A progresión do número de automóbeis por mil habitantes é constante en Europa, aínda que nengun país da Unión Europea acadou aínda as cuotas dos Estados Unidos. En 1970 a media de automóbeis por millar de persoas era de 192. Vintecinco anos despois, en 1995, a media ascendera a 423 e para o ano 2010 espérase que chegue aos 515, quer dicir algo máis de un automóbil cada dúas persoas. Se descontamos os menores de 18 anos, os minusválidos e os vellos pódese crer que moi pronto serán excepción as persoas adultas que non esteñan en posesión dun vehículo. Con todo, a proporción de automóbeis por mil habitantes figura en Galiza por baixo da media europea. En cifras de 1990, a media comunitaria era de 378 e a galega de 282.

Este incremento non oculta a evidencia de que, conforme a poboación tende a estancarse e a ver cubertas as súas necesidades de desprazamento, a demanda de automóbeis propende tamén a estabilizarse e a industria, polo tanto, a ver frustradas as súas expectativas de expansión. Este fenómeno é visíbel nos últimos anos. Moitos fabricantes históricos observaron que o seu negocio deixara de ser rentabel e o

Pasa á páxina seguinte



## Os varóns son partidarios de incrementar o límite de velocidade

# Morren sete veces máis homes que mulleres, péis a que o número de condutores é semellante

As mulleres buscan seguridade no automóbil e priorizan sempre esta cualidade antes que a velocidade. Así o afirman os recentes estudos que levaron a cabo tanto a Dirección Xeral de Tráfico como as aseguradoras, caso do Grupo Bankinter. Precisamente, neste último, as mulleres atribúen os accidentes ao exceso de velocidade e ás imprudencias. Ben diferentes son as respostas do home, que fala de despites e da falta de experiencia do conductor. Ambas actitudes teñen que ver coa percepción que os homes e as mulleres teñen do coche. De feito, segundo a DXT, máis da metade dos condutores varóns amosan-

se partidarios de ampliar o límite de velocidade de 120 km/hora, mentres que as mulleres cren que xa chega de abondo o actual, tendo en conta que funcionan como orientativos e que se sobrepasan habitualmente. Ese é un dos argumentos dos homes para querer incrementalo.

Os datos que ofrece a Dirección Xeral de Tráfico sobre vítimas mortais amosan que a maioría son homes. En troques, as mulleres están achegándose aos varóns en número de permisos de conducir. No Estado contabilizáronse 5.359.942 mulleres con permiso de conducir turismos ao remate do ano 1995,

frente aos 5.812.784 dos homes. A diferenza, que fai que o número de carnets masculinos medre até máis de once millóns, ven marcada por outros permisos correspondentes a camiións, autobuses e demais vehículos especiais, practicamente excluídos polos homes.

A siniestralidade en vehículos conducidos por mulleres é moito menor en gravidade que no caso dos homes. Entre os vinte e os vintecatro anos, morreron 207 mozos condutores na estrada mentres que as vítimas femininas foron 34. En total, nas estradas do Estado e en turismos morreron 1532 conduc-

tores homes e 207 mulleres. En todas as franxas de idade, o home é o máis perxudicado sexa como vítima mortal ou como ferido grave. As aseguradoras, sabedoras da diferenza, comezaron a facer descontos ás mulleres nos seguros de automóbil. Esta práctica vai a menos porque se prestaba ao fraude: accidentes no que o conductor era home e o seguro pertencía a unha muller. De calquer xeito, as compañías sinalan que ser home e ter entre 18 e 30 anos é "factor de risco" e encarece o seguro. Tamén hai vítimas mortais entre condutores de 10 a 17 anos, sen permiso de conducir. Nengun deles é muller. ♦



Ven da páxina anterior

agrupamento de compañías, con tendencia clara ao oligopolio, comezou a producirse en toda Europa. Hoxe tres ou catro multinacionais controlan a maioría do mercado continental.

O número de automóbeis vendidos no Estado español, ano a ano, é elocuente desta dinámica. En 1953, ano no que empeza a desenvolverse a produción propia, fabricáronse 1636 vehículos. Os vinte anos seguintes serían os da verdadeira expansión en todo o continente. Así en 1972 saíron xa ao mercado español 600 mil vehículos. Pero este sería un dos picos máis marcados do crecemento, porque en 1973 estalou a denominada crise do petróleo que en realidade representa o punto de inicio dunha crise xeral do modelo que nos países avanzados medrara ininterrompidamente desde o fin da guerra mundial. O crecemento desde esa data foi menos vertixinoso e aínda que en 1989 saían das seis cadeas de montaxe ubicadas no Estado español 1.150.000 vehículos, os ciclos de repunte da crise darían lugar a que, por exemplo, en 1993 esta cantidade descendese a 700 mil, escasamente superior, como se ve, á de vinte anos antes.

Esta dinámica ofrece dúas conclusións sobranceiras: a industria do automóbil pode ser encadrada xa entre os sectores "maduros" da economía, segundo a terminoloxía empregada habitualmente polos expertos para designar aqueles ramos industriais que só aspiran a manterse como están. Dedúcese, en segundo lugar, que, polas súas oscilacións, este sector pode ser considerado termómetro da situación do capitalismo nos países ricos. As súas subidas e baixadas son extremadamente perceptíbeis na economía no seu conxunto.

En paralelo a esta dinámica, os fabricantes tenderon nos últimos anos a trasladar as súas plantas de montaxe a países do terceiro mundo, atraídos polo prezo da man de obra e, nalguns casos, por existir aínda nos mesmos un mercado sen saturar. A tendencia é inversa no que corresponde ás facetas de máis alto valor engadido: deseño, investigación e desenvolvemento en xeral que cada vez se concentran en maior medida nos países do centro. É significativo, por exemplo, que a planta de Citroën instalada en Vigo non conte con sección dedicada ao deseño ou á investigación e outro tanto sucede cos outros cinco fabricantes instalados no Estado español.

Esta crise da industria do automóbil ten conducido aos fabricantes á chamada "obsolescencia planeada", é dicir á redución premeditada da vida media dun vehículo, máis por razóns comerciais que tecnolóxicas, só en parte pensada polo auxe do mercado de segunda man. Abondaría con que os propietarios de cada automóbil decidisen utilizar o seu vehículo un ano máis do previsto antes de vendelo, para que a maioría das empresas fabricantes entrasen en suspensión de pagos.

O latexo irregular do corazón desta industria resólvese a cada menos coa respiración asistida da publicidade man. Máis ser o sector que máis gasta en promoción, as suspensións temporais de emprego nas súas cadeas de montaxe son, ano a ano, máis frecuentes. Os patróns franceses e alemáns non dubidan, desde 1992, en solicitar do Estado español subvencións públicas, verificadas através dos plans *Renove* e tamén da concesión en usufruto de terreos utilizados polo fabricante, abaratamento dos transportes e da enerxía consumida e axudas directas.

Aínda que o Goberno autónomo non ten hipótese nengunha sobre as causas deste agravamento da estatística galega de feridos e mortos na circulación rodada, no seitor do seguro de automóbeis culpan á deficiencia relativa da rede de transportes públicos, cun ferrocarril e unha rede inter-urbana que non cobren á maioría da poboación, e á climatoloxía. De ser certa esta análise, os galegos morren máis e lesionáanse máis que os españois sobre vehículos rodados porque teñen piores estradas e servizos públicos.



A. IGLESIAS

## En Galiza morren ao ano 500 persoas en accidente de automóbil das que 150 son peóns.

Case a metade se producen na estrada

## Galiza ten un 40% por riba da meia do Estado de lesionados medulares

A Galiza ten un corenta por cento por riba da meia do Estado de lesionados medulares, dos que case a metade se producen en accidentes de circulación. Ao mesmo tempo, a taxa de mortalidade na estrada é case un cinco por cento máis alta na Galiza que na España, segundo datos da Consellería de Sanidade.

Entre os aseguradores dase o convencemento de que o número de accidentados no tránsito é, en xeral, moito maior do que di a estatística. A efectos legais é preciso un ingreso hospitalario para calificar a un damnificado por accidente de tránsito. Todas as manifestacións patolóxicas que se produzan pasadas 48 horas do accidente de circulación, non se considerarán nen estatística nen legalmente como accidente de tránsito. A dispersión da poboación e unha rede de asistencia distante fai aos galegos candidatos preferentes a derrapados da estatística das estradas.

A incidencia na Galiza dos pacientes de lesión medular traumática por ano é de 35 por millón de habitantes. Sobre unha poboación de 2.800.000, o país ten anualmente arredor de cen novos casos de lesionados medulares. A prevalencia (acumulación de casos de lesións medulares traumáticas) é de 1.400 persoas en Xullo de 1996. A incidencia española é de 25 novos pacientes de lesión medular por millón.

Segundo a Dirección Xeral de Tráfico, dependente do MOPOT de Madrid, o 50 por cento do accidentes de circulación prodúcense por non respetar o condutor as normas de circulación. Na Galiza, a acumulación de limitacións de velocidade e manobra e indicativos de perigo é particularmente densa en relación coa rede de estradas do Estado. Aínda que Tráfico relea a estatística comparada de infraccións por comunidades autónomas, algúns aseguradores coinciden en denunciar que a pobreza e dificultade da rede viaria galega son ao mesmo tempo que unha fonte continua de accidentes o máis produtivo campo de multas de toda a rede do Estado.

Segundo a Dirección Xeral de Tráfico, dependente do MOPOT de Madrid, o 50 por cento do accidentes de circulación prodúcense por non respetar o condutor as normas de circulación. Na Galiza, a acumulación de limitacións de velocidade e manobra e indicativos de perigo é particularmente densa en relación coa rede de estradas do Estado. Aínda que Tráfico relea a estatística comparada de infraccións por comunidades autónomas, algúns aseguradores coinciden en denunciar que a pobreza e dificultade da rede viaria galega son ao mesmo tempo que unha fonte continua de accidentes o máis produtivo campo de multas de toda a rede do Estado.

Segundo a Dirección Xeral de Tráfico, dependente do MOPOT de Madrid, o 50 por cento do accidentes de circulación prodúcense por non respetar o condutor as normas de circulación. Na Galiza, a acumulación de limitacións de velocidade e manobra e indicativos de perigo é particularmente densa en relación coa rede de estradas do Estado. Aínda que Tráfico relea a estatística comparada de infraccións por comunidades autónomas, algúns aseguradores coinciden en denunciar que a pobreza e dificultade da rede viaria galega son ao mesmo tempo que unha fonte continua de accidentes o máis produtivo campo de multas de toda a rede do Estado.

## Un lobby avellentado

Dous de cada tres europeos, maiores de 18 anos, terán un coche da súa propiedade no ano 2000. O incremento constante desde hai corenta anos do parque automobilístico non impide —ou precisamente aconsella— falar de saturación. Moitos economistas coinciden en sinalar que o vehículo individual ten aportado xa á civilización todo o que entraba dentro das súas posibilidades e que hoxe sobrepasou o punto óptimo, a partir do cal o aumento de automóbeis deixa de ser globalmente rentábel.

Ivan Illich estableceu para os Estados Unidos, na década dos setenta, a ecuación seguinte: dado que unha persoa se ve obrigada a empregar unha media de 1.500 horas ao ano para usar, coidar e traballar co fin de atender os gastos orixinados polo seu automóbil, e tendo en conta que o número medio de quilómetros percorridos en coche ao ano é de 10 mil, resultaría que este medio de locomoción posibilita desprazamentos a unha velocidade comprendida entre os seis e os sete quilómetros hora de media. Quer dicir que o tempo aforrado ao usar o automóbil veuse moi diminuído se se toman en conta as horas que é necesario traballar para sufragalo. Illich concluíu que "os automóbeis crean máis distancia da que suprimen".

A esta circunstancia habería que engadir a manifestada polo economista Ramón L. Suevos quen sinala que "o desenvolvemento das áreas

suburbanas e, agora mesmo, a localización das grandes superficies comerciais na periferia das cidades, som máis consecuencia do que causa" da cultura do automóbil.

E, sen embargo, a extensión deste medio de transporte parece hoxe unha das máis difíceis de enveredar. A industria automobilística xera o 10% do Produto Interior Bruto do Estado español e unha moi similar proporción de empregos, o que lle aporta sen dúbida unha grande capacidade de presión. Ao seu redor xermola o máis poderoso entramado económico existente: compañías de seguros, obras públicas, empresas auxiliares do automóbil, servizos sanitarios, talleres de reparacións, autoescolas, gasolineras, bufetes de avogados, empresas publicitarias, fabricantes de accesorios como rádios-cassettes, compañías financeiras de crédito e compañías petrolíferas que obteñen o seu principal ingreso do consumo de gasolina. Tendo en conta os empregos indirectos, o automóbil xera o 25% dos postos de traballo existentes.

En contrapartida, cabe mencionar o grande número de mortes que provoca, o deterioro medioambiental, o despilfarro de enerxía e o investimento que o Estado se ve obrigado a satisfacer en obras públicas e sanidade. Non deixa de ser notorio que esta parte do presuposto público non seña cuestionada, quizá

porque, sen estar claro que a sobre-abundancia de automóbeis e a correlativa escasez de servizos públicos beneficie á maioría da poboación, si é facilmente verificábel que protexe a un dos oligopolios máis característicos do noso tempo.

Se ben é certo, polo demais, que o Estado obtén unha parte substancial de ingresos através do imposto sobre a gasolina, tamén é óbvio que sería posíbel establecer un meio recadatorio equivalente, sen necesidade de contribuir máis á saturación automobilística e á importación gravosa de petróleo.

Poucos se atreven a discutir xa que o incremento do número de automóbeis é contrario a unha atribución óptima dos recursos sociais. Calquer reforma que poida levarse a cabo (potenciamento do transporte público, límite á circulación urbana, etc.) deberá ter en conta que o problema nunca poderá ser tratado con criterios individualistas, senón globais.

En todo caso, convén lembrar que o 80% da enerxía do mundo é consumida polo 20% da poboación dos países máis ricos. O abuso do automóbil está sen dúbida no cerne desta desigualdade. As guerras polas fontes de enerxía que se desenvolven periodicamente no Sul encontran tamén aquí unha das súas máis notábeis causas.



Pédelle non rachar o pacto e renunciar á moción de censura en Redondela

## Abel Caballero lémbrale a Fraga

### que PP e PSOE teñen intereses conxuntos nas cidades

O anuncio, por parte do PP, da presentación dunha moción de censura no concello de Redondela provocou que o líder socialista galego Abel Caballero revelara un pacto implícito entre o PP e o PSOE para repartirse o poder. Neste sentido, Caballero anunciou a ruptura dese pacto de prosperar a moción. As especiais características de Redondela, que aparece como ensanche natural de Vigo, fan a esta vila un bocado apetecido cando en Vigo os construtores acusan ao goberno do PP de entorpecer as súas actividades.

O PP redondelán apoiase nun tráfuga e nun concelleiro que antes fora do PSOE para levar adiante a moción de censura. Francisco Puch Casal, eleito na lista socialista, presentárase antes como candidato na lista de PSOE, de EG e dos socialistas sucesivamente, antes de apoiar unha moción de censura cuxo anuncio é case simultáneo á celebración dun pleno, o Venres nove de Agosto, no que o PP presta os votos para legalizar unha obra dun parente de Puch. O outro apoio do PP é Manuel Alonso Lema, que en tempos formara parte das candidaturas socialistas pero cuxas diferencias co alcalde Xai-



Xaime Rei, actual alcalde do PSOE en Redondela, e Abel Caballero, presidente do partido.

me Rei leváronno a presentar unha lista independente. Estes apoios do PP non son novos e o que se postula para alcalde, Amado Ricón, anunciara que non tiña presa por conquistar o posto.

Por outra banda, o PP investiu grande cantidade de cartos na campaña para as eleccións municipais de Xuño de 1995, pero non conseguiu que a súa lista acadara a maioría absoluta, de modo que o seu candidato Amado Ricón quedou como cabeza

da oposición fronte a un goberno do PSOE formado grazas aos votos do BNG.

A elección de Xaime Rei como alcalde fora mal dixerido polo BNG de Redondela por mor do talante dun presidente da Corporación que sempre confeccionou as listas eleitorais levado máis dos compromisos persoais que por razóns estritamente políticas. Co tempo, este xeito de proceder vai costar o posto ao alcalde da cuarta vila de Pontevedra, un

concello rodeado por municipios con alcaldías populares.

#### Evolución do PP

A última renovación das corporacións municipais significou unha evolución na estratexia política do PP, que comezou a anechar o modelo para Galiza que deseñara o PSOE e nomeadamente Abel Caballero, eis o Eixo Atlántico e a concepción do país como unha conurbación desde Ferrol a Vigo que se retroalimentase eco-

nomicamente. Durante a campaña para a presidencia da Xunta no 89, o PP procura un pacto cos poderes económicos dominantes nas cidades que teñen aos socialistas ao seu lado.

Paralelamente a ese modelo, PP sostíña unha estratexia baseada no poder rural dos seus sindicatos de alcaldes pero o dominio do PSOE nas cidades principia enfrenteos co feito de que arredor dos tres concellos gobernados polo PSOE está o centro do poder económico do país. Os populares perfilan ás cidades como novo obxectivo; en concreto Vigo é trofeo máis apetecido. Tan pronto como Manuel Pérez acadara a alcaldía viguesa comeza unha formulación do urbanismo da cidade, no que a construción no rural é o grande obxectivo. Redondela representa o ensanche de Vigo polo Norte e Amado Ricón é mellor sócio que Xaime Rei.

Abel Caballero indica con claridade a Fraga que os dous grupos están comprometidos nos intereses económicos que vertebran a Autoestrada do Atlántico que no camiño de faceren un plan político de desenvolvemento interurbano en mútuo beneficio. O mellor ao PP non insistir na substitución de Rei. ♦

## Os responsábeis do PSdeG-PSOE non se pronuncian no conflito das XXSS

♦ A. ESTÉVEZ

O Congreso que o 4 de Agosto levouse a cabo baixo o nome de Xuventudes Socialista e no que saíu electo David Balsa como secretario xeral manifestou a ausencia de coordenadas dentro do PSOE da Galiza e nomeadamente dentro das súas xuventudes. Moita tinta pero nen unha soa palabra dos responsábeis do partido na Galiza. Os membros da comisión xestora creada para dirixir as Xuventudes Socialistas afirman que a dirección do partido está con eles pero o certo é que seis dos catorce membros da xestora dimitiron días antes do congreso. Balsa, pola súa parte, non quer falar polos responsábeis do partido. "Somos unha organización autónoma dentro do PSdeG-PSOE e mantemos o principio de colaboración mutua. Só hai unha organización chamada Xuventudes Socialistas; a xestora era un grupo de catorce afiliados de base nomeados desde Madrid".

A proba disto, segundo Balsa, é que acudiron ao Congreso 121 delegados que representaban a 79 das 91 agrupacións locais. "Dentro das XXSS, hai un proceso estatutario que resolve marchar da Federación, ser autóno-

mos ao xeito dos cataláns", comenta. Pola súa parte, Xesus Diaz, vicepresidente da xestora, explicou que o problema de Xuventudes Socialistas ven provocado pola decisión de Balsa de non acatar as decisións do Comité de Garantías polas que era dado de baixa como militante e cesado do seu cargo de Secretario Xeral. "O Congreso non está legitimado, entre outras cousas porque ningunha asemblea local ou comarcal se reuniu para escoller delegados. Balsa segue facendo das súas. El só decide os acordos que se van tomar no Congreso e os anuncia nos medios antes de que este se celebre". David Balsa dá unha explicación sinxela ao tema da súa baixa. "Foi unha decisión da Federación, á que non pertencemos polo que non ten validez", comenta.

Segundo Diaz non hai coñecemento de que algún militante de Xuventudes, agás as persoas eleitas para formar parte do novo órgano executivo, asistira a esa reunión. Aclarou que polo de agora a xestora non decidira aplicar sancións contra os militantes que puideran ter participado no Congreso convocado por Balsa e que se reunirán proximamente para adoptar algunha medida en relación ao conflito.

En troques, Balsa fala de tomar medidas legais se continua a ameaza sobre os asistentes ao congreso. "É hora xa de que se enteren que xa non queremos seguir as directrices de Madrid, queremos tomar as nosas propias decisións porque somos maiores de idade politicamente. A nosa representatividade está fóra de dúbidas. Os que din ser Xuventudes non serían capaces de reunir a uns poucos afiliados, xa non digo militantes", sinala.

Xesús Diaz tamén fixo referencia as siglas. A xestora entende que as siglas están en posesión da Federación de Xuventudes Socialistas de España. "Xuventudes Socialistas de Galicia non é máis que unha adaptación do nome", afirmou. Tamén aclarou que é este órgano, e non o sector de David Balsa, o que conta co apoio da dirección do PSdeG-PSOE. "Non hai máis que ver: dixon que nin o propio Francisco Vazquez, que estaba convidado, asistiu". Sen embargo, David Balsa aclara que as siglas están rexistradas como Xuventudes Socialistas e que non teñen que ver coa Federación. "Agora somos autónomos, achegados ao PSGdeG pola coincidente liña galeguista que eles están abrindo". ♦

M. VEIGA

## Abel ten pouco aval

Abel Caballero que se presenta como líder do regaleguizado PSOE co paradoxico aval de ter sido un dos ministros de transportes responsábel do retraso das autovías, afirmou a pasada semana que o seu partido procurará acordos con EU-EG, conforme cre que profundas diferencias impiden un achegamento ao BNG. Reclama ademais dos nacionalistas que expliquen os seus pactos con Pujol, presidente, segundo el, dunha "autonomía egoísta".

Caballero, moi amigo do dato preciso, incurre en tres erros. O primeiro pretender convencer ao electorado de que un acordo con EU en Galiza supón algo tanxíbel e non puro artificio de partido en horas baixas. Máxime cando o PSOE leva unha década negándolle EU o pan e o sal no resto do Estado.

O desmarque a respecto do BNG descubre, en segundo lugar, o temor dos socialistas a unha subida electoral dos seus competidores na esquerda e trata de resolvela da maneira máis torpe: atacando aos nacionalistas, en lugar de dirixir o estoque contra o PP que ocupa o goberno autonómico e central, alén do 75% dos concellos. A táctica *abelina* fortalece sobre todo aos conservadores e beneficia secundariamente ao BNG que ten as cousas máis claras neste campo.

Por último, e a vulgar non só por estas declaracións de Abel Caballero, senón por outras anteriores de Francisco Vázquez, semella que os socialistas coidan ter encontrado o talón de Aquiles do BNG nas pasadas conversas protocolarias con Pujol. Os galegos, sen embargo, aínda que estas conversas tivesen sido algo máis que cortesía parlamentaria e acadasen mesmo o rango dun pacto hoxe inexistente non poderían agardar máis que beneficios. Acaso non sería melle para Galiza que ela mesma poidese pactar directamente cos cataláns e non que os españois o fagan no seu nome, a saber ao servizo de que intereses? Por último, se os cataláns son egoístas, sería que Abel Caballero de sinalar un país ou un goberno que non o seña? el quen de arrebolar contra os nacionalistas galegos o principio de solidariedade, cando na súa etapa de ministro de transportes español apoiou o triángulo mediterráneo e esqueceu as autovías galegas? ♦



## O PP de Soutomaior en contra de rehabilitar aos concelleiros represaliados no 36

A postura do PP, maioritario na corporación, impediu que o concello de Soutomaior se pronunciase a prol da "total rehabilitación social dos veciños represaliados polas autoridades golpistas" hai agora sesenta anos, como pedía o BNG. Entre os represaliados encontrábanse alcaldes, concelleiros da corporación local, así como líderes sindicais e políticos. Todos eles tiveron proceso aberto até 1946. No mesmo pleno municipal, celebrado o 1 de Agosto, o conservadores rexeitaron a petición de dirixirse ao parlamento para que institucionalizase o día da *Galiza Martir*. O BNG, autor da moción, pedía a revisión do proceso e a devolución de toda a documentación tanto deste caso, coma de outros, que permanece fora de Galiza. ♦

## Homenaxe a Moncho Reboiras o 12 de Agosto

O 12 de Agosto, vinteun anos despois de que o militante nacionalista Moncho Reboiras pórtese a vida en Ferrol a man da policía, a Unión do Povo Galego, recordará no cemitério de Imo, parroquia do concello de Dodro, onde está enterrado, a súa figura através dunha oferenda. No acto intervirá o portavoz nacionalista non mencionado concello. Doutra parte, ás sete do serán, terá lugar unha concentración en Ferrol, na rua da Terra, fronte á casa onde resistiu até que foi morto. No acto tomarán a palabra Maria do Carme Garcia Negro, membro do Secretariado da UPG e Martiño Santos Canosa, membro da UMG. ♦

## Portugal suspende a construción do encoro de Sela

O encoro do río Sela, no tramo internacional do río Miño, é un proxecto conxunto luso-galaico do que agora Portugal se retira. Para os ecoloxistas da AGENG, significa unha vitoria parcial na loita contra a construción quer incluíu unha acampada protesta hai dúas semanas. O Instituto da Agua do Ministerio do Ambiente Portugués decidiu suspender este proxecto, no que estaban implicadas as empresas Fenosa e Electricidade de Portugal, polas deficiencias do estudo de impacto ambiental. Labregos, profesionais da pesca, ecoloxistas e alcaldes da ribeira portuguesa do Miño amosaron a súa oposición ao encoro. A AGEN láíase de que "nen o Goberno nen a Xunta nen nengun dos alcaldes galegos da zona afectada se manifestase contrário á construción". ♦

## Dispárase a venda de tenreira galega

O problema da vacas tolas inglesas está a ter un efecto contundente no consumo de carne vacuna galega, ao revés do que está a suceder na maioría dos países europeos. A compra de tenreira galega con denominación de orixe aumentou no primeiro trimestre de ano un 30 % en relación ao 1995. Este incremento da demanda supuxo a venda dun 32% de toneladas máis. O Consello Regulador da Denominación de Orixe Tenreira Galega ten previsto realizar unha campaña en todo o Estado co obxectivo de promocionar o seu consumo e seguir ampliando o mercado. ♦

## A reforma da Administración chega a Galiza

Dositeo Rodríguez, conselleiro de Presidencia, anuncia o Venres 2 que durante un ano iasde levar a cabo unha reforma na Administración galega que se fundamenta na "redución de volume" da mesma. Non descartou un plano de xubilacións anticipadas. A CIG, sindicato maioritario na Administración, respostoulle ao conselleiro que ese anuncio é incompatible coas recentes oposicións a funcionarios das que están saíndo as primeiras notas. Nesta convocatoria hai 390 prazas e para o outono espérase outra con mil, polo que a central nacionalista non entende as intencións do conselleiro e as situa dentro da mala organización coa que definen á Administración. ♦



Dositeo Rodríguez.



O PSOE considera que no PP hai confrontamentos polas excesivas concesións á Fundación San Rosendo, pra construír residencias universitarias. Na foto a Directiva desta fundación na que está o senador popular Luis Chao, de pé, primeiro pola esquerda.

## A concelleira foi acusada de utilizar traballadores municipais para pintar a súa casa

# O PP ourensán aférrase á maioría absoluta pésielo ao escándalo de Bravo Bosch

♦ CARMÉ VIDAL

As probas aportadas polos delegados de UGT na Xunta de Persoal do Concello de Ourense confirman que operarios municipais pintaron en días laborais a casa familiar de M<sup>ra</sup> Xosé Bravo Bosch en Cesantes, a máis de cen quilómetros do municipio. A concelleira de Persoal negou en primeiro termo as acusacións para despois ofrecer outra versión na que os tres membros da brigada de Tráfico que pintaron a súa casa estarían contratados por unha empresa privada. O BNG solicitou a creación dunha comisión de investigación que foi rexeitada polo PP e PSOE.

A sección sindical de UGT ten no seu poder fotografías que proban a presenza de tres traballadores municipais pintando a casa da concelleira en Cesantes. Os sindicalistas fixeron a denuncia de prevaricación á vez que acusaron a Bravo Bosch de estar utilizando traballadores municipais en días laborais para fins particulares valéndose da súa situación de contratados temporais e mesmo utilizando o pago de horas extras para conformar aos empregados do concello. A negativa dos pintores a recoñecer os feitos débese, segundo fixeron constar os delegados sindicais, aos tratos de favor recibidos por parte da concelleira xa que estaban a cobrar unhas 168.000 pts mensuais en concepto de horas extraordinarias.

Nun primeira momento a edil ourensá negou as acusacións, e afirmou que os traballadores municipais non estaban no seu posto no Concello por teren pedido días de asuntos propios. Despois de que os delegados sindicais presentasen probas concluíntes, Bravo Bosch ofreceu outra versión dos feitos segundo a cal a súa familia tería contratado unha empresa privada para pintar a casa de Cesantes na provincia de Pontevedra

na que estarían os tres traballadores do concello de Ourense.

A pesares das evidencias das probas, nen PP nen PSOE aceptaron a solicitude de creación dunha comisión de investigación presentada polo BNG. No entanto, despois de facerse públicas as acusacións, o mesmo presidente da deputación, Xosé Luis Baltar afirmaba que cumpría tomar medidas en caso de que se confirmasen as acusacións. O concelleiro do BNG Alexandre Sánchez Vidal considera que a atitude do PP respondía á "maximización que a propia concelleira sofria dentro do seu grupo na que se evidenciaban as mesmas tensións que hai dentro do PP. M<sup>ra</sup> Xosé Bravo estaba apoiada polo Opus e se enfrontaba directamente á liña máis populista do grupo municipal".

O cambio de atitude na polémica acusación, que levou ao PP a negar a creación da comisión de investigación deberíase, para o concelleiro nacionalista, á apretada maioría municipal que podería perigar no caso de que Bravo Bosch decidise abandonar o partido e pasar ao grupo mixto. "Ourense é a cidade de Baltar que cercena calquer posibilidade de que haxa un abandeirado do descontento da provincia. Mesmo nestes momentos fai valer a súa forza ignorando continuamente ao alcalde como na última visita de Cuiña que nen pasou polo concello" di Sánchez Vidal.

### Discrepâncias no PP en relación á Fundación San Rosendo

Distinta é a posición do PSOE á hora de rexeitar á investigación sobre o caso. Os argumentos utilizados polo grupo municipal socialista foron que se trataba dunha polémica froito dos confrontamentos internos no PP, relacionada á súa vez coa adjudicación dos solares á Fundación San Rosendo para a construción da residencia universitaria, concesión por outra

parte á que a concelleira de Persoal mostrara no seu momento oposición. Para Sánchez Vidal, na atitude do PSOE se trasluce que quer acalar "determinados datos que ten o PP sobre a súa xestión municipal e tamén as evidencias de que determinada xente vinculada co partido está entrando a traballar en fundacións e organismos públicos con tensións de poder entre as distintas agrupacións socialistas provinciais". De feito, dentro do PSOE houbo descartes da posición oficial como a de Xaime Amorin quen pediu a dimisión da concelleira.

O BNG, ademais de ser o mentor da comisión de investigación, solicitou a dimisión da concelleira, e, en caso de que non se producise o cese por parte do alcalde dos seus cargos alegando tamén que "non pode seguir sendo a responsábel da política de persoal ao estar enfrontada cunha que-rela cos seus representantes". "A mellor opción que lle queda ao PP é que Bravo Bosch pase a segundo plano na política municipal porque, se decide mudar ao grupo mixto, estarían condicionados polo seu voto para calquer decisión" sinala Sánchez Vidal para quen o PP prometera un goberno estábel coa maioría absoluta e no prazo dun ano "deu mostras dun grande deterioro político e non se pode permitir agora que este tema vaia a maiores".

M<sup>ra</sup> Xosé Bravo Bosch conseguira acaparar grande poder no goberno municipal de Ourense despois do malestar creado nas fileiras populares ao ser incorporada nas listas eleitorais. A concelleira de Persoal e Facenda, que ademais é responsábel da área de Educación e presidenta da comisión de Facenda, profesora da Facultade de Dereito, gozaba do apoio do Opus e mantiña enfrontamentos co sector máis populista do grupo provincial que se chegaban a traslucir nos plenos municipais, distanciada tamén da liña do presidente da Deputación, Xosé Luis Baltar. ♦



## OPINIÓN

O PSIQUIATRA XOSÉ VILLAMIL, QUE VEN DE FINAR EN VIGO AOS 91 ANOS, CRITICOU DESDE A CÁTEDRA EN SANTIAGO O DESLEIXO, A FORZA E A IN-

HUMANIDADE DA PSIQUIATRIA DO SEU TEMPO. CIPRIANO L. JIMÉNEZ CASAS, QUE FORA ALUNO SEU, LEMBRA NESTE ARTIGO AO PROFESOR VILLAMIL.

## VILLAMIL, UNHA VIDA POLA RENOVACIÓN DA PSIQUIATRIA

CIPRIANO LUIS JIMÉNEZ CASAS

A primeira proposta de superación dos criterios pre-psiquiátricos cos que se gobernaba o manicomio de Conxo, fora de Xosé Pérez López-Villamil, máis coñecido como Xosé Villamil, que tiña só 21 anos cando gañou por oposición a praza de médico do vello asilo.

Da súa man chegaron os tratamentos máis avanzados daquel momento (1926) así como un proxecto de regulamento do personal empregado que se adiantaba a criterios orgánicos de traballo daquela descoñecidos. Chegada a II República, Villamil defendeu a conversión de Conxo nun centro público de ámbito galego para libralo das interferencias inmobiliarias do consello de dirección.

Perder esta batalla contra a propiedade retardatária de Conxo, levouno a cambiar de horizontes e integrarse no ano 1932 no Hospital Provincial de Madrid no que aparece como un dos fundadores da *Asociación de Neuropsiquiatría*. Como o seu contemporáneo Roberto Nóvoa Santos, Villamil procura a comprensión dos fenómenos morbosos desde a base física e na propia dinamicidade do organismo enfermo. A tradición científica que recolle en Compostela pertence á mesma corrente de Ramón y Cajal e de Pio del Rio Ortega co que vai traballar en Madrid en histopatoloxía do sistema nervioso.

A experiencia activa entre os continuadores da escola de Cajal e o contacto con Bleuler, Maier e Binswanger na Alemaña e Suíza, a onde viaxou grácias a unha bolsa da *Junta de Ampliación de Estudios*, permíteme regresar á Compostela e abordar a reforma de Conxo desde un camiño distinto.

Previamente gañara a cátedra de Medicina Legal en Salamanca (1934) e inicia con outros compañeiros unha campaña para instituír cátedras de Psiquiatría con dotación independente e en defensa da especialización. A Guerra do 36 retrasa este propósito e incorpórase á facultade de medicina de Santiago como catedrático de Medicina Legal para explicar Psiquiatría e Psicología.

Desde a cátedra, transmitía a súa experiencia de mozo como médico de Conxo e dábanos unha relación pedagóxica de primeira man do que non debe facerse cun enfermo. Pragmático, anovador, antidogmático, laico, humanista, criticaba da psiquiatría da época o desleixo, a forza, o hacinamento, a frialdade e a inhumanidade e valoraba con moita anticipación ao seu tempo o poder da convivencia, a relación directa e os cuidados.

Non comprendía como o sanatorio de Conxo podía estar fora do ensino universitario nen que unha institución daquela importancia, tan próxima da Facultade, estivese a tanta distancia da formación psiquiátrica. Do seu paso polo manicomio lembraba situacións abraiante de tratamentos carcerarios, inhumanos e represivos. Na altura, aplicábanse terapias tipicamente biolóxicas, consistentes na electroterapia, na insulinoaterapia ou en métodos de contención coma as inxeccións de trementina que se administraban para obter *accesos de fixación* e tratar as crises nerviosas. Pola súa aplicación masiva e indiscriminada, estes métodos serían contestados posteriormente no movemento da anti-psiquiatría por Basaglia,



en Italia, e Laing e Cooper en Inglaterra.

Á curiosidade dos alumnos respondaba co diálogo, con ánimo para continuar estudando e con recomendacións e contactos que abrisen vías de coñecemento e de especialización. Naqueles primeiros cursos de abrumadora preocupación memorística, os exames abertos de Villamil, nos que permitía consultar textos, eran unha excepción. Na Facultade tomada pola escolástica, as súas clases excedían o programa para describer vivencias, encontros, inxerencias e toda a influencia laica e naturalista da Escola de Viena. Villamil recomendaba vivamente aos alumnos librarse dos espectros relixiosos, apartar o concepto da alma e entender o psiquismo sen interferencias relixiosas. Na me-

llor tradición positivista, repetía que para estudar teoloxía era mellor ir a Salamanca.

A dotación para a cátedra independente de Psiquiatría pola que loitara ben anos, chegou en 1967. Nesta altura xa se pode asegurar que as súas ideas liberais e progresistas formaran toda unha xeración de psiquiatras que por distintos camiños deran un grande avance á especialidade. De feito, na hora da xubilación (1971), Villamil ten o respecto e a amizade de todos os profesionais do país e representa unha longa e atormentada etapa de renovación da Psiquiatría que se vai completando en grande medida a partir do seu exemplo. ♦

CIPRIANO L. JIMÉNEZ é médico psiquiatra psicoanalista.

**‘Villamil recomendaba vivamente aos alumnos librarse dos espectros relixiosos, apartar o concepto da alma e entender o psiquismo sen interferencias’**



## MARKETING E COMUNICACIÓN NAS EMPRESAS GALEGAS

XAVIER RODRIGUEZ POSADA

Non hai moito tempo publicouse un inquérito sobre a identificación dos consumidores galegos da empresa "máis galega" dentro dos produtos alimentarios.

Non se trataba de medir o grao de coñecemento que poidesen ter os consumidores do reparto accionarial de cada sociedade, senon de valorar as políticas de comunicación das principais firmas alimentarias.

O criterio a seguir era completamente aberto e espontáneo; non se limitaba a unha campaña concreta, nen ao uso ou non do galego na publicidade. En realidade, tentábase atopar a empresa que os galegos valorabamos como máis galega pola nosa identificación co seus produtos.

Se non me lembro mal, entre as tres primeiras estaban tres importantes firmas (as miñas desculpas, se erro no orde); *Coren*, *Pescanova* e *Estrella de Galicia*.

A verdade é que a interpretación dos inquéritos ten tantas posibilidades que —sexa cal sexa o resultado— sempre poderás achegar o dato final ao que tí queiras demostrar.

En calquera caso, solicito o meu dereito para expor a miña idea. Penso que o resultado basease máis na popularidade da súa localización (*Pescanova-Vigo*, *Coren-Porriño*, *Estrella Galicia-A Coruña*) que na política de comunicación desenvolvida.

En realidade, non estou a recriminar nada a ninguén. Pode ser que isto non sexa o obxectivo por cuestións moi válidas (unificación de posicionamento cos outros mercados, maior valoración de outros orixes —nos mercados destino— etc...).

Pero o certo é que non acerto a atopar firmas galegas decididamente volcadas coa venda dun produto "orgullosamente" galego, fora de produtos artesáns ou tiradas moi limitadas, exclusivas para o mercado galego (iso chámase xogar na casa).

Estoume a referir a falta dun produto ou marca de referencia clara para os galegos, que sexa motivo de identificación e orgullo xeral e goce de respecto sen fronteiras. De algunha maneira, a "marca emblemática" dun país.

Estoume a referir a falta dunha *Guinness* Irlandesa ou dunha *Foster* Australiana. Un *Osborne* español, ou —saíndo do mercado alimentario— un *Le Coq Sportif* francés. Un *Nestlé* suízo ou unha *Coca-Cola* americana.

En realidade, tanto ten que a firma sexa de alimentación ou non, pero o certo é que Galiza carece desa referencia que moitos outros si posúen.

Certo que nunca é demasiado tarde, pero... onde atopar o xermen? ♦

XAVIER RODRIGUEZ POSADA é economista



O proceso de regularización emprendido polo Goberno deixa fora á maioría dos inmigrantes

## Os africanos á procura dun permiso que os manteña na Galiza

◆ ARANTXA ESTÉVEZ

Poucos inmigrantes africanos na Galiza teñen regularizada a súa situación. Máis que se adaptan ao país pende sobre eles a ameaza da expulsión. O anunciado proceso de regularización que puxo en marcha o Goberno non é máis que un proceso de relegalización xa que as condicións esixidas deixan fora a centos de inmigrantes. Ter un permiso de traballo converteuse nun luxo que todos eles buscan mentres evitan as identificacións policiais. A venda ambulante é a única saída nunha sociedade sen emprego e que non ofrece solucións para os inmigrantes.

Nestes días, en CCOO de Pontevedra, perto do Goberno Civil, trabállase para que os inmigrantes, na maior parte senegaleses e marroquis, poidan regularizarse. O prazo para presentar as solicitudes remata o 23 de Agosto. Sonia Canai e Xan Alberto Campos comprobaban que da cantidade de inmigrantes que solicitan entrar neste proceso para poder quedarse no país, só un par deles cumpren os requisitos. "Temos un listado con perto de cen persoas e só hai dúas que cumpren as condicións. A primeira é fácil, estar en territorio español antes do 1 de Xaneiro deste ano. A segunda é a criba, ter sido titular dun permiso de residencia ou traballo antes de 1986. Hai quen nunca tivo por iso nós dicimos que este proceso que anunciaron que ía beneficiar a miles de persoas so serve para regularizar aos que xa tiveron permisos de traballo. Pero os que non son a maioría", comenta Sonia Canai.

Un inmigrante liberiano que reside en Pontevedra cumpre todos os requisitos legais agás ter pasaporte. Tivo que fuxir do seu país pola guerra e extráñase de que agora lle esixan ese documento cando non tivo nen tempo de facer unha maleta. "Coincidindo co cambio de goberno, nótase como pechan a man neste tema. Toda a documentación pasa polo Goberno civil, se este ten un talante favorábel pode facilitar ou non a situación dos inmigrantes. Nós tivemos unha entrevista con



Os inmigrantes, a maioría senegaleses, adicanse á venda ambulante.

A. IGLESIAS

Alexandre Millán Mon, na que se amosou receptivo co tema da inmigración pero esa atitude contrasta coas consignas do Goberno central", comenta Xan Alberto Campos. Desde hai uns meses, os procesos de expulsión son máis rápidos. Antes, se a un inmigrante se lle identificaba como ilegal, se lle abría un expediente de expulsión que, polo xeral, era recurrido nun organismo xudicial superior. O inmigrante podía permanecer na Galiza mentres non houbera un fallo porque a lei marca que o perxuro dunha saída obrigatoria para o inmigrante é maior que o que lle pode causar á sociedade a súa presenza. Agora, ten vinte días para marchar ao seu país e esperar a decisión xudicial.

A maior parte dos inmigrantes africanos na Galiza son senegaleses. Son homes musulmanes que no seu país poden ter varias mulleres pero chegan só por cuestións económicas. O método máis utilizado para chegar é un visado de turista que ten como máximo de validez tres meses. Despois empeza o calvario. Para acadar un permiso de traballo teñen que ter un precontrato. Sempre ten preferencia a xente apon-

tada no INEM. A solución é adicarse á venda ambulante. Se son legais, teñen que cotizar como autónomos, pagando trinta mil pesetas ao mes. Un senegalés que exerce a venda ambulante durante o verán nas praias de

Vigo explica que lle quedan unhas corenta mil pesetas libres os mellores meses aínda que reconece que hai compañeiros aos que lle vai mellor. Desde Latinoamérica, o protagonismo da muller é maior. Exercen unha grande parte de empregadas de fogar ou en clubs. Tampouco lles

quedan moitas opcións se non acadan a exención de visado.

### Comunidades solidarias

Fuxen da fame pero non queren esmola, por iso solicitan permisos de traballo e tramitan os seus documentos a través dos sindicatos. Dese xeito o explicaba Ili Mani, senegalés que se adica á venda e pertence a CCOO, nunhas xornadas *Entrepobos* realizadas en Vigo recentemente. "O que queremos é traballar", di. Os senegaleses teñen a súa propia comunidade. Cando chega algun bótanlle unha man, deixándolle diñeiro ou poñéndolle en contacto con que lle poida proporcionar

traballo. Cando morre algun africano, os gastos son sufragados polos seus compañeiros. "E se non acadamos cartos de abondo aquí, chamamos á comunidade de Madrid para que completen o que falta", comentaba Ili Mani. No seu caso, o retorno a casa non é unha posibilidade. O seu traballo permítelle ir cada dous anos a visitar aos pais e enviarlle cartos cada mes. Como outros, está integrado socialmente na Galiza, góstalle a cidade e, tras acadar a legalidade, non quer dar marcha atrás. Se teñen fillos, a súa estancia na Galiza é definitiva.

Pero outros si queren voltar: traballar uns anos e retornar coa súa familia. "Estou cotizando unha parte, a da xubilación, que vou perder porque a miña idea é voltar a África", di o inmigrante da praia. Quéixanse de que os impostos son moi elevados e das poucas facilidades para facer pagos a prazos. Viven en pisos compartidos e, á dificultade que entraña formar unha familia cunha muller galega, engádesse a de ter que pagar unha vivenda só mentres agora a pagan entre catro e cinco. Proximamente abríase o cupo de permisos para persoas non comunitarias pero cada ano ofrece menos prazos. Os responsábeis sindicais sinalan a cantidade de inmigrantes que quedan na ilegalidade e cren que un talante aberto desde o Goberno podería solucionar moitos dos problemas desta comunidade. ◆

### Desvío de cen millóns á Secretaría Xeral de Comunicación

Unha modificación orzamentaria aprobada en Maio inclúe unha transferencia de creto por un importe de cen millóns de pesetas destinados distintas partidas da Secretaría Xeral de Comunicación. O destino final é detallado vagamente; a saber, dez millóns a "reunións e conferencias", vinte a "cobertura informativa", cinco a "outros traballos encomendados a outras empresas", e sesenta e cinco millóns a "outro inmaterializado inmaterial". O deputado nacionalista Xesus Vega interpelou á Xunta para que concrete o destino dos cartos. ◆


### A oposición crítica os cambios na TVG e denuncia máis control político

Aparentemente os nomeamentos na Compañía de Rádio e Televisión de Galiza non foron máis que unha reestruturación que busca mellorar a xestión ante un horizonte no que as novas tecnoloxías marcan as liñas para o futuro. O novo director da TVG, Anxo Quintanilla, máis un contábel que un xornalista, viría a reforzar estas teses, senón for porque o novo director de Informativos, Luis Pérez, carece de experiencia no medio. A oposición parlamentaria cre que a xustificación dos cambios en base a novos retos non abonda para explicalos, e considera que as verdadeiras razóns dos trocos están máis relacionadas con disputas internas no PP. A perda de influencia de Romal Beccaria explica o traslado de Arturo Maneiro da dirección da TVG á Rádio Galega. O BNG, ademais, denunciou que as modificacións no cadro directivo buscan afortalar o control político sobre os medios de comunicación públicos. ◆

### Oitavas Xornadas de Verán de Galiza Nova

Os días 8, 9, 10 e 11 de Agosto, Galiza nova, a organización xuvenil do BNG, celebra as súas Oitavas Xornadas de Verán, que nesta ocasión, e como mostra de apoio aos gobernos do Bloque no Morrazo, teñen como sede a vila de Bueu. Na edición actual, ademais das tradicionais actividades de convivencia xuvenil e coñecemento da zona, o tema central será a historia de Galiza, con conferencias, mesas redondas e charlas colóquio relativas ao pasado do país. Outras actividades, como unha festa popular, un vídeo forum, un roteiro ecolóxico e un obradoiro de deseño gráfico completan unhas Xornadas que son un intento por facilitar á mocidade, "por un prezo moi económico e con todos os gastos cubertos, uns días de vacacións que servan para intercambiar experiencias e coñecer algo máis o noso país". ◆





A. IGLESIAS

En liberdade despois de 19 anos de cárcere

## Casimiro Xil Arauxo

'Nós sabemos que o franquismo quería unha reforma á súa maneira'

⇨ MANUEL VEIGA

**O PASADO 12 DE XULLO SAIA DA PRISIÓN DE BONXE CASIMIRO XIL ARAUXO, DESPOIS DE DAZANOVE ANOS E MÉDIO DE CÁRCERE. NATURAL DE ARBO E MILITANTE DOS GRAPD, FORA CONDENADO POLO SECUESTRO DE ORIOL E VILLAESCUSA E POLO ATENTADO CONTRA UN GARDA CIVIL. NON LLE FOI APLICADA A AMNISTIA DE 1977, NEN A LIBERDADE CONDICIONAL POR CUMPRIMENTO DOS DOUS TERCIOS DA CONDEA. SOFRE SECUELAS FÍSICAS DA TORTURA E DAS 22 FOLGAS DE FAME NAS QUE PARTICIPOU.**

"O meu pai, Manuel Xil, participou nas eleccións de 1936. Era comunista e loitou polo Estatuto. Cando deron o golpe de Estado foron a por el". Así comeza Casimiro Xil Arauxo a contar a súa historia, que como se ve comezou antes de el mesmo nacer. "El ía con outros a voar con dinamita unha ponte de Arbo para que non pasasen os franquistas co arsenal militar para a fronte. Pero alguén traicionou e a el avisárono: *Manuel, non vaías que te están a agardar*. E agachouse até o 39. Ao ver que a guerra estaba perdida fuxiu a Portugal. Collérono os gardas portugueses e cando o traían liscou. Volveu a Portugal e estivo en contacto co maquis. Diso non sei moito porque sempre o tivo en secreto. Cando no coarenta e tantos Franco prometeu unha apertura, volveu pero collérono e íano fusilar, se non fose polo crego da parroquia, un

dos poucos honrados que había, que o defendeu. Metérono preso en San Simón e Pontevedra. Saiu libre no 46".

Casimiro Xil garda un monllo de follas escritas por seu pai, no tempo que estivo agachado. Descubríronas ao mover unha trabe na casa de Vilar de Caveiras. Moitas estaban destruídas polo tempo. O papel que usou foi o revés dun exemplar do Estatuto. A nai de Casimiro chamábase Felisa Arauxo González. Mentres o pai estivo escapado, a Garda Civil ía pola casa. "A aldea é moi bonita, no medio do monte, vese Portugal. Viñan e dábanlle coa culata diante dos seis fillos. Eu aínda non nacera, pero as miñas irmáns recórdano". Duas das nenas, hoxe mulleres case anciáns, recibíano o pasado 13 de Xullo na praza do mercado de Teis e estiveron ao seu carón todos estes anos.

### Emigrante na Argentina e primeira militancia

"Eu nacín no 49. Cando tiña dez anos morrono o meu pai e a miña nai, con seis meses de diferenza. O meu pai, antes de finar, deixou arranxado para que unha das miñas irmáns me levase para o Brasil, onde estaba emigrada. Aló estiven tres anos. Logo marchei para outra irmá, á Argentina e alí botei até os 18. Foi nesa época cando inicié a miña militancia política". Estamos no 64 e 65. Casimiro intégrase na Federación de Xuventudes Comunistas. "Eu era dos máis novos. Tiñamos un compañeiro que estivera en Rúsia con Stalin. Facíamos entramento de guerrilla e cousas así. O Che chegou a mandarnos unha carta. Xa estaba en Bolívia. Foi moi emocionante. Cando morreo choramos todos".

A meados do 68, Casimiro Xil regresa a Galiza por razóns familiares. "Tiñamos morriña, sobre todo eu que era o que menos tempo levaba alí". Na Argentina era pintor na industria do automóbil, pero "en Galiza os soldos era moi baixos. Fun traballar para Barcelona e logo a Ibiza de camareiro, onde se podía". Logo retornou a Vigo. "Empregueime nun hotel que había subindo para a estación. Daquelas empecei en *Organización Obreira*, con Abelardo Collazo e Hierro Chomón [dous históricos do Grapo, mortos anos despois pola policía]. Nas folgas do 72 detivéronme por primeira vez. Colléronme co aparato de propaganda da organización e reventáronme. Debía ter 20 ou 21 anos e acababa de rematar a mili. Leváronnos aos calabozos da Comisaría e da Secreta [da rua Luis Taboada]. A todos os polí-

ticos nos levaban alí. Cheguei á cadea de Príncipe en estado precomatoso. Os policías pensaron que me mataran. Aquelo estaba ateigado de xente do PC, da UPG, anarquistas... Algúns esposados aos radiadores. Con quen mellor me levaba era con Pedro, un da UPG, médico, de Pontearreas. Estiven alí dous meses. Acusábanme de preparar explosivos, aínda que non colleran nada. Eu neguei todo, non din nengun nome. Por iso me mallaran tanto. O xuíz non tiña nada e debeu ser por iso que me puxo en liberdade condicional. Os compañeiros non o crían. Como era o máis novo e estaba tan mal, colléranme aprécio. Pensaban que me ían fusilar".

### Disfrazado de suízo

Casimiro Xil estaba en liberdade, pero tiña o xuízo pendente.




"Podíame cair calqueira cousa, dependía da situación". Contaba cun irmán en Suíza, relacionado cunha organización de esquerdas. Varios dos seus membros decidiron sacalo do país. "Colléronme na Praza de España, puxéronme roupa suíza, até tiveren que tirar o relóxo". O xuízo estaba previsto que se celebrase o 24 de Abril de 1973 e o día 23 Xil Arauxo pasaba a fronteira por Barcelona, "disfarzado de suízo e con documentación falsa. Había moito ambiente, en todo o mundo, de solidariedade con España".

Desde Suíza tomou contacto coa organización que estaba en Francia. "Montamos un aparato de propaganda, faciamos un periódico: *Nouvelles de Espagne*. Pasabamos polo monte mochilas ategadas de propaganda. Aquí non había tecnoloxía para facer placas de multicopista. Había que traer todo. O Abelardo e máis eu cruzamos moitas veces os Pirineos. Xogámonos o pelexo cada dous por tres. Mexabamos sangue, os riles non podían despois de 30 quilómetros campo através con tanta carga, até que chegabamos a unha cidade onde nos collía un coche".

E chegou o verán de 1975. "Nesas datas o franquismo decidira aumentar a represión para amedonar ao movemento que había na rua e así poder facer a reforma á súa maneira. Esa é a explicación dos fusilamentos de Setembro daquel ano. Nós vimos iso e decidimos responder. Regresaron todos os da organización que estaban fora para facerlle frente, mesmo coas armas e así o fixemos".

Casimiro Xil viviu na clandestinidade, no interior, até que foi detido en Febreiro de 1977, catro meses antes das primeiras eleccións. Foi acusado de participar no secuestro de Oriol e Villaescusa e dun atentado contra a Garda Civil "en resposta ao dos avogados de Atocha. Nós sabíamos que desde o réxime se estaban a usar grupos deses [da extrema dereita] para atacar as manifestacións pola amnistía. Lembro a morte de Arturo Ruiz e doutros. O primeiro obxectivo do secuestro era político: denunciar a falsa reforma, o segundo conseguir a liberdade dos presos que quedaran dentro despois do indulto do 76. Oriol pertencía a unha das familias máis poderosas, dono da Talbot, accionista maioritario en Iberduero, dono do Banco Urquijo e ademais fora presidente do Consello de Estado con

Franco. Villaescusa era o segundo do exército, detrás de Gutiérrez Mellado. Suárez xa era presidente e nos queriamos presionar pola ruptura. O día 10 detivéronnos en Vallecas e liberaron aos secuestrados. Leváronme á Dirección Xeral de Seguridade que estaba na Porta do Sol. A situación política era explosiva. Tivéronnos 26 días. Os 16 primeiros a tortura seguido e a partir de aí a inxeccións, pomadas e pastillas. Non nos tiñamos de pe. Trataban de reanimarnos para que o xuíz nos vise en condicións máis dignas. A pesar diso chegamos a Carabanchel esnaquizados. Podería falar moito diso, pero aínda me resulta difícil recordar...".



A. IGLESÍAS

### 'Até os doce anos só puiden ver á miña filla através dun cristal'

"Os primeiros días todo me parecía extraño. Todo me agobiaba. Na cadea as cores, os espácos, os ruidos, son sempre iguais. Estaba na casa e tiña que saír á fiestra para respirar".

"Vigo está moi cambiado. Eu coñecía como a palma da man, pero agora hai moitos lugares nos que me perdo, sobre todo na periferia. A forma de vida aínda me extraña máis. É máis acelerada que antes. A xente non pensa máis que en comprar cousas. Vexo a todo o mundo moi ocupado por pequenas cousas".

"O caso do galego extrañoume moito. Pensei que coa reforma se falaría máis, pero ao saír vin que a situación non mellorou moito. Parece que imos para tras. En Vigo, no ambiente no que eu andaba

daquela, todos falabamos galego. Na miña familia falábase galego, pero agora xa non. A xente venme a falar e dirixese a min en castelán".

Casimiro Xil ten unha filla de 20 anos. "Durante os 12 primeiros só nos puidemos ver através dun cristal. Desde 1991 xa nos concederon bis a bis [fórmula do regulamento penitenciario que permite ao preso reunirse coa visita nunha sá], pero ela tiña medo a falar. A falta de contacto crea unha barreira. Aínda hoxe mírame con afecto, pero con timidez. Coida moito o que di. Teño que recuperar esa intimidación coa familia".

Cando lembra a cadea, Xil recorda sobre todo a droga que "corría polo cárcere como a auga e mata a rapaces intelixentes".

### Comezan as folgas de fame

En Outubro de 1977 produciuse a amnistía definitiva pero a Casimiro Xil e a varios dos seus compañeiros non lle foi aplicada. "Foi unha revancha. UCD e o PSOE fixeron unha trampa. Soltaron aos do PCE, aos de ETA, aos da ORT, pero a nós non". A transición vivíuna en 13 ou 14 cárceres. "Intentaban illarnos, espaxarnos. Facíanos a vida imposible para que nos arrepentíssemos. Nós respondíamos coas folgas de fame. Eu en concreto participei en 22. Duas veces acabei no hospital. Na de 1981-82 leváronme desde Herrera [de la Mancha] até a UVI do [hospital]

*La Paz* en estado precomatoso despois de 78 días sen comer. Crespo Galende morreu aos 90 días. O goberno cedeu e aceptou as nosas reivindicacións. Concedéronnos o estatuto de presos políticos e a reunificación. No 84 estábamos en Soria, xuntos e alí permanecemos até o 88, cando Mujica e Barrionuevo romperon os acordos e puxeron en práctica a dispersión dunha forma máis brutal que antes. Primeiro dispersáronnos de tres en tres, despois de un en un, espaxáronnos por Ceuta, Canarias, sitios así. En Decembro do 89 iniciamos outra folga de fame. Durou un ano, dous meses e oito días. Cando vian que estamos ao límite atábanos ás camas, entubábanos e reanimábanos, até que volvíamos a caer de novo. Nesa folga morreu Manuel Sevillano. Eles querían que quedásemos mal, pero non que morrésemos. Sevillano fóselles da man, moitos quedaron con lesións graves, irreversíbeis. Decidimos deixala porque a situación non era propicia, estaba a guerra do Golfo e quixemos evitar unha escabechina. Non conseguimos a reunificación, pero logramos que a xente coñecese a política socialista. Até o trato dos funcionarios mellorou, viron que non nos arrepentiamos, pero o obxectivo da reunificación segue, non renunciamos a el".

En 1990 Casimiro Xil foi trasladado para a prisión de Bonxe. A lei establece que unha vez cumpridas as tres cuartas partes da condena un preso ten dereito á liberdade condicional. "Pero a nós nunca nola aplicaron. De telo feito tería saído hai cinco anos". O 12 de Xullo de 1996 Casimiro cruzou as portas da cárcere de Bonxe, onde foi recibido por un grupo de compañeiros. Remataba unha reclusión de dazanove anos e medio.



## Pelourón de Ouro

Así titula Konstantiño Grap-hia a súa sección *Janela da Língua* do periódico *GRALHA*. "Na konzesión do Pelourón de Ouro, ke pró hano próximo debería korresponderlle há ASPG, ke por fin nabeja baixo pabillon de komenencia, ho iminente zentífiko Santamarina Merkante, fazendo hesivizión dunha kara ke xa kixera pra si ho hes-ministro iose Barionuevo, presentouse hen plan Jalizia mártir, koma si ho ILG fose hun koletibo marxinal de okupas, hinsumisos ou jays, he homitiu toda menzión ha un serbidor ke hé o pai do jendello. Hestou ke fumo hen pipa. Hinbentassles hunha jrafia, poslles hun piso no zentro da kapital, harrekadaslles subenzions, volsas, leitorados hen hunibersidades hestranxeiras, hasejurassles ha bidiña ko monopolio da tabakaleira liñjuistika, montassles ho chirinjito, he mira ho pajo ke lebas. Ho ke nom bibe de hensinar ha miña jrafia, bibe de korrektor hou traduktor he ken non ten ho seu cholliño he porke non kixo. ¡Kria korbos e teras hun ILG! Koma ajora os korbos ban de eroiko Mobimento de Resistenzia, ho Patriarka das Letras Jalejas sumouse hó hako koma prejoero para darlles ha bendición papal he reklam ha supresión do CIL Moncho Pinillos he ha hesklusiba sukzión de pirajua pró ILG. Heiki koma te deskoides rouvanche ho vote das propinas".

## A máis multitudinaria

ATLANTICO DIARIO sinala que a Procesión do Cristo de Vigo é a máis multitudinaria de Galiza e celebra que dese xuntado 150.000 persoas. "A de onte foi unha das procesións máis multitudinarias de que se teña lembranza. Un abrete grisal-lo fixo, se cadra, que fosen moitos máis os devotos que acompañaron o Cristo da Vitoria no día grande da súa festividade. Coas beirarruas pechadas ao tránsito, o centro da cidade, cos corredores adornados coa bandeira española, viveu unha

peregrinación constante de fi-deis cos tradicionais círios, As sete e meia malladas, ao tempo que a banda de música da *Brigada Ligera Aerotransportable (Brilat)* interpretaba o *Himno Nacional* e repicaban os sinos na Colexiata, o Cristo partía pola Rua Real cara ao Berbés. No adro da Catedral facían espera paciente as numerosas autoridade civis e militares. Dúcias de mozas e mozos vestidos cos *trajes regionales* levaban ramos e patelas con flores que despois serían deitados aos pés do Cristo. O presidente da Asociación da Prensa de Vigo, Fernando Ramos, foi encargado de portar o estandarte, xunto dos xornalistas Xosé Vázquez e Martínez Herrera". O xornal alébase de a procesión ter recuperado "a tradición dos maceiros".



Deng Xiaoping.

## Función estratéxica da saúde

"A saúde dun líder político é asunto de primeira importancia estratéxica e a de Ieltsin é unha das que máis preocupan á *Axencia Central de Espionaxe (CIA)*", escribe Melinda Liu no semanario *NEWSWEEK*. "A CIA mantén un *Gabinete de Saúde de Persoas Importantes*, que conta cun médico de medicina xeral e un psiquiatra. O máis vello paciente deste departamento é con toda seguridade Deng Xiaoping, que ten 91 anos e leva renteando a morte máis tempo que Francisco Franco, outro resistente mítico. Durante a Guerra Fria, os espías empregaron toda clase de trucos suxos para informarse da saúde dos xefes de Estado extranxeiros. Un deles foi a vella andrómena da cisterna, que consistía en desviar o que os presidentes libraban no trono para analízalo. Dinque a CIA investigou por este procedemento a Gorbachov e a Fernando Marcos cando visitaron Estados Unidos, pero non tirou nada en limpo. Hoxendia a tecnoloxía do refugallo está en decadencia. Cunha curta conversa da equipa de Ieltsin intervida pola CIA durante a campaña, souberon todo sobre a saúde do Presidente".



O BNG esixe unha lexislación que garanta a súa recuperación para uso público

## A privatización ameaza os Bens de Interese Cultural propiedade de Defensa

✦ PAULA BERGANTIÑOS

Galiza é unha das zonas do Estado máis afectadas pola posta á venda de instalacións das Forzas Armadas. O BNG ven de presentar no Congreso dos Deputados unha Proposición de Lei na que se esixe a conservación como Patrimonio do Estado das propiedades do Ministerio de Defensa declaradas *Bens de Interese Cultural* (BIC) e dos espazos naturais merecedores de protección pola súa importancia ecolóxica. Para a formación nacionalista é prioritario que estas propiedades sexan transferidas ás Comunidades Autónomas ou aos Concellos para proceder a súa restauración, conservación e uso civil.



Aspecto do interior do cuartel do Barreiro (Vigo) cun grupo de okupas. Está en marcha un proxecto de urbanización, en tanto que o veciños solicitan a súa conversión en parque.

Actualmente moitos destes edificios sofren un serio deterioro ao permañecer sen uso, sen reparación e sen protección. Segundo a formación nacionalista "estas propiedades de grande valor non só paisaxístico, senón mesmo histórico-artístico e de utilidade social, levan o camiño de pasaren a mans privadas e convertírense nun simple produto da especulación urbanística".

A lexislación vixente non garante que os bens de valor histórico e artístico e espazos naturais de interese ecolóxico e paisaxístico non sexan privatizados. Tampouco asegura que sexan as comunidades Autónomas ou os Concellos os que se beneficien do seu adecuamento para usos sociais e públicos. Segundo Francisco Rodríguez, deputado do BNG no Congreso, "é inxusto para as administracións locais e autonómicas e impróprio dun Estado que presume de protexer o seu patrimonio histórico-cultural e ecolóxico pretender vender bens que

deben permañecer como públicos, coa debida protección e afectadas por usos de disfrute social colectivo que non os deterioren".

### Subasta de edificios

Perante a denuncia do BNG do paso a subasta pública de edificios como o Castelo de San Felipe en Ferrol —construído en sucesivas fases entre os séculos XI e o XVII— ou o mosteiro de Montefaro no Concello de Ares o Ministro de Defensa, Serra Rexach, asegurou que o seu departamento ía "intentar respetar ao máximo os intereses culturais". Sen embargo matizou que xa existe unha lexislación de protección dos BIC, que non depende de Defensa. Serra Rexach incluíu na súa resposta unha felicitación ao Estado Español por ser "unha primeira potencia mundial en patrimonio cultural". Segundo el "é de xustiza recoñecer que moitísimos dos bens do Patrimonio Cultural están nun magnífico estado de conservación por estar

coidado das Forzas Armadas".

A Coruña e a provincia que conta con máis edificios militares en estado de abandono e a espera de ser privatizados. No ano 1994 o BNG esixiu a través nunha Proposición non de Lei unha solución urxente para a o Castelo de San Felipe (Ferrol), o da Palma (Mugardos), o Mosteiro de Montefaro (Ares) e outras construcións desafectadas militarmente. Esta petición facíase logo de que o Parlamento Galego aprobara tres anos antes solicitar do Ministerio de Defensa a "inmediata paralización das posibles subastas de terreos e propiedades no seu día utilizados para fins de defensa" e a negociación "dun plano global que permita a recuperación destes edificios e propiedades para fins públicos". Segundo Francisco Rodríguez o feito de que este patrimonio non sexa propiedade privada polo de agora débese a que "agás en casos illados, afortunadamente Defensa aínda non topou compradores". ♦



## Funcionários de primeira

Van conxelar o salario dos traballadores da Administración. Tamén pensan reducir funcionarios e persoal laboral. Ditouse sentenza e levantouse a veda. Xa temos convitos e confesos aos culpábeis do desastre económico e a ruína moral do Estado. Agora só queda ilesos rematando pouco a pouco. Facelos sufrir por tantos anos de seguridade laboral, de colos brancos, de polizas para os montepios, de instancias fora de prazo, de *vuelva usted mañana* e de *en esta ventanilla no es y hableme en castellano*. A venganza está servida e excusanse peticións de indulto.

Os responsábeis de executar o descabello, non podían ser máis toureiros. Xentes de farándula e con experiencia en toda clase de menesteres. Os servidores públicos que veñen, difíren anos luz dos trasnoitados aqueles que un podían atoparse ante unha Olivetti anos coarenta, zafándose cun triplicado exemplar. Os últimos nomeados por Fraga así o proban.

Alfredo Sánchez Carro, é o flamante Director Xeral da Policía Autonómica. No seu curriculum para obter a praza, figura como determinante o suceso da monteira da Serra dos Ancares. Aquel día o señor Carro foi pillado por un reporteiro gráfico dobrando o espiñazo para atarlle as botas a un dos cazadores que resultou chamarse Fraga. Tal proceder motiva que hoxe, un home que non se baixa ante ninguén, teña o mando sobre a tropa uniformada dos *maderos* autóctonos.

Outra das recentes adquisicións, apta para o servizo aos administrados galegos é Xacobo Pérez. O *cabo maravillas* da TVG é agora o Xefe de Gabinete da Secretaria para o Deporte. A súa experiencia no *mentireiro verdadeiro* do Supermartes, disipa calquera dúbida sobre a valía e dotes para exercer con alegría e *desparpajo* o rango de alto mandatario do deporte galego. Os resultados veremolos en Sidney.

Fronte a estes modelos do que vai imperar na Función Pública, nada teñen que facer individuos obsoletos, como por exemplo o funcionario Xosema Ribeira. Levá dez anos nun posto base do escalafón administrativo, soporta uns quince puntos de poder adquisitivo perdido, evacua mensualmente dúcias de informes e expedientes que despois non se tramitan por inoperancia política, acude pontualmente a todas as citas con sabor nacionalista e reivindicativo, para rematar a faena cun cumprimento escrupuloso da lexislación vixente que ao fin e ao cabo é polo que cobra.

Nalgun outro País onde impera a verdade da razón e a defensa da liberdade como fin conquistado, Xosema Ribeira tería tratamento de cidadán exemplar, mentras aquí non pasa de ser un elemento a conxelar ou exterminar. ♦

### O FARDEL DA MEMORIA


## O Señor Afránio

ou como me rispei das gadoupas da morte  
Memórias dun fuxido

ANTON ALONSO RIOS

Prólogos de X. M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez e Bieito Alonso

A épica fuxida polos montes do Sul de Galiza, do deputado agrario e galeguista Antón Alonso Rios, disfrazado de probe e co nome e a personalidade inventada de Afránio de Amaral. Unha peza maxistral da literatura de testemuño que amosa a conciencia dun tempo de guerra e dór.



## PRESENTACIÓN EN PONTEVEDRA

DE  
"VIDA, PAIXÓN E MORTE DE  
ALEXANDRE BÓVEDA"

MARTES 13 DE AGOSTO AS 20 HORAS  
NA AULA DE CULTURA DE CAIXA GALICIA  
COA INTERVENCIÓN DE

XOSÉ CASTRO RATON

SECRETARIO DA FUNDACION A. BÓVEDA

BAUTISTA ÁLVEZ

DEPUTADO DO BNG E VICEPRESIDENTE DO

PARLAMENTO GALEGO

ALFONSO ÁLVEZ CACCAMO

ESCRITOR E PROLOGUISTA DA EDICIÓN

ALFONSO EIRÉ


DIRECTOR DE A NOSA TERRA

## Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda

XERARDO ÁLVEZ GALLEGO

Prólogos de Xosé Sesto e Alfonso Álvarez Caccamo

Biografía apaixonada dun dirixente clave do nacionalismo galego na República. A 60 anos do fusilamento de Bóveda, recupérase un texto, escrito con pulso espléndido por un xornalista que viviu de cerca o Consello de Guerra, e que el mesmo tivo que fuxir para morrer no exilio.





## COMARCAS

## O concello de Vigo queima plástico da recollida selectiva no vertedeiro comun do Zondal

◆ A.E.

Numerosas pacas de plástico foron descubertas no vertedeiro vigués do Zondal, onde ao parecer son arroxadas polo servizo de limpeza, interrompindo así o ciclo da recollida selectiva de lixo. Unha parte do mencionado vertedeiro fora selada durante a anterior legislatura despois de numerosas protestas veciñais. Outro sector foi destinado a materiais inertes. Sen embargo, nos últimos meses está a recibir residuos de industrias conserveiras, aceites e plásticos da recollida selectiva.

O concello de Vigo anula así, de feito, o proceso de recollida selectiva de papel, vidro e plásticos, posta en marcha pola anterior corporación. Fontes da oposición criticaron tamén a desatención das demandas dos veciños de numerosas ruas que teñen solicitado a ampliación dos puntos de recollida selectiva. Desde a chegada do Partido Popular ao goberno municipal non se instalou máis illas de recollida e moitas das existentes encóntranse colmadas ao non valerse desde hai meses.

O plano de reciclaxe iniciado co goberno tripartido consideraba a utilización da recollida selectiva para a provisión e desenrolo da industria do papel.

Por outra parte, o actual goberno vigués non pechou aínda a empacadora instalada no barrio de Teis e que suscitara unha grande polémica no seu día. O PP, daquela na oposición, prometera o seu cerre, pero aínda non existe data para o mesmo, nen é coñecido o lugar que serviría de alternativa. ◆



Aspecto do vertedeiro do Zondal.

O PP perdeu o goberno local nas últimas eleccións

## Paradas desde hai un ano as obras da Xunta no centro social de Foz

O goberno municipal do concello de Foz e a asociación de xubilados *Santiago de Foz* están recollendo sinaturas para que a Xunta "non nos marxine". A razón é o abandono dunha obra comezada co anterior goberno local do PP e que agora a Xunta di non ter cartos para rematar. O centro social, un edificio de varios pisos, é unha obra morta desde Outubro de 1995, cando se paralizou. A nova corporación local, cuxo alcalde, Xosé García Rivera pertence ao PSOE e goberna apoiado polo BNG, leva solicitado respostas da Xunta pero até agora, afirma, "só atopo silencio".

Desde o primeiro de Agosto, unha pancarta de once metros

pendura das obras do centro social. Foi colocada a iniciativa do concello e nela se pode ler *Xustiza para os xubilados de Foz*. A construción do chamado Centro Socio-Cultural para Xuventude e Terceira Idade obedece a un convenio asinado co anterior goberno municipal, presidido por Manuel Neira Rodríguez. A consellaría de Familia aportou 35 millóns e a de Sanidade 11, cantidades que viñan sendo a metade do orzamento necesario e que cumpría coas catro primeiras fases do edificio. Rematadas estas obras, non hai novo convenio máis que o concello levou adiante xestións para acadar os cartos. A última, o 4 de Xullo, cando García Rivera se dirixiu a Manuel Fraga des-

pois da chegada dunha denegación oficial que argumentaba limitacións presupostárias. "Hai un ano xa que me reunin con Manuel Fraga para comentarlle o paro das obras e me respondeu que *se a Xunta comeza unhas obras sempre as remata*. Confiei nel e sigo confiando até que reciba a resposta á última solicitude que lle envié", di Xosé García Riveira que quere evitar pensar que a paralización ten que ver co signo político do concello.

"Noutros concellos estas obras están sendo rematadas. Non se poden deixar un ano paradas porque a proximidade do mar estragaas. Os veciños xubilados andan a preguntarme constante-

mente cando se rematan. A Xunta ten que entender que o concello non pode facer fronte aos 42 millóns que faltan", comenta o alcalde. A recollida de sinaturas que levan a cabo conxuntamente os xubilados e o concello culminará coa súa entrega na consellaría de Presidencia en Setembro. Até agora, levan reunidas máis de dúas mil. "É unha obra moi importante para un concello como Foz, que ten perto de dez mil habitantes, de abondo para contar cun centro social. Non é de xustiza que se invistan cantidades maiores en concellos máis pequenos só porque están gobernados polo PP", comenta o concelleiro de Servizos Sociais, o nacionalista Francisco Teixeira. ◆

## A Xunta apoia a Enagás e non aos veciños no trazado do gaseoducto

O trazado do gaseoducto Vilalba-Tui foi elaborado por técnicos da empresa concesionaria da explotación, *Enagás*, desde o despacho e sen traballo de campo e información procedente de concellos e veciños afectados, denunciou o Consello Comarcal do BNG de Pontevedra, que citou como evidencia deste feito a inclusión de numerosos erros e o uso dunha planimetría anticuada. Ademais, o trazado discorre en grande parte pola denominada "depresión meridiana Padrón-Tui", unha zona densamente povoada de grande potencialidade agrícola e urbanística.

Ante un trazado que limita o desenvolvemento dun feixe de núcleos rurais, ao limitar zonas edificábeis e inutilizar terras de uso agrícola, foron constituídas varias Coordinadoras de Veciños Afectados, que propuxeron trazados alternativos avalados por informes técnicos. A atitude de *Enagás*, denuncia o Bloque, foi a de negarse a manter o diálogo solicitado e consistiu en impor o trazado orixinal, mesmo ignorando as alegacións e recursos dos pleños dos concellos de Caldas, Barro e Vilaboa, estes dous últimos gobernados polo Partido Popular. Ante esta situación, a Xunta non fixo máis que avala a postura de *Enagás*. A denuncia pública apresentada agora insta a *Enagás* e á Consellaría de Industria e negociar con veciños e concellos afectados un novo trazado do gaseoducto. ◆



Luis Abelleira.

## Manifesto na defensa da Cruz Vermella de Lugo

Organizacións xuvenis, veciñais, políticas e sindicais da provincia de Lugo asinaron un manifesto conxunto para "demandar e exixir responsabilidades sobre o funcionamento anómalo e irregular do Comité Provincial da Cruz Vermella de Lugo", cuxo presidente, Luis Abelleira, foi denunciado por numerosas prácticas irregulares na Institución. En Lugo era *vox populi* o xeito de gobernar de Abelleira, pero foi o despedimento da Secretaría Provincial, Ana Fernández Santos, o detonante que fixo saltar aos medios de comunicación o xeito de proceder da dirección provincial da Cruz Vermella. O PP, forza coa que está relacionado Abelleira, non apoiou o manifesto. ◆



## TEMPO SINDICAL

## A FORMACIÓN PROFESIONAL DE PARADOS

XESUS G. BOAN

A formación profesional dirixida aos homes e mulleres que están no paro é un área de traballo que plantea importantes retos no tocantes a un deseño racional que permita programación temporalizadas útiles. No contexto que estamos a falar definimos a utilidade como a capacidade teórica, práctica e instrumental que posibilite poder optar con éxito a un posto de traballo unha vez finalizada a acción formativa seguida polo traballador ou traballadora.

Non cabe dúbida de que por moito aproveitamento que se lle saque aos cursos de formación, a última palabra teñenna os empresarios que ofertan postos de traballo. De non haber ofertas de emprego, é obvio que non haberá inserción laboral.

Unha grave eiva, non facilmente solucionábel, é a carencia de datos fiables e actualizados no que atinxe ás ofertas e demandas de inserción laboral. A valoración dos cursos que anualmente se fai en cada unha das provincias galegas non é satisfactoria por varias razóns: utilízase a provincia como referencia xeográfica, fai-se sobre datos pasados, ignora as carencias de formación básica e non ten en conta a formación instrumental.

O marco xeográfico das necesidades formativas é moi importante para que a oferta sexa eficaz. A dispersión da poboación e a heteroxénea distribución territorial das ofertas de traballo invalidan o marco de referencia provincial a non ser que se desvíe para gastos de desprazamentos, manutención e aloxamento unha significativa cantidade que haberá que detraer do destinado ás accións formativas propiamente ditas.

Ao mesmo tempo non é posíbel realizar, na inmensa maioría dos casos, as accións formativas nos mesmos lugares onde se efectúa a demanda. As infraestruturas que posibilitarían esta solución quedarían sen uso nun prazo de tempo moi curto co que o gasto económico e social non sería asumíbel.

Unicamente unha comarcalización da oferta formativa, feita en función dunha oferta tamén comarcalizada de postos de traballo, podería dar saída coherente e

económicamente asumíbel ao problema da dispersión poboacional.

Nesta mesma liña bota-se en falla un Mapa Nacional de Ordenación do Territorio, no que se contemplan unhas directrices básicas de industrialización, comercialización e distribución co establecemento de puntos nodais de referencia. Non estamos a falar de "Planificación Económica" global nen de "Plans Quinquenais", entenda-se ben, senón de ubicación racional das estruturas básicas, das que non son un exemplo a seguir a indiscriminada proliferación de axeitamentos de terreos para usos industriais e comerciais.

Polo que respecta á prospectiva laboral, necesaria para unha óptima sincronización entre demanda de emprego e oferta formativa, non é moi doada de realizar xa que as necesidades do mercado laboral son cambiantes e as empresas son reacias a informar de necesidades de persoal a medio e longo prazo por considerar-se que estos datos poden "alertar" á competencia sobre as intencións de expansión industrial ou comercial. Recoñecendo este feito, que obriga a traballar sobre datos pasados, si serían útiles estudos sobre tendencias do mercado de traballo sectorializados e comarcalizados.

Na valoración e por tanto priorización das accións formativas, non se ten en conta a necesidade de formación instrumental básica que por si mesma non capacita para o emprego inmediato, pero que se considera como parte dos coñecementos básicos que se lle presupoñen aos traballadores. Por poñer un exemplo: a informática no nivel de usuario básico está sendo a cada peor valorada polas comisións provinciais. É certo que o saber utilizar follas de cálculo, bases de datos e tratamentos de texto non dá hoxe "acceso directo" a un posto de traballo, pero tamén é certo que en moitos casos é un bagaxe de coñecementos que incrementa notabelmente as posibilidades de éxito na demanda de emprego. ♦

XESUS RAMON GONZALEZ BOAN é Secretario Confederal de Formación Profesional da CIG

## Educación privada

MANUEL CAO

O actual goberno da Moncloa demostra ser bastante favorábel ao ensino privado sexa este nos niveis de preescolar, básico, secundario e universitario. O apoio da coalición CIU e do PNV supón unha aposta aínda máis clara sobre a participación privada no sistema educativo. Isto é así debido á vitalidade e autonomía da sociedade civil catalana e vasca que foron capaces de artellar e manter institucións culturais e educativas privadas que mantiveron a súa lingua e cultura e funcionaban con criterios máis democráticos. Para estas sociedades a influencia estatal en materia educativa era a vía de asimilación cultural e lingüística ao tempo que non suministraba unha calidade do ensino suficiente para non perder o ritmo do desenvolvemento científico e tecnolóxico. Non é entón estrano que estas organizacións nacionalistas apoiaran con entusiasmo a privatización do ensino nun contexto aínda máis favorable por ter xa as CCAA históricas as principais competencias en materia educativa. No resto do Estado as tendencias privatizadoras son apoiadas por institucións sociais e económicas que se ven capacitadas para prestar este servizo e acadar beneficios ao tempo que insuflan nos discentes ideas relixiosas, políticas ou económicas de tipo elitista e individualista.



‘O nacionalismo podería pensar na maneira de crear ou influír sobre institucións privadas galegas’

Non hai que enganarse e mirar só os aspectos negativos da privatización do ensino, pois existen elementos positivos como é a maior flexibilidade e adaptabilidade dos estudos á realidade económica, cultural e tecnolóxica do mundo actual. A esclerosis e desmotivación do ensino público é desgraciadamente unha evidencia. Iso sí, non hai por qué esperar que a flexibilidade do ensino privado favoreza o desenvolvemento económico, tamén pode suceder o contrario. Nos países latinoamericanos o predomínio do ensino privado ten, sobre todo, efectos negativos, mentras noutros países non ocorre así. No Estado español o ensino privado pode ter certo interese e utilidade nas áreas máis industrializadas, mentres que nas menos desenvolvidas a falta de ensino público pode sumir a esas sociedades nun esmorecemento do capital humano, na creación de escolas para minorías da elite dirixente e nunha maior desigualdade de oportunidades para os colectivos menos favorecidos.

Para Galiza, a desactivación do ensino público terá, no curto prazo, efectos moi negativos dada a febleza da sociedade civil para crear institucións educativas alternativas. Realmente, a nosa posición neste punto é bastante complicada pois, aínda se o modelo actual non é envexabel, non hai razóns para esperar que o novo sistema nos interese máis. Se triunfan as políticas privatizadoras o nacionalismo terá que deseñar a política a seguir. Non ha de limitarse á simple oposición, senón que se podería pensar na maneira de crear, apoiar ou influír sobre institucións privadas galegas de prestixio que, dalgún xeito, deberían competir con éxito no mercado educativo demostrando, así, que o nacionalismo tamén é capaz de alentar, soste ou construír iniciativas serias, sólidas e autónomas que poidan ser útiles e rendíbeis para o noso povo. Ao tempo haberá que proseguir na reforma da xestión e mellora da calidade do ensino público para frenar o seu deterioro. ♦

## Novo libro


NÓIS | OIS | GALEGOS

## O pobo oculto

Pobreza e acción social en Galicia

RAMON MUÑIZ DE LAS CUEVAS

Ramón Muñiz propón neste libro propostas sociais inmediatas para aquela pobreza relacionada coas desigualdades coas desigualdades sociais que xera o sistema capitalista. É unha aposta por aqueles que son expulsados do proceso productivo, por innecesario na implacábel lóxica capitalista da competitividade de acadar a maior produtividade posíbel, incrementada agora con meios tecnolóxicos substitutos da man de obra.



EDICIONS  
A NOSA TERRA




## O líder do PP lugués reclama ante o Constitucional "por indefensión" Cacharro Pardo recusa a segunda senténcia que obriga á Deputación a redistribuir o canon eléctrico

◆ G. LUCA

Cacharro Pardo recusa por segunda vez unha senténcia xudicial que obriga á Deputación de Lugo a dividir o canon eléctrico cos concellos. O líder do PP lugués di que foi violado o artigo 24 da Constitución (que garante o dereito universal á xustiza) e asegura que confía no Tribunal Constitucional.

O presidente da Deputación de Lugo criticara a senténcia pronunciada hai dous anos polo Tribunal Superior de Xustiza da Galiza (TSXG) que obrigaba á Deputación a redistribuir o canon eléctrico e que non é iso o que se desprende do fallo do TSXG e do auto do Supremo. O Goberno provincial explica que "a falta de motivos que alega [a senténcia do Supremo], carece de fundamento tal e como se pode apreciar nos escritos de alegacións que a Deputación apresentou perante os tribunais".



Cacharro Pardo.

A Deputación insiste en que non é certo que teña que redistribuir 2.400 millóns de pesetas entre os concellos afectados polo canon eléctrico e que non é iso o que se desprende do fallo do TSXG e do auto do Supremo. O Goberno provincial explica que "a falta de motivos que alega [a senténcia do Supremo], carece de fundamento tal e como se pode apreciar nos escritos de alegacións que a Deputación apresentou perante os tribunais".

### Xa fora repartido

Ao anunciarse o fallo do TSXG,

o 26 de Decembro de 1994, Francisco Cacharro desatorizou públicamente á sala que preside o maxistrado Gonzalo de la Huerza Fidalgo. "Non é a primeira vez que Madrid revoca senténcias desa sala -dixo o Presidente-; nen é a primeira nen espero que sexa a última". Na contrariedade do fallo, Cacharro empregou a ironía contra os xuíces e dixo que a senténcia esquece un feito fundamental: que a Deputación por el presidida xa administrara en obras e investimentos o canon eléctrico sobre os concellos que tiñan a ousadía de reclamar a súa parte.

Tanto na alporizada roda de prensa de Setembro do 94 como no comunicado que ven de publicar co gallo da recusación do Supremo, o presidente da Deputación esquece que o TSXG non fixera outra cousa que trasladar a doutrina do Supremo sobre o reparto do canon. A historia do canon eléctrico comezara coa publicación da Lei de 25 de Marzo do 1981 que establecía o dereito dos concellos con centrais de produción nas súas demarcacións, a percibir unha parte do prezo medio do quilovatio. Do total recibido

por cada deputación, o 50,1 por cento debe ser para os concellos directamente afectados. Este criterio fora aplicado pola Deputación da Coruña despois de senténcia do TSXG a unha reclamación de varios concellos encabezados polo d'As Pontes.

Os nacionalistas de Chantada Nova que reclamaran da Deputación o pago do Canon, acordaron solicitar un pleno extraordinario do Concello para esixir firmeza do Goberno local do PP na reclamación do canon. "A senténcia do TSXG xa nos daba a razón -sinalou o ex-alcalde Manuel Anxo Taboada, de Chantada Nova- e o Supremo dánola tamén ao recusar o recurso de casación da Deputación. O recurso de amparo non cabe neste caso que como a reclamación anterior ten un obxectivo dilatorio por parte do presidente da Deputación". O ex-alcalde precisou que ao non ter reclamado o canon nengun outro concello, o 50,1 da imposición da Facenda sobre a enerxía debe corresponder ao de Chantada que iniciara o contencioso sobre a metade do canon de Bellesar que a Deputación cobrou entre 1981 e 1985. ◆

### Uniformidade ideolóxica en CaixaVigo

Dos 30 nomes designados polo concello de Vigo para a dirección da entidade crediticia que leva o nome da cidade, 29 foron eleitos polo PP. O número 30 debería ser escollido através dun acordo da oposición, formada polo PSOE e o BNG, que, ante a magra representación concedida, optaron por renunciar a ela. A lista do Partido Popular está maioritariamente integrada por empresarios, segundo explicou Manuel Pérez, "co obxectivo de despolitizar ao máximo a entidade". Para o portavoz nacionalista Lois Castrillo, sen embargo "o alcalde demostrou que apenas ten autonomía política fronte á Caixa", posto que "a lista do concello é en realidade a de Xulio Gaioso [director xeral]". Após desta renovación, desaparecen dos órganos de dirección da entidade os representantes sociais e sindicais, cuxa entrada fora propiciada polo anterior goberno tripartito. ◆

### Galiza triplica a media da UE en paro feminino de longa duración

Segundo un estudo de CCOO sobre a evolución do emprego feminino en Galiza durante 1995, sete de cada dez mulleres en paro están sen traballo desde hai máis dun ano. Nesta situación atópanse concretamente 74.600 das 105.800 paradas galegas, o que supón triplicar a media de paradas de longa duración da Unión Europea. A análise tamén revela que só o 20% das mulleres permanece menos de seis meses sen traballar, mentras que o 10% non atopan emprego antes do medio ano. En opinión do sindicato a gravidade do paro feminino en Galiza conleva o esgotamento das prestacións básicas, cun tope máximo de dous anos, o alonxamento da actividade produtiva ou a falla de cualificación. ◆

### A CIG convocará mobilizacións se a Xunta conxela os salarios dos funcionarios

Os empregados públicos en Galiza perderon doce puntos de poder adquisitivo desde o ano 93. Ante a decisión do Goberno Central de extender a conxelación salarial dos empregados públicos do Estado aos das Comunidades Autónomas a CIG reclamou unha reunión urxente da Mesa Xeral de Negociación da Xunta. A central sindical proporá ao resto dos sindicatos a creación dunha mesa na defensa da administración pública galega e non descarta a posibilidade de convocar mobilizacións se non hai unha suba de soldos o vindeiro ano. O conselleiro de presidencia Dositeo Rodríguez xa adiantou que a medida do Goberno Central vai ser de obrigado cumprimento. ◆

MANUEL MERA

## De pé 12 horas diárias

Despois de recorrer Ferrol e Fene con varios compañeiros da CIG e Justo Villamil, membro da Comisión Executiva da Central de Traballadores de Cuba, decidimos sentarnos a tomar algún refresco nun bar da cidade departamental. Achegouse unha camareira para preguntarnos que queríamos, era coñecida dos compañeiros que vivían na cidade que comenzaron a falar con ela sobre diversos temas, logo de que nos servise a consumición e dado que había pouca clientela.

Era unha rapaza nova, aínda que non sabería dicir que idade tiña, xa que se notaba nela que o traballo cansa, máxime cando é en exceso. Falounos de que estaba derreada, que levaba seis horas de traballo e quedábanlle outras tantas, que lle doían os pes, xa que a dona non os deixaba sentar en ningún momento, e que miraba con ciúmes como o resto da xente disfrutaba do fin de semana. Falaba decote en castelán, pero de cando en vez escapábaselle con naturalidade un galego mamado na nenez. Mentras escoitaba vin pasar ante min aos 200 mil parados buscando un emprego. Dos 500 mil que o teñen o 35% son eventuais e varios miles teñen contratos basura, por non falar dos que están en precario ou do peche anunciado de Santa Bárbara, do desmantelamento do naval e do sector pesqueiro e leiteiro... Pensei nos miles de coches de dez millóns,

nas casas fin de semana, nos viaxes turísticos de luxo, no medre dos beneficios da gran banca, nos 350 homes máis ricos do mundo que acumulan tanto capital como diñeiro gaña o 45% da humanidade...

O amigo cubano pode que matínase que neste país que ten tanto marisco e paisaxes tan bonitas, hai unha grande dose de inxustiza e distribución inadecuada da riqueza. E non se traba, aínda que estea moitas veces agachada no guetto da aldea esquecida, no bairro semi-rural das cidades ou na casa vella e nunca reparada do centro urbano. Esta moza é un exemplo, como tantos miles, do difícil que lles resulta a moitos galegos gañar o pan, encerrar o futuro a medida que avanzamos no proxecto de "modernización e competitividade" que predica a Unión Europea e seguen con fidelidade de cregos Aznar, Fraga e compañía. Para eles son teorías, debates, votos... Para esta camareira, coma antes para os nosos emigrantes, sacrificio e envellecemento prematuro. Así é o paraíso do outro lado do cerco imposto pola Lei Helms Burton a un pequeno país que loita pola xustiza e soberanía. Non hai dúbida de que banda está o "império de Satán" do que tanto lle gostaba falar a Reagan, aínda que estea construído a base de cinismo e dos máis avanzados medios técnicos. ◆

A NOSA TERRA  
infantil

Complétase  
a colección  
de A Nosa Historia Infantil  
de Pepe Carreiro





O alcalde da Coruña fai un chamamento aos veciños para recuperar a "tradición"

## De correr os touros ás corridas de Jesulín

♦ A. ESTÉVEZ

"Qué lastima de bois", dicía o velliño de Castelao, ala polos anos trinta diante dun cartel que anunciaba unha corrida de touros en Compostela. O verán deste ano tamén trouxo as corridas con forza a Galiza.

O concello da Coruña patrocinou nun intento de recuperar "a tradición", grandes estrelas chegaron a Pontevedra e o concello de Vigo lanzou a noticia da instalación dunha praza en Vigo. Para os colectivos ecoloxistas a afeición taurina aínda non é preocupante pero algúns membros de Adegas repartiron 1600 panfletos en contra deste espectáculo na Coruña por consideralo, ademais de cruel, importado da peor tradición española.

Son estes mesmos mozos os que queren forman unha plataforma anti taumáquia pero sinalan que o ecoloxismo na Galiza considera que o mellor xeito de combater este espectáculo é obviádo. Non pensaron o mesmo os veciños do barrio de San Andrés de Comesaña de Vigo cando o Goberno municipal anunciou hai semanas a instalación dunha praza portátil nun campo de fútbol. Axiña o tema quedou parado polas protestas que se adiviñaban por parte dos ecoloxistas e dos membros da asociación de veciños ademais da dinámica de anuncios que o PP de Vigo fai públicos sen que despois teñan consecuencias. O anuncio, sen embargo, foi recollido por medios de comunicación locais, chegando incluso á crítica á Xunta por non aportar cartos para esta iniciativa.

Pero se os cartos da Xunta non sufragan touros, os dos concellos sí. Os panfletos que os mozos de Adegas repartiron entre os veciños da Coruña lembraban as torturas que sofren os touros, que non se limitan só a unha morte cruel senon que comezan horas antes a través de sedantes e de ser aguiloados para saír á praza. Lembraban os ecoloxistas, que repartiron os folletos diante de *El Corte Inglés*, empresa que patrocina os actos xunto ao concello, que é un espectáculo importado co que a crueldade é dobre pola súa innecesaria implantación no país. Os tres días de feira taurina no Coliseo da Coruña precisan dun forte orzamento que, no caso do concello, inclúese dentro do das festas da cidade. Un cartel de primeiras estrelas do toreo durante tres días manexa moitos millóns. O BNG do concello da Coruña, ten pendente unha pregunta a Francisco Vázquez para saber con cantos contribuíu o concello. O alcalde está especialmente empeñado en que os touros triunfen na cidade. Desde 1991, lévanse celebrando corridas despois de vinte e cinco anos sen actividade.

Son primeiras estrelas do toreo ás que acuden tanto a Pontevedra como á Coruña. Jesulín de Ubrique, Cesar Ricón ou Enrique Ponce, que cobran nunha tarde cantidades de seis ceros, viñeron a Galiza da man dos promotores taurinos que tentan ampliar os escenarios das corridas en todo o Es-



As corridas de touros son calificadas polos ecoloxistas de "cruéis" e "colonialistas". De calquer xeito sinalan que na Galiza a afeición non é salientábel. A. IGLESIAS

tado. Un neno pode entrar nunha destas corridas por 2.500 pesetas aproximadamente. De aí chégase ás trece mil que pode custar un sitio na *sombra*. Ademais das "faenas", un tamén pode ver nos intermedios como un grupo de persoas enanas, con traxe de luces, degrádanse para facer rir a un público, composto por nostálgicos, curiosos e, no caso de Pontevedra, tamén mocidade.

### Touradas e touros

Discutir a tradición ou non dos touros na Galiza non é o cometido dos ecoloxistas que rexeitan o espectáculo de *per se* pola crueldade que supón para o animal. As touradas no país remítense a séculos atrás e constituían un tipo de encerro chamado "correr os touros". Manuel Fabeiro lembraba nunha crónica sobre Noia que "nunca mellor empregada a palabra correr, porque si a xente corria, o touro, case sempre becerro, tamén o facía. Nas prazas habilitadas ao efecto, case sempre espazos amplos e pechados, xogaban persoas e touros". En Pontevedra, as reses eran ofrecidas polos carneiros e despois de correr sacrificábanse para vender a carne. O concello ameazaba con que, se non eran boas, a carne iría para o hospital e para os pobres.

A praza de touros de Pontevedra, inicialmente de madeira, inaugurouse en 1892. Son os anos nos que nace o concepto de "corridas de touros", para as que se precisa a instalación dunha praza, aínda que sexa de xeito provisional. Coincide co españolismo que se espallou antes e despois de 1898. A única praza de touros que existe en Galiza como tal é a desta cidade aínda que os promotores taurinos están interesados en copar novos espazos. O concello de Pontevedra sufraga parte deste espectáculo millonario dentro das Festas da Peregrina. ♦



## As duas varas de medir do Ministerio de Educación

A solicitude e concesión das bolsas de axuda ao estudo universitario do Ministerio de Educación sempre están suxeitas á reclamación posto que se producen erros administrativos na súa tramitación. Non é tan frecuente no caso do ensino medio posto que non hai que ter en conta variábeis como residir fóra de casa ou as diferentísimas quilometraxes para comprobar as distancias do centro de estudos. No caso das bolsas universitarias, hai tres tipos fundamentalmente: as axudas por transporte, as axudas por residencia e as axudas compensatorias, en casos de rendas mínimas ou familia numerosa.

Maria Estévez ten vinte e cinco anos e estuda na Escola de Maxisterio do campus de Pontevedra. Vive en Vigo e a súa casa dista uns corenta quilómetros de Pontevedra. Concedéronlle axuda para transporte durante os dous primeiros anos de carreira. No primeiro curso, 56.000 pesetas, no segundo,

62.000. Facendo contas, eses cartos non chegaban para abonar os gastos de transporte de nove meses de curso, máis de noventa mil pesetas.

En Marzo deste ano, concedéronlle unha axuda de 69.000 pesetas e conversando cunha compañeira de clase que vive na mesma cidade, a uns douscentos metros, descubriu que a esta lle outorgaban unha bolsa de 109.000 pesetas. Apresentou a súa reclamación no reitorado da Universidade de Vigo e despois de dous meses recibiu unha resposta en forma de carta. Descifrada por unha funcionaria da universidade, a carta dicía que aceptaban a súa reclamación. Nun prazo non indicado, terían que abonarlle a diferenza entre as cantidades, 40.000 pesetas.

Tras matinalo detidamente, Maria decatouse de que lle debían cartos dos dous anos anteriores, cando lle concederan menos dos que lle correspondían pola quilometraxe. Perguntou á funcionaria de que xeito podía reclamar eses cartos que lle correspondían e que sumarian máis de sesenta mil pesetas. A resposta foi negativa, non se pode reclamar o que corresponde a anos pasados. "Espíralas antes!", díxéronlle.

O que si espabila é o Ministerio de Educación e Ciencia, que reclama as bolsas concedidas até tres anos despois de telo feito, caso que haxa algun erro. Poden conceder unha bolsa no 2º curso de carreira e reclamála en 4º ou, como se ten dado nalgunha ocasión, ao rematar a carreira. ♦

## Mulleres israelís

### atacadas

### por ortodoxos xudeus

Nos últimos 15 días alomenos 4 funcionarias do Ministerio israelí de Educación e Cultura foron atacadas por ultra-relixiosos xudeus por considerar que ían vestidas de xeito indecente.

O Ministerio está ubicado no barrio de Xerusalem no que viven os ortodoxos máis extremistas e radicais que, segundo a policía hebrea, teñen montados grupos de acción para "velar polo cumprimento das normas de castidade e decoro". Estes grupos bateron con paus, pincharon as rodas e guindaron ovos aos coches das funcionarias as que chegaron a atacar fisicamente e que foron salvadas das malleiras polos seus compañeiros ou por viandantes que pasaban pola zona, nun dos casos, curiosamente, cidadáns palestinos.

Os ultra-relixiosos, vestidos con traxes e chapéus pretos mesmo no verán e cos "aladares" (longos rizados aos dous lados do rostro) sinten-se con máis poder ao formar parte da nova coalición de Goberno en Israel e esixen a imposición do seu modo de vida a todos os cidadáns.

Con respecto ás mulleres, queren que todas, e sobre todo as funcionarias públicas, vistan de acordo co espírito da "halajá" (a lei relixiosa xudía) é dicir, con saias longas até os nocelos e os brazos e ombreiros totalmente cubertos. ♦

## A maioría

### dos convénios

### redactados en castellano

Só o 26,26% dos convénios colectivos asinados na Galiza están redactados en galego, denunciou a central sindical CIG, que demandou unha "intervención decidida da Administración (Xunta de Galiza) na extensión do uso de lingua galega na negociación colectiva". A CIG recolleu os datos do Informe semestral sobre a negociación colectiva en Galiza do Consello Galego de Relacións Laborais.

Os datos que manexa Relacións Laborais indican que o 34,70% dos convénios de sector -17 sobre un total de 49- están redactados en galego, mentres que no caso dos convénios de empresa, o 17,82% -18 sobre un total de 101- están redactados en galego. A CIG ten un Plano Interno de sensibilización para lograr incrementar a porcentaxe do uso do galego nos convénios, pero cre que a Administración debe "instar aos restantes axentes sociais a que fagan o propio", xa que en ocasións topa "coa resistencia dos sindicatos estatais e da patronal". ♦



O goberno nega a entrega dos papeis do CESID e deixa o sumario sen probas fundamentais

## A posta en liberdade de Galindo anuncia o carpetazo ás investigacións do GAL

✦ X.C.

A postergada decisión sobre os papeis do CESID, finalmente denegados ao xuíz polo Goberno Aznar, precipitou a posta en liberdade do xeneral Galindo, e abriu unha crise no Pacto de Ajuría Enea que foi convocado decontado polo lendakari Ardanza a instancias de IU, PNV e EA. O pacto PP e PSOE para desconectar a crise de Estado aberta polos GAL topou o apoio explícito de Jordi Pujol.

O xuíz Gómez de Liaño tivo que plegarse irremediabelmente aos informes que xerarquicamente foron emanando desde o Fiscal Xeral do Estado, Carlos Granados. A través do fiscal xefe da Audiencia, José Aranda, foi ramificándose ate uns alporizados fiscais do proceso, que tiveron que informar sobre a liberdade de Galindo. O xeneral da garda civil acusado de participar na operación de secuestro, tortura, morte e desaparición de Lasa e Zabala, saíu de prisión, condicionado nos seus movementos e visitas a outros acusados polo mesmo caso.

A saída de Galindo ocasionou a inmediata reacción dos partidos. Onde o PNV, por boca de Iñaki Anasagasti, consideraba que se dera un cambio cualitativo no proceso do GAL ("a mensaxe que está a lanzar é que os crimes teñen unha medida distinta segundo quen os realice."), o PSOE repetía satisfeito que "respeitaba ás decisións xudiciais", desta volta co aplauso do Partido Popular.

Á saída de Galindo sucedeu o intento de suicidio de Pedro Gómez Nieto, quen fora xefe dos grupos especiais da garda civil, coñecidos como *Pata Negra*. Gómez Nieto fíxose cortes nos brazos e agora está de volta en prisión vixiado na enfermería, supostamente afectado pola depresión producida por seguir en prisión provisoria. Precisamente os fiscais da Audiencia Nacional facíanse eco de se debían xulgar con idéntico criterio a todos presos acusados de terrorismo, e se os encarceramentos deben considerarse de distinta maneira segundo se trate de exgardas civís ou de membros e ETA.

### O CESID ten probas e agáchaas legalmente

A decisión do derradeiro Consello de Ministros de antes das vacacións, negándose a facer entrega dos papeis do CESID solicitados pola Audiencia Nacional, pon en entredito toda a política de transparencia que na última fase de oposición pretendeu abandeirar o PP, por boca do agora vicepresidente Álvarez Cascos, ausente do

Consello que decidiu agachar os papeis.

Os documentos do CESID eran a principal carga de proba, e coñecíanse pola filtración realizada polo coronel Perote ao diário *El Mundo*. Nelas demostrábase a implicación da Garda Civil e dos aparatos do Estado na preparación e execución das accións do GAL, así como na ocultación e falseamento de probas nos casos Zabala e Lucia Urgoiti.

Gómez de Liaño prorrogou o segredo do sumario, para poder chamar a declarar a outra dúcia de persoas, que permitan reconstruír os feitos, pero agora xa sen o que considera "peza nuclear de acusación" constituída por algúns dos documentos do CESID.

O pragmatismo co que se pronunciou o portavoz gubernamental, Miguel Ángel Rodríguez, ao asegurar que os papeis do CESID "antes eran segredos de Goberno e agora sono de Estado", pon de manifesto que a filosofía marcada por Aznar no caso dos africanos expulsados ("había un problema e resolveuse"), é a moeda utilizada no caso GAL, coa particularidade de que sen poder evitalo criase un conflito peor, toda vez que a Mesa de Ajuría Enea pasa da unanimidade aparente de hai quince días á escisión. Afirmando Anasagasti tamén, "Galindo desarticulou os comandos que se quixer. Pero os métodos utilizados en Intxaurrenond semiaron tanto odio, que criou tres veces máis dos desarticulados".

Ainda que a reunión de Ajuría Enea convócase para considerar a situación global, o tema principal é a nova situación que se abre coa liberdade de Galindo e a mensaxe que IU, EA e PNV entenden que é de impunidade para os delitos do GAL. Nese contexto de solución final que se albisca coas últimas decisións tomadas, Felipe González anunciou que pediría ao seu grupo que concedesen o seu suplicatorio en caso de que o Supremo o chamase a declarar á volta de Setembro. ♦



O xeneral da Garda Civil Rodríguez Galindo.

XAN CARBALLA

## Estado sen dereito

Da decisión do goberno de Aznar de non entregar os papeis do CESID dedúcese que a impunidade do Estado —dono da vida e da morte—, é total e mesmo pode ocultar, deliberadamente, probas de crimes sempre que considere que é para a súa autoprotección.

Segundo esta filosofía a Constitución suspende a súa vixencia en determinados supostos, sempre protexidos polo segredo, que atinxen as máis das veces aos dereitos humanos. A decisión agora tomada non por prevista perde gravidade. Supón establecer rotundamente a omnipotencia do Estado, que queda excluído do control xudicial e mesmo parlamentario. A nova lexislación que se quer promover sobre os chamados *servicios de intelixencia* non vai dirixida a protexer aos cidadáns da arbitrariedade senón a blindar máis a impunidade.

A tres semanas escasas de alimentar unha imaxe do PP case ao borde da negociación coa ETA, a nova situación é case a peor das posibles para as forzas nacionalistas bascas que apoiaron a Mesa de Ajuría Enea. Fernando Savater, nada amigo de teses de autodeterminación, asegurou que tanto a noticia dos papeis do CESID como a posta en liberdade de Galindo era o meirande trunfo do *abertzalismo*, sempre dentro da lóxica que considera que aquel só entende a política de canto peor, mellor. Pero o PP non debe esquecer que PNV e, sobretudo, EA e quizais IU poden verse na obriga de deixar o pacto de Ajuría Enea en papel mollado. E dese retroceso só se salva inde á negociación. ♦

Guillermo Vázquez

pregunta a Loyola

de Palacio sobre

o exceso de cuota láctea

O suposto exceso na produción láctea, que significaría superar a cuota establecida para España pola UE, é algo que aínda non foi aclarado desde o Ministerio. Por esa razón, Guillermo Vázquez, deputado do BNG no Congreso, solicitou a comparecencia da ministra Loyola de Palacio para aclaralo. Vázquez tamén quer saber, caso de confirmarse a noticia, como vai a afectar aos gadeiros galegos no relativo ao pagamento da super-taxa. Por último, o deputado do Bloque ha inquirir á ministra sobre o estado das negociacións que mantén o Goberno coa UE para un eventual incremento da cuota láctea española, xa que é menor que o consumo interno de leite. ♦

Aznar e Vidal Quadras

xogan á confusión

para reforzar

a imaxe do presidente

As declaracións anti nacionalistas do líder popular catalán, Alex Vidal Quadras, non son fortuitas nen amosan unha fenda dentro do PP; máis ben forman parte da estratexia que o partido mantén de declaracións contraditorias para pulsar o estado de ánimo da opinión pública e afortalar a imaxe de José María Aznar como líder. Vidal Quadras profiu dos nacionalistas e acto seguido Aznar tapoulle a boca, pero non o sancionou. Rodrigo Rato, con anterioridade, xogara ao *dixome dixome* co das pensións, para Aznar desmentir logo e ir preparando o camiño do recorte nos gastos sociais. ♦

Coa inauguración

do parque de Coa dilúese

a ameaza da presa

O anuncio da construción dunha presa o pasado ano nun parque arqueolóxico que ten gravados de até 20.000 anos de antigüidade trascendeu as fronteiras portuguesas e alporizou a asociacións ecoloxistas de toda Europa. As obras comezaron e as augas ían inundar as mostras de arte pero coa inauguración do Parque Arqueolóxico de Foz Coa semella rematar a polémica. Os responsábeis do parque queren que se esqueza definitivamente a presa e o Goberno portugués que a Unesco declare a zona patrimonio da humanidade. ♦

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA • 7 AGOSTO

IN MEMORIÁN

a Chelo Iglesias Amigos/os



Martín Códax, 11 • VIGO



A partir de Setembro comezan as primeiras declaracións

## A reapertura de Garzón dos procesos á ditadura de Videla descobre aos represores refuxiados no Estado español

♦ J.C. M. BETELU / B. AIRES

O vindeiro mes de Setembro comezan as primeiras declaracións de testigos perante o xuíz Garzón, que decidiu levar adiante unha denuncia presentada pola Unión Progresista de Fiscales, para perseguir os delitos pola desaparición, durante a Ditadura de Videla, de case 266 cidadáns con nacionalidade española. Os organismos de dereitos humanos son os principais fornecedores de información no proceso que pode descubrir a presenza protexida de represores no Estado español.

Entre a documentación que está chegando a mans de Garzón se inclúen nomes de represores argentinos que están residindo no Estado español e noutros países europeos, con total impunidad. Algúns destes personaxes terían no seu poder nenos que naqueles anos lle foron arrincados aos seus familiares, despois do secuestro ou asesiñato de seus pais. Fontes próximas a organismos de dereitos humanos estiman que o número de fillos de desaparecidos que estarían residindo cos seus usurpadores en países de Eurpa abala entre dez ou quince.

Na Arxentina estanse a producir xa numerosos casos de homes e mulleres xa mozos, que se preguntan pola súa orixe, e xa en tres casos pediron que se lles practiquen as análises de sangue para constatar a súa verdadeira identidade. Nestes tres casos estableceuse que se trataba de fillos de desaparecidos que foron parar a mans de militares.

Entre as persoas que xa anunciaron a súa declaración na Audiencia Nacional en Madrid están o Prémio Nóbel da Paz, Adolfo Pérez Esquivel, e o ex capitán da Marina Arxentina, Adolfo Scilingo. Pérez Esquivel é unha das vítimas da represión arxentina, que puido sobrevivir ao xenocidio despois xa de sufrir o cárcere e as torturas, de todo o cal dará testemuña ante Garzón. Scilingo confesou publicamente ter botado ao mar desde avións, a trinta persoas vivas e sedadas, que estaban confinadas na Escola de Mecánica da Armada, onde funcionaba un dos 365 campos de concentración nos anos da ditadura.

Scilingo deu testemuña do que xa fora denunciado polos organismos de dereitos humanos. Acolloido ás leis de Obediencia Debida e de Ponto final —que garantiron unha impunidad agora en entredito polo proceso aberto na Audiencia Nacional— Scilingo está procesado por delitos menores, como ter asinado un cheque sen fondos, pero en ningún caso pola súa responsabilidade admitida de ter guindado ao mar a 30 persoas vivas.



Miguel Miravet é presidente do secretariado da Unión Progresista de Fiscais, que mantén denuncias contra as ditaduras de Videla e Pinochet.

### Un xuíz con crise de Goberno

A reacción do goberno arxentino non foi feita pública, pero declaracións da secretaria de Dereitos Humanos do gabinete menemista, Alicia Pieirini, foi minimizar a decisión de Garzón, pondo en dúbida que se podan concretar os xuízos en España a militares xa xulgados e despois perdoados nas amnistías encobertas ditadas por Alfonsín e Menem.

Sen embargo a posición de Menem debilitouse nas últimas semanas logo da demisión forzada por casos de corrupción de varios Ministros, entre eles o de Defensa, e o cese de Domingo Cavallo na carteira de Economía, un proceso que se desencadeou despois da grave derrota sufrida polo peronismo nas eleccións a gobernador de Buenos Aires.

A posición de Garzón apoiase na lexislación española que sostén que ten xurisdicción para investigar en calquer parte do mundo cando se trata de vítimas con nacionalidade española, un principio de protección que teñen seguido outros países como Francia, Italia ou Suecia. O xuíz fixo fincapé en que os delitos de xenocidio ocorridos na Arxentina pola aplicación do terrorismo de Estado, estaban contemplados na lexislación española na época en que se cometeron eses delitos de lesa humanidade.

Paradigmaticamente Menem ten declarado, co gallo da absolución na Italia do nazi Erich Priebke —que viviu toda a vida refuxiado na Arxentina—, que "os delitos contra a

humanidade nunca prescreben".

### Os Fiscais tamén denuncian a Pinochet

Diante dos tribunais de València a Unión Progresista de Fiscais tamén ten presentado denuncia contra a Xunta Militar Chilena que no 1973 derrubou ao goberno democrático de Salvador Allende. A denuncia sostense sobre os mesmos presupostos que a que resolverá Baltasar Garzón respecto á Arxentina.

Segundo Miguel Miravet Hombrados, quen actúan en nome e representación do secretariado permanente da UPP, "temos un compromiso permanente coas liberdades democráticas porque ademais nós sabemos ben o que é sufrir unha Ditadura". Miravet explica que todo foi iniciado cunha curta investigación, pero que se teñen reunido unha mancha de testemuñas aportadas polos familiares das vítimas. Acusa ao xenerais Augusto Pinochet, Gustavo Leigh, César Mendoza e José Toribio Merino, como os principais responsábeis de graves delitos cometidos contra varios cidadáns de orixe española, entre eles Joan Alsina Hurtos e Antoni Llidó (cregos); Michelle Peña, Ricardo Ernesto Lago Salinas, Antonio Elizondo, Elizabeth Rekas e Carmelo Soria. O caso de Soria xa foi xulgado recentemente en Chile, pois a familia deste arquitecto, que traballaba nas Nacións Unidas, mantivo durante anos unha denuncia para demostrar que tiña asasinado polas forzas da represión que tentaron simular que a morte se tiña producido nun accidente de tráfico. ♦

## PODERES MUNDIAIS. PROBLEMAS LOCAIS

♦ B.C.

### A UE tamén protexerá ás súas empresas contra a Lei D'Amato

O regulamento anti-boicoteo elaborado pola Comisión Europea para facer fronte á lei Helms-Burton pode servir nalgunhas das súas medidas para protexer ás empresas contra a Lei D'Amato que permite a EEUU adoptar sancións contra as empresas que comercien con Libia e Iran, aínda que haberá que adoptar outras medidas que xa están sendo estudadas polos expertos comunitarios.

A Comisión Europea anunciou xa que a oposición a esta lei será maior que á Helms-Burton, xa que hai máis estados membros da UE con maiores intereses económicos nestes países que en Cuba, polo que podería facer máis dano. Italia, España, Alemaña, Francia, Reino Unido e Austria teñen fortes inversións na industria do petróleo en Libia.

En Iran, a presenza comunitaria é menor. A empresa estatal francesa Total ten negocios nos campos petrolíferos de Sirri. ♦

### Asesor estadounidense propón a creación de emprego como solución ao terrorismo

A creación de 50 millóns de empregos en Oriente Medio ate o ano 2051 serviría para acabar co terrorismo de orixe islámica, segundo un informe elaborado por Arnaud de Borchgrave, asesor en materia de seguridade do Centro de Estudos Estratégicos Internacionais (CSIS) de EEUU, no que indica textualmente que "para erradicar o terrorismo, habería que suprimir unha das súas fontes principais, a miséria económica".



Borchgrave lembra no seu estudo que durante a guerra de Afganistán, os servizos da CIA e Paquistán adestraron a 45.000 combatentes árabes musulmáns para combater con tácticas terroristas ás tropas soviéticas pero que, rematado o conflito, estes "especialistas están en paro e oferecense ao mellor postor".

Nunha entrevista concedida ao xornal francés *Le Figaro*, o experto do CSIS indica non obstante que a fórmula de creación de emprego non é factíbel dados os intereses da estratexia económica mundial polo que recomenda aos estados occidentais dúas liñas de acción básicas na loita contra o terrorismo: "incremento da espionaxe física sobre as persoas" e "capacidade de golpear cando sexa necesario". Neste último aspecto, Borchgrave láias de que "desde 1975 aos servizos de espionaxe de EEUU se lles proiba eliminar, mentres que franceses e israelís non dubidan xamais en matar aos seus inimigos cando o esixen os seus intereses nacionais". ♦

### Acusan á ONU de complicidade no xenocidio checheno

A guerrilla independentista chechena acusou á ONU de "autorizar e permitir o xenocidio practicado por Rusia contra o pobo chechen, o que convirte ás Nacións Unidas en culpábel do crime". Nunha declaración difundida pola axencia rusa *Interfax*, a cúpula do movemento secesionista denuncia a dobre moral da ONU, evidenciada no seus diferentes comportamentos, segundo se trate dun conflito ou outro, e citan como exemplo o interese en capturar e xulgar ao líder sérbio-bosniaco Radovan Karadzic por crimes contra a humanidade, mentres permiten que as tropas federais rusas perpetren impunemente un novo extermínio étnico.

Tamén os intelectuais polacos alzaron a súa voz para protestar polo xenocidio practicado polo goberno de Rusia en Chechenia.

Nun documento asinado por escritores, artistas e políticos, piden ao Consello de Europa que interveña no conflito para poñer fin á matanza e indican que o pobo chechen, como todos os da terra, ten dereito á auto-determinación. "O intento de desposuílos dese dereito inalienábel e, para colmo, mediante a agresión bélica e a ocupación armada das súas terras, é un crime ante o que a comunidade internacional e, especialmente a europea, non pode asistir impune" di o chamamento asinado, entre outras persoas, pola ex-primeira ministra Hanna Suchocka. ♦



## Ramón Prieto, xornalista cubano

'Se non nos metemos no turismo o país parábase'

♦ PAULA BERGANTIÑOS

Ramón Prieto Rodríguez empezou a súa andaina profesional como correspondente de prensa na guerra de Angola. Logo de traballar durante cinco anos na emisora nacional de Cuba *Radio Reloj*, asumiu durante catro anos a reponsabilidade de Secretario Xeral da *Unión de Jovens Comunistas no Instituto Cubano de RTV*. Como enviado da *Cadena de TV da Habana* en Galiza ven de participar en varias conferencias organizadas pola *CIG e Galiza Nova*.

**Cal é a situación dos meios de comunicación no seu país?**

Cuba nunca viviu aillada do mundo. As películas que se ven son norteamericanas. O bombardeo através das emisoras de EEUU contra Cuba é de centos de horas. A crise fixo que de tres periódicos diários só quedase un, de apenas catro páxinas. Pero, tamén se modificou a información. Hoxe non se podería empregar o discurso dos anos sesenta e setenta e neste sentido a mocidade foi a abandeirada, co seu novo estilo de deseño e axitación. A xente necesita unha información de subsistencia. Antes nunca se informaba do horario dos apagóns, agora si se fai. O importante é falar claro. Se a xente aguantou é porque se foron explicando cada un dos pasos que se daban.

**Que custes ideolóxicos están acarreado as reformas na economía?**

Os custes véñense dando desde o momento no que non se lle pode asegurar a xente unha situación económica que cubra a súas necesidades vitais. Coas reformas aumentou o individualismo, o desexo de consumir, o desexo da propiedade, valores que a revolución nunca alimentou pero neste período afloraron dunha maneira bastante preocupante. Nos xa sabiamos de antemán que a presenza estranxeira ía provocar todos estes problemas, pero era inevitábel asumilos porque se non nos metiamos no turismo o país parábase. Tería sido peor perder a revolución que aguantar un pouco, aínda que nos custase algo, e sacar ao país da crise económica.

**A xuventude é o sector máis afectado?**

É un dos sectores aos que a revolución lle adica máis atención. Dentro da xuventude hai unha xeración que naceu e que medrou coa revolución, pero que viveu a situación difícil dos setenta. Hai outra que nace nesa década que se criou nos anos de bonanza da década dos 80 e que non coñecían o que era apretarse o cinto. Isto dá lugar a que, coa presenza do turismo, surxan fenómenos como a prostitución. Son mozas de 15 e 16 anos cun nivel cultural alto que tratan de buscar da forma máis rápida posíbel a resposta ás súas necesidades materiais.



P. BERGANTIÑOS

**Pero máis do 50 % da poboación é menor de trinta anos, cal é o papel que desempeñan desde o punto de vista económico?**

A xuventude ten o peso das ramas máis importantes da economía. Tocoulle a importante tarefa de levantar a agricultura. A forza de traballo máis importante do país é o *Ejército Juvenil del Trabajo*, unha organización nova que se prepara para calquer situación de defensa, pero que unha parte moi importante do día dedícaa a traballar no corte de cana de sucre. Os xóvenes tamén desempeñan un papel fundamental nas tarefas relacionadas co investimento estranxeiro, sobre todo no sector do turismo, agora mesmo un dos máis importantes. A maioría dos dirixentes son relativamente novos, por exemplo Carlos Laxe, que dirixe as reformas económicas, ten 42 anos. A mocidade é a que está decidindo o futuro do país, tra-

tando de resolver os problemas, independentemente de que exista un grupo de mozos disconformes e, porque non dicilo, tamén decepcionados que non se suben ao carro e que se manteñen á expectativa.

**O reforzamento do bloqueo**

**Que repercusións está tendo sobre a economía cubana a Lei Helms-Burton?**

O efecto psicolóxico sobre os inversores é bastante importante. Nun primeiro momento houbo empresas que se retiraron e empresas que tiñan pensado entrar no país que non o fixeron. Agora ben, Cuba segue levantándose. Moitas inversións non se retiraron e outras que non figuraban nos planes están asentándose.

**Como valora a reacción da UE ante o intento de endurecer o bloqueo por parte de EEUU?**

A reacción da UE foi unha reacción económica. Posicionouse criticamente defendendo os intereses que os seus membros teñen en Cuba. Tamén sabe que a Helms-Burton é unha lei extraterritorial que senta un precedente. Se hoxe EEUU pode aplicala sobre Cuba mañán pode aplicala sobre Francia ou España. A lei non vai sair adiante porque a EEUU non lle interesa enfrontarse cos seus aliados europeos. Tamén hai que ter en conta que esa lei é incluso mala para os propios EEUU. É o Senado o que controla as relacións internacionais, a lei establece como ten que ser o trato con Cuba e réstalle poder executivo ao presidente, algo até o de agora intocábel para os norteamericanos. En todo caso hai que esperar a ver como queda conformado o novo goberno porque isto tamén ten o seu trasfondo eleitoral. Se sube a extrema dereita a cousa pode poñerse máis difícil.

**O turismo está inxectando cantidades importantes de capital, pero cal é a situación dos outros sectores produtivos?**

O turismo sube un 20% anual e de aquí a que remate o século vaise situar por riba da produción de sucre, que sempre foi a que estivo en primeiro lugar. O resto dos sectores produtivos estanse recuperando. O sucre sufriu unha caída o ano pasado. Baixou de sete millóns de toneladas a tres. Este ano producíronse catro millóns e medio, o ano que ven está previsto que se acaden cinco e de aquí a tres anos pode chegar-se novamente a sete millóns. A construción de cemento, importante para edificar, está recuperada. A extracción de níquel, que é o mineral máis importante que temos, está medrando ao redor dun 30% anual. O petróleo que non é de moi boa calidade, pero que se está empregando nas centrais termoeléctricas, aumentou. A gandeiría, e polo tanto a produción de leite, é o sector que peor está. Detívose a caída este ano pero estanse buscando alternativas para darlle unha saída. En arroz vamos ser autosuficientes en tres anos. A produción de hortaliñas e vexetais, que no ano 94 estaba completamente desaparecida, tamén medrou. Polo de agora non responde ao que a xente necesita, pero este tipo de alimentos xa pode mercarse aínda que sexa a un prezo de momento un pouco caro. Case todos os sectores deron síntomas de recuperación. Estanse buscando novos mercados e capital para seguir desenvolvendo sectores economicamente moi fortes como son a biotecnoloxía e a industria farmacéutica. Coas ganancias destes sectores inxectase capital a outras ramas da economía para que unha vez que se recuperen un pouco empecen a autofinanciarse. A diferenza doutros anos pode afirmarse que Cuba non vai seguir caendo. Medramos e comezamos a ver a luz ao final do túnel. ♦

## Novo obstáculo británico á soberanía do Ulster

Os ingleses instalados no Ulster atoparon unha nova excusa para entorpecer a pacificación de Irlanda do Norte e o recoñecemento do dereito de autodeterminación. Os irlandeses consideran unha provocación a tentativa unionista de facer pasar unha procesión protestante por un bairro católico. O goberno británico autorizou o acto e demostrou ser parte implicada con conflito, cando apresenta este como un enfrontamento entre católicos e protestantes e non como un problema de soberanía nacional. ♦

## Os chechenos liberan Grózní

As cidades de Grózní, Guderme e Argun, foron liberadas pola guerrilla independentista chechena, que, máis o hostigamento ruso, está a gañar a guerra de liberación nacional que se libra desde hai máis de tres anos. A ofensiva chechena conseguiu o control de numerosos edificios institucionais na capital do país, incluída a sede o goberno títare instaurado por Moscova. Grózní estaba en mans rusas desde Febreiro de 1995. As tropas rusas recoñeceron implicitamente a derrota ao afirmar, un portavoz do exército, que están a espera da chegada dunha columna de blindados procedente do cuartel de Khandala e que servirá de reforzo aos focos de resistencia que aínda persisten nalgunhas zonas dos arredores da capital chechena. ♦

## Croacia dificulta a pacificación dos Balcáns

Os croatas están a revelarse como o grande obstáculo no proceso de pacificación dos Balcáns, xa que están a amosar grande hostilidade fronte ao acordo conquistado pola Unión Europea para establecer un concello unificado en Mostar. A UE, que finalmente conquistou dirimir as súas diferencias e dar un paso decisivo para a chegada da paz entre os eslavos do Sul, xa indicou que de momento non vai abandonar Mostar. O feito dos croatas de Bósnia non aceptaren a vitoria musulmana no Consello Municipal é a principal razón para Europa continuar na cidade.



Franco Tudjman.

Por outra banda, o presidente de Sérbia, Slobodan Milošević, foi quen deu o paso en Atenas para establecer relacións diplomáticas entre o seu país e Croacia, con cuxo presidente, Franco Tudjman, asinou un acordo na capital grega para establecer relacións diplomáticas. Belgrado, capital Sérbia, será a sede, a finais de Agosto, dunha reunión bilateral entre sérbios e croatas para seguir avanzando no proceso de pacificación. ♦



*"Tíñamos un problema e xa está solucionado"*  
J.M. Aznar

**Festa do Albariño, festa da ledicia!** Pero Fraga non esquece o rigor administrativo e na porta do evento bótalle un sermón de sete estalos ao Conselleiro Pérez Vidal a conta do protocolo. **"Exijo seriedade, exijo seriedade!",** machadea a berros mentres o Conselleiro de Agricultura hipnotiza o xabre. Os xornalistas chegaron, viron e **calaron.**

**A risa** volveu cando, na mesma festa, Pío Cabanillas Alonso, fillo do histórico subsecretario de Información e Turismo, opositor de sete léguas coma o pai, que fala cinco idiomas, se puxo a ler quince liñas en galego e saíulle unha fala máis confusa que a de

## Sobre a desfeita da N-550 ao seu paso por Pazos (Padrón)

Algúns dos que vivimos no exilio forzado pola estreitezza ética deste país de ananos, retornamos cada tanto na procura das raíces e do acougo da nai nutricia. Esta volta, viña eu avisado de que algo tráxico tiña acontecido. Aínda así, arméime do valor que se lles supón aos príncipes aurigas ou os heroes encimados en columnas acanaladas, e acodin á cita da casa —matriz, da casa— casa, da casa do horreo e os bambús, das viñas centenarias e a solaina de secar os froitos, das pomas e as laranxas mandarinas, dos mofos a debuxar humidades nas paredes.

**Haberá que se centrar en salvar da desfeita o que se poida**

Chorei. Chorei coma un neno orfo, vítima do temor á noite e ao baleiro. ¿Onde estaban as matas de romeiro?, ¿Onde o banco de pedra onde demorabamos os solpores de conversa?, ¿Qué fixeran das glicinas, do sendeiro de sebes de mirto onde de neno xogaba?, ¿Qué da cerdeira onde viñan aniñar os paporroibos?

Chorei, non había chorar, pero xa logo, sorbín a acedume que esvababa polas meixelas e xurei e perxurei aos catro ventos vinganza e máis vinganza, taboa de salvación última dos que non vivimos acamados na molicie do poder.

Din que a vinganza se serve fría e teñen razón. Agora haberá que se centrar tacticamente en salvar da desfeita o que se poida, en dificultar a vida propia e a dos próximos, en erguer máis atrás os límites do sacro territorio familiar, en usar das forzas para construír o que outros se empeñan maquiavélicamente en destruír, en instaurar a xerarquia ética.

Máis tarde chegará o que teña que ser, e se hai xustiza, que a haberá caerán un por un, vítimas do fulgor divino, o Gran Fornecedor e a súa corte de patricios comellóns, os népotas disfrazados de xestores do público e os adláteres chuchado-



res das hedras do poder.

Se hai xustiza, que a haberá, morrerán de grandes dores de corazón, remexendo os seus fucións porcalláns nun opistótoros tetánico, sufrirán de ataraxias e de ic-tus recorrentes que lles licuarán os miolos, padecerán enfermidades terribles que os consumirán por dentro, de tolemias dexenerativas e cancos incurabeis.

Se hai xustiza, que a haberá, serán estériles os seus descendentes ata o final das estirpes, e nos seus campos ingremes non medrará herba nin froito e sufrirán moito e demorado.

Xa pronto chegará o Anxo Exterminador e comezarán a purgar os seus malignos actos, e o malfadado mensaxeiro comezará a levarse un a un aos seus seres máis queridos, quedando eles na terra, enfermos de soledade e desacougo.

Non se merecen nin o aire que respiran, nin o alimento que, pobres de nós, lles demos ás mo-reas, e así o mar se tincirá de vermello e comezará para eles a tortura das sete pragas bíblicas ata que lles rebenten as tempas aos seus primoxénitos.

Mentres isto chegue non dormirán polas noites nin polos días e non atoparan para isto fármaco

nin remedio, contratarán cans de presa para vixiar as súas mansións e se revolcarán na lama da decrepitude e da sevicia ata que os vermes necrófagos veñan a devoralos en vida. Non terán acougo polos tempos dos tempos e para eles ficarán pechadas as portas do Paraíso. Descenderán ao inferno en vida e trabaránlle os pes en tormento reiterado os afiadados dentes do can cérbero.

Fixeronme chorar, pero han de o pagar. ♦

XAVIER QUEIPO  
(BRUXELAS)

## O compromiso coa lingua propia

No número 732 da Nosa Terra, páx. 10, o compañeiro Xan Carlos Ansia sobeuse ao poleiro de San Queitano para botar aseveracións corrosivas contra o nacionalismo galego, do que forma parte, e máis contra do status xurídico da nosa lingua.

Compañeiro XCA, coa túa mentalidade claramente "subornábel" es capaz de considerar nacionalista a un traballador da Xunta de Galiza que tén ao español como idioma de cabeceira! De onde tira XCA que tendo ao español como idioma de cabeceira se pode ser nacionalis-

*Chernobil será convertido en atracción turística. Os visitantes poderán visitar a cidade morta, pasando pola aldea de Kopachi co seu cemitério radiactivo, até o sarcófago de formigón que contén os restos do reactor incendiado. A visita terá un día de duración e inclúe exame radiolóxico a todos os visitantes.*

ta? Ou é que te estás a referir a un nacionalista español?

Estou contigo en que legalmente non se lle pode reprochar a nengunha persoa, sexa galega ou non, a súa actitude de español falante; mais, politicamente é unha aberración aceptar como nacionalista galego a un traballador da Xunta de Galiza que teña, como dis, no español o seu idioma de cabeceira, e cigamente inaceptábel que exerza de sindicalista. Deberás ter moi claro, estimado XCA que ser nacionalista galego tamen significa un decidido compromiso coa lingua propia, amais doutros compromisos específicos configuradores do compromiso xeral coa Galiza. E, este compromiso coa lingua propia é ou debe ser para todo nacionalista galego moi presente ou actual, aquí e agora; e, amais de requerir unha concepción e defensa política dun modelo de comunicación lingüística para A Galiza e mais para o resto do mundo, esixe a súa defensa individual, familiar, sindical, ... social. Defensa que un nacionalista galego só efectúa coerentemente se fai uso do idioma galego en todas e cada unha das veces que lle sexa posíbel.

**O compromiso coa lingua galega esixe un coñecemento do status xurídico que regula o seu emprego**

Saber cando é posíbel ou non o uso pleno da nosa lingua, non só depende de que sexa ou non apta para establecer unha comunicación lingüística efectiva (criterio de comunicabilidade), senón que tamen depende do réxime xurídico vixente é aplicábel a cada comunicación (criterio de xuridicidade). Semella que das por sentado e asentado que "a lexislación vixente permite calquer opción que o funcionario ache máis conveniente e apropiada á ocasión" (sic) respecto da lingua oficial na Galiza na que se vai expresar.

De onde saca o compañeiro XCA, de que precepto normativo ou doutrina constitucional tira a existencia do dereito do funcionariado que traballa na Galiza a escoller,

Restaurante  
**CASA FANDIÑO**  
Cociña Tradicional Galega

Rúa Vilanova Nº 1  
Teléfonos 44 22 16 - 44 00 02  
ALLARIZ

**IBI E RMI U D I E Z**

Conxelados  
Conservas  
Bacallau

SANTIAGO  
Praza de Abastos, postos Nº 195 - 301 - 350

PADRÓN  
Praza de Abastos, posto Nº 2

BARRO (Po)  
Estación, 31 - Portela

• SERVICIO A DOMICILIO • • PAGAMENTO CON TARXETA •



Cre que aumentou a mendicidade nas ruas? Que solución lle daría?



Lourdes Díaz  
Ama de casa

Non está ben que teñan á xente pola rua pedindo. Non teñen de qué viver, senón non estarían aí. Eu procuro darlles algo cando levo solto. Sempre que non reciban cartos de nengun lado, deberan ter algunha axuda institucional. De todos xeitos sempre houbo mendicidade e non creo que aumentase especialmente nos últimos tempos. ♦



Tomás Corral Chapela  
Aprendiz de panadeiro

Se hai problema de mendicidade non é a xente da rua a que ten que solucionar. A situación económica é moi ma e non podes dar aos que piden se ti estás igual ou peor. A solución tampouco está nas axudas do Estado, entón apuntariámonos todos, non?, nen en afastalos, como en Atlanta. A merda podes tela ou non, o que non podes é escondela. ♦



Mª Carme Sordo  
Dependenta

Alguns mendigan por comodidade pero a maioría acaba de sair das drogas ou son aínda toxicómanos ou alcólicos. Había que axudarlles. A min danme pena e teño xa os habituais de todos os días, non só pola rua, senón os que van ao comércio. Pero no verán hai aínda máis. O goberno debía proporcionar axudas aos máis vellos que non atopan traballo. ♦



Mónica Carballas Campo  
Profesora de debuxo

A xente está un pouco escomada, cada vez son máis os que andan á esmola. Hai quen non o necesita, leva unha vida itinerante porque lle gusta montar un espectáculo e pedir esmola por elo. Os que de verdade teñen problemas sociais, que peden para comer precisan axuda das institucións. Non darlles cartos, senón asesoramento, información. ♦



García Tomé  
Representante

A maioría dos que peden fanno por necesidade. Desgraciadamente vai a máis. A situación económica, a falta de traballo, todo avoca a esta lacra. Se os axudamos económica-mente conseguiremos que se acomoden a non traballar e viver da caridade. A solución ao problema debía dala o goberno, xerando postos de traballo e non tentando minimizalo. ♦

ET. Decía *uña* en vez de *unha*.

Os meios de comunicación españois informaron de que a ONU condenara a política de dispersión dos presos en Turquía. Os meios de comunicación turcos informaron de que Amnistía Internacional condenaba a tortura que se practica en España.

Un folleto de *Autopistas do Atlántico* aconsella non tirar "cigarros" pola "ventá". A versión en castelán contén máis matices. Di "colillas" e "ventanilla". Non é o mesmo *cigarro* que *colilla*. Nen é

a elixir de entre as linguas oficiais na Galiza aquela na que se vai expresar para comunicarse cos administrados, coa cidadanía?

Benquerido XCA, o compromiso coa lingua galega de calquera nacionalista galego esixe tamen un coñecemento preciso do status xurídico que regula o seu emprego. E, nas comunicacións cidadanía-Administración quen escolle a lingua oficial na que se vai establecer a comunicación lingüística eche a cidadanía (art. 5.2 EAG; 6º e 7º LNL; 35 e 36 da Lei 30/92), e non a Administración por meio do persoal ó seu servizo (5.3 EAG; 2º, 3º e 4º LNL; STC 46/91). Se tiveses en conta, por unha banda, que o dereito ao uso do galego implica tanto o uso activo ou emisivo, falando e escribindo, coma o pasivo ou receptivo, ouvindo e lendo; e por outra banda, que as Administracións públicas veñen obrigadas (SSTC 82/86, 46/91) a faceren uso das linguas oficiais, concluírías doadamente que o funcionariado non téñen absolutamente ningún dereito a escoller a lingua oficial na que se vai expresar nas comunicacións lingüísticas coa cidadanía. Evidentemente, o funcionariado cando non está ao servizo da Administración, cando é cidadanía, cando se comunica coa Administración en cualidade de administrada ou administrado téñen o dereito a usar normalmente a lingua oficial na Galiza que elixa, a expresarse e mais a ser atendido ou a informarse na lingua oficial que elixa, a usar activamente e pasivamente, se quere, a lingua propia.

A imposición da oficialidade do español na Galiza xa supón suficiente estorbo a galego para que enriba nós fagamos interpretacións antigalegas do Ordenamento xurídico. ♦

Nen Deus, nen Pátria, nen...

Escribo esta carta o día 25 de Xullo, para min un día máis. Pretendo facer unha crítica da situación actual do nacionalismo na Galiza, que non debe tomarse como destrutivo, senón como unha aportación ao que debe ser a actuación do pobo nos próximos anos. Este escrito é froito do meu contacto co nacionalismo ao lon-

go dos últimos catorce anos.

A miña linguaxe vai ser clara e directa, para algúns supoño que burda, pero eu creo que é fresca, rebelde e "túzara" coma min e gran parte dos galegos. A continuación relaciono brevemente as principais chatas das organizacións nacionalistas galegas:

—Crecemento e promoción dunha simboloxía (bandeiras, hino...) exaxerada dentro do que debería ser un movemento aber-

to, racional e intelixente de transformación da sociedade.


—Caréncia absoluta de unha acertada análise da realidade que levou ao nacionalismo a rectificar sobre a marcha ao longo destes últimos anos. A realidade debe considerarse como é non como nos gustaría que fose.

—Relacións internacionais totalmente limitadas e miméticas de conductas externas. De igual maneira que os nenos son do

confúndete coa natureza!!

coas novas camisetas de A Nosa Natureza

Prezo 1500 pta. + 200 de gastos de envío. Solicítas por telf. (986) 43 38 30, ou por medio deste cupón previo ingreso na conta 2091/0501/68/3040001024 de Caixa Galicia.



Tallas disponibéis: S - M - L - XL

NOME ..... APELIDOS .....

ENDEREZO .....

C.P. .... LOCALIDADE ..... CONCELLO .....

Desexo recibir:

- ..... camisetas da talla ..... do lobo
- ..... camisetas da talla ..... do teixugo
- ..... camisetas da talla ..... do lobo
- ..... camisetas da talla ..... do teixugo



igual ventana que ventanilla. No galego, ademais de cigarro e ventá tamén existen as expresións:

*cabecha e xaneliña ou ventaniña. Cada día pérdese unha palabra, para facilitar a comprensión. Daquí a vinte anos, os mozos dirán: "Eu galego, ti home branco".*

**Idea surrealista:** pobre disfrazado de máquina tragaperras. Bótase a moeda no cesto. De cando en vez, para animar ao contribuinte, devolve unha enxurrada de pesos. O esmolante ten incorporada unha fita de cassette co son pregravado da pedrea. ♦

Barça e do Madrid, porque gañan sempre, o noso nacionalismo mirou sempre a Euskadi e Catalunya (nacións concebidas pola burguesía para servirse mellor do pobo —obviamente repugnante—) cun papanatismo vergoñento que demostra simplemente a súa alienación. Eu non podo ter preferencia pola alianza coa burguesía catalana ou basca e non co pobo traballador asturiano ou andaluz.

—Preséncia de excesivo estudante que xoga a revolucionario, de noite nos bares de zona vella de Compostela, e en manifestación en días sinalados e o resto do ano leva unha vida totalmente burguesa. Lembro que os universitarios nunca fixeron unha revolución, en cambio os traballadores sí, porque como diría Ferrín, os obreiros non se andan con bromas. Compre pois comprometer en maior medida ás clases traballadoras.

—Tratamento pouco riguroso da historia para tratar de buscar nela xustificación da nosa identidade. Debo recordar que o pobo nunca aparece na historia contada nos libros. Aparecen personaxes pertencentes a sectores dominantes dos que se pretende que nos sintamos orgullosos. Eu non me sinto orgulloso nen de Xelmirez, nen de Prisciliano, nen de Pardo de Cela..., pero si dos canteiros, mariñeiros, labregos... que ao longo da historia, sen voz, construíron este país, como se pode ver nos camiños, balos, portos, casas, fontes... Non deben existir mitos nen biblias, cando digo esto incluo a Castelao. O proceso transformador da Galiza debe arrincar do presente, pensando no futuro e impulsado

pola vontade dos galegos. Non precisamos de nada máis.

—Intolerancia e certo aire racista no que se refire a aceptación doutras culturas ou formas de pensar. Honestamente penso que este fenómeno é bastante feble aínda, pero o cheiro e noxento, entendedes?

—Apartamento do pobo con comportamentos demasiado dirixistas e paternalistas, como dicindo que eles son os únicos listos da película.

—Estrutura piramidal, fechada e uniformista das organizacións nacionalistas.

—En referencia a lingua conservada durante séculos polo noso pobo, ignora absolutamente polas clases dominantes está claro que necesita unha rexeneración. Pero non debemos perder a viveza e as características dialectais propias de cada zona para implantar un galego académico criado por uns señoritos de Universidade (como pretende a Xunta, ILG...) ou criado durante séculos polas clases dominantes portuguesas e imposto ao seu pobo (como pretenden os grupos reintegracionistas). O novo vigor para a lingua debe vir do pobo mesmo, e impulsado polo emprego da lingua por parte dos seus membros.

—Non hai estudo e renovación das ideas, proxectos novos. Simplemente se lle dá volta aos mesmos temas ano tras ano. Ou, e que alguén me pode convencer de que nas organizacións nacionalistas existe hoxe debate, diálogo, renovación, achegamento ao pobo? Hai realmente un estudo riguroso das fontes filosóficas que pretenden transformar as sociedades.

—Abuso de vocablos valeiros como Pátria, nación... que son usados aínda hoxe polo poder económico para dominar as masas. Expresión como "Patria ou morte..." ou "Toda pola pátria" son odiosas, e seguro que pronto serán berradas por membros do nacionalismo.

Tal e como esta organizado o nacionalismo agora poden pasar dúas cousas:

—Que fracase absolutamente e nunca alcance o poder.

—Que trunfe, e os universitarios (estudantes e profesores) que hoxe impulsan o movemento se instalen no poder e pasen a explotar ao pobo traballador galego. Terán os meus fillos que cantar o hino galego ao entrar na escola e saudar á bandeira? Teremos os traballadores galegos que sacrificar os nosos intereses de clase para alimentar a unha burguesía "galega" que ao mellor se esta forxando hoxe detras dunha pancarta, un berro de canha, canha... etc? Terán os rapaces que prestar o servizo nun exército galego, no que obrigatoriamente terán que estar dispostos a verter ate a última pinga de sangue en beneficio da Pátria.

Nengunhas das anteriores opcións me gusta, polo que nos seguintes puntos expoño de maneira xeral as liñas que deberían seguir as organizacións nacionalistas como transformadoras da sociedade:

—Potenciación da cultura como elemento fundamental de desenvolvemento do individuo.

—Buscar a realización do individuo a través da consecución dun benestar físico e intelectual.

—Cambio total das relacións sociais.

—A base dos novos tempos serán o pobo traballador (obreiros, labregos e mariñeiros).

—Criación dun amplo e sólido movemento cooperativo composto por entidades financeiras, industria, ensino e servizos.

—Iniciación de relación con todos os povos do mundo, empezando polos veciños (incluído o sufrido e marxinado pobo andaluz) con humildade e respecto.

—Deixar a un lado a liña nacionalista en sentido clásico e buscar novamento o apoio na cultura política da esquerda como elemento transformador do planeta.

É necesaria unha renovación total de liña política seguida ate o momento. Hai que fixar uns obxectivos concretos, un programa de actuación e poñerse a traballar e sobre todo a estudar e imaxinar. ♦

BRAIS PIÑEIRO  
(FERROL)

## a nosa mellor literatura

50 VOLUMES COAS OBRAS MÁIS SIGNIFICATIVAS DA LITERATURA GALEGA EN EDICIÓNS COIDADAS E RESPECTUOSAS COS TEXTOS ORIXINAIS.  
50 FASCÍCULOS ILUSTRADOS E COLECCIONABEIS COAS INTERPRETACIÓNS DE ACREDITADOS ESPECIALISTAS

o fascículo  
**Nº 7**  
e libro  
correspondente  
á venda o día 13  
de Agosto



Desexo subscribirme á colección historia da literatura galega editada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega

Nome .....  
Enderezo .....  
Código Postal .....  
Poboación .....  
Prezo da subscripción para o Estado Español 2.250 pta (2 fascículos + 2 libros cada mes) cun 20% de desconto sobre o prezo de venda.

PAGAMENTO DOMICILIADO

Banco/Caixa de Aforros

Conta ou libreta

Títular

Nº Sucursal

Data

Poboación

Provincia

Teléfono

Provincia

Sinatura

Sírvanse tomar nota, e atender até novo aviso, con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lle sexan presentados por Promocións Culturais Galegas (A Nosa Terra).

Remitir unha vez cuberto a A NOSA TERRA. Apartado de Correos 1371 - 36200 VIGO. Máis información no teléfono (986) 43 38 30.

Un proxecto da  
ASOCIACIÓN  
SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA e  
A NOSA TERRA



MIGUEL A. FERNAN-VELLO

### Moaña celebrou o Intercéltico sen Carlos Núñez pero cun "éxito total" segundo o concello

MONICA CURRÁS

Con dous días de concertos de música folk e un de actuacións de bandas e grupos de danza tradicional galegos o concello de Moaña mantivo a súa cita anual cun festival en traxectoria descendente desde que o pasado ano as institucións lle reduciran máis dun 50% as subvencións.

Ademais de catro millóns de pesetas aportados entre a Xunta, o Concello e a Deputación de Pontevedra os organizadores deberon engadir nesta edición cinco millóns da recaudación en taquilla; 1250 pesetas de entrada por persoa cada noite (950 en venda anticipada) para poder ofrecer un cartel cos *Celtas Cortos*, *Sinnaina* e *Os Papaqueixos* na xornada inaugural e con Carlos Núñez, *Berrogüetto* e *Beladona* no segundo e derradeiro concerto. A pesares da merma situación económica e de que a existencia do grupo vallisoletano de actuar nun Xoves diminúa as expectativas de asistencia, o festival prometía en calidade musical e a resposta do público quedaba asegurada cos *Celtas Cortos* e Carlos Núñez en cada un dos concertos.

Así o confirmaron as máis de catro mil persoas que o Xoves disfrutaron dos novos sons de *Sinnaina*, da manifestación máis bravú de folk e o rock galego dos *Papaqueixos* e da mistura que os *Celtas Cortos* fan da música celta coa rumba e o ska.

Pero o problema xurdiu no segundo día de concerto, co inesperado anuncio da ausencia do gaitero vigués Carlos Núñez.



O grupo Berrogüetto.

Sen a súa actuación, a promotora *Arte Aberto*, encargada do certame, viuse na obriga de rebaixar as entradas a 650 pesetas e engadir unha segunda actuación de *Os Papaqueixos* ás xa previstas de *Berrogüetto* e *Beladona*. Ademais devolveulle a diferenza do importe, ou todo íntegro no caso de non interesarlles o novo programa, ás persoas que mercaran os billetes por adiantado. Isto, que se fixo nos momentos previos ao concerto, propiciou un pequeno caos nas taquillas, con colas durante máis de dúas horas.

A situación non se normalizou até a media noite, cando os case catro mil espectadores accederon ao campo de fútbol e ao pé do es-

cenario disfrutaron dos sons de *Beladona*. Composicións tradicionais galegas cun toque contemporáneo, que o sexteto aporta desde a percusión, as guitarras, o violino, o low whistle ou os teclados, fixeron as delicias dun público que viña de espertar os seus sentidos musicais cos ritmos máis fortes de *Os Papaqueixos*.

Na terceira e derradeira actuación da noite, o público esqueceu o seu enfado e virou a súa atención das cuestións organizativas ás puramente musicais. Os seis membros de *Berrogüetto*, acompañados polo gaitero Fernando Pérez e o grupo de pandereiteiras *Cantigas e Agarimos*, conseguiron que o auditorio vibrase e se vol-

case cos temas do seu primeiro disco, "Navicularia". Esta banda formada hai apenas un ano con ex-compoñentes dos grupos *Fina Roca*, *Fol de Niu* e *Mattocongrío*, no que tamén tocou Carlos Núñez, obtivo as mellores críticas dun público que tras a ausencia do vigués se quedou coas ganas de comparar aos que foran compañeiros de escenarios.


A xornada de peche do Festival Intercéltico contou, un ano máis, coa actuación aberta ao público dos grupos de danza tradicional. As agrupacións locais *Solaina*, *Charaviscas*, *Santa Eulália* e *Raices da Terra* e a de Bueu *Imaixen* abriron a "Verbena Celta" que remataría coa música de *Sinnaina*.

### Tirapuxa entre o representante do gaitero e os promotores

A actuación de Carlos Núñez estaba programada para a noite do Venres, pero o certo é que o internacional gaitero non chegou a asinar papel algún e, polo tanto, é imposible demostrar se existiu ou non contratación. A falla dun acordo por escrito entre músicos e organizadores é habitual neste tipo de festivais. Desde o concello de Moaña afirman que a negociación en nada se diferenciou das establecidas cos outros músicos neste ou noutros intercélticos.

Segundo o concelleiro de cultura, Adriano Leites, a empresa *Arte Aberto*, organizadora do festival, goza do seu total apoio. Leites confirma que a caída de cartel de Núñez lle ocasionou perdas á promotora pero insiste en que a pesares de todo o festival "foi un éxito total". "Tívolve medo aos outros grupos, e Moaña non se merece que faga iso no último día, e máis cando as súas raíces como músico internacional e a súa aprendizaxe cos irlandeses *The Chieftains* se iniciou neste mesmo festival", afirma o concelleiro socialista.

O representante municipal coincide co director da promotora, Bibiano Morón, en que Carlos Núñez non actuou no Morrazo para non estragarlle a sorpresa que a concelleira do PP de Vigo tiña para as festas coa súa actuación do 11 de Agosto en Castrelos.



Carlos Núñez.

Segundo o promotor, o vigués e os seus músicos "tiñan pensado tocar en Moaña pero logo, ás agochadas, comezaron a atender á proposta de Maite Fernández arranzándolle a desfeita de Tina Turner".

Bibiano Morón insiste en que tiñan un acordo verbal con eles e que "hai documentos cruzados que o demostran". Segundo o promotor, non foi até a noite do 31 de Xullo que lle envían o fax confirmando a definitiva ausen-

cia do músico para o segundo día do festival: "Non querían tocar con Berrogüetto e por iso no último momento exixen a súa saída do concerto, algo que non podíamos darlle, porque xa tiñamos chegado a un acordo co grupo".

O representante comercial de Carlos Núñez, Fernando Conde, nega estas acusacións e responsabiliza da falla de acordo á promotora do festival. Sobre o concerto de Vigo, Conde afirma: "estabamos convencidos de que íamos actuar en Moaña e, precisamente, non presentamos o concerto de Castrelos até o día 6 por non eclipsar o de Moaña. Pero este non lle afectaría ao de Castrelos".

Insiste, ademais, en que nunca houbo acordo definitivo. "Non hai nada escrito-dí- e nós nunca facemos nada verbalmente; todo é por contrato, e máis cando Bibiano Morón ou a súa promotora nos debe aínda o concerto do Intercéltico de hai dous anos cos *Chieftains*". Conde asegura que se a ruptura de negociacións con *Arte Aberto* non se fixo até o

día 31 foi porque até daquela a promotora lles aceptaba as súas condicións. Sen embargo, recorda que as negociacións foron desde o comezo un "desbaraxuste" e a promotora "distribuíu os carteis e a publicidade do concerto sen enviarnos sequer un fax confirmando formalmente o seu interese polo artista, como é habitual". Por outra banda, nega que agardaran ao último momento para comunicarlle á promotora que non querían tocar cos demais grupos: "Sabíao desde o 20 de Xullo e contestou que se ía arranzar". Ademais, segundo o representante do músico, a empresa nunca notificou a súa intención de incluír dous grupos máis, "algo que o artista rexeita habitualmente por alonxar en exceso os concertos propiciando o desmadre e que a xente chegue cansa á terceira actuación", nen que un deles fose o formado por antigos membros da banda de Carlos Núñez; o que, segundo Conde, dá idea da "falla de tacto" e a "pouca profesionalidade" dos encargados do programa.

Escritor alemán Golo Man relata como se deu en imaxinar aos literatos como individuos máis ou menos subversivos, que viven ao día, dependendo da agudeza da súa pluma, que se deitan e se levantan tarde, que sosteñen conversas afectadas nos cafés, vaidosos, enfatuados, débiles, de anteollos montados en grosos armazóns de carei. E semellante caricatura puidera ser válida tamén, claro está, para as literatas.

Menosprezo polo literato, polo intelectual, en xeral pola "xente da cultura", non é novo. Desde a Igrexa Católica, para quen tradicionalmente todo intelectual é sospeitoso, até certos sectores do sindicalismo, que ven no "homme de Jettres" un vago ou parásito social, a figura do intelectual provoca sentimentos confusos que, mesmo ás veces, se transforman en odio.

Sabido é que en todos os movementos revolucionarios que tiveron lugar desde finais do século XVIII, os intelectuais e as xentes da cultura exerceron un papel decisivo. Entre nós, no Rexurdimento, foron claves os literatos e os intelectuais como Manuel Murguía, Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Curros Enríquez. E cando se crea o Partido Galeguista, precisamente na Asemblea de constitución, están presentes Lufrís Freire, Plácido R. Castro, Luís Tobío, Ricardo Carvalho Calero, Valentin Paz Andrade, Xesús Ferro Couselo, Alvaro das Casas, Xosé Filgueira Valverde e os que xa eran deputados, Castelao, Otero Pedrayo e Suárez Picallo.

Escritor nazi Ernst Jünger referíase en 1926 aos intelectuais como un "exército de cerebros altamente áxeis e sen conciencia, que traballa na disgregación da fe, na barata ironización do heroico e no socavamento de toda dignidade humana". E neste antiintelectualismo visceral —que hoxe volve a medrar entre nós— non esquezamos ao antimarxista Raymond Aron ou ao economista Joseph Schumpeter, que condenan ao intelectual ao resentimento e á impotencia.

É preciso fronte a certa tradición existente e sobre todo fronte ás condicións que se dan no tempo histórico actual reactivar o *engagement* sartreano. É preciso que os literatos, os artistas, os intelectuais, a xente da cultura, se compromentan coa sociedade. E non só coa sociedade do presente senón tamén coa sociedade do futuro. Tal como nos lembra o sociólogo Louis Bodin, "estar comprometidos e sermos intelectuais é un pleonasmio; o intelectual non comprometido é unha ilusión". Diante do menosprezo existente pola figura dos intelectuais, só cabe, por parte destes, pasar á acción e facer da intelixencia e da razón un instrumento activo posto ao servizo da sociedade, da moral democrática e do progreso colectivo.





## ■ Na Lua xiran por Croacia e Itália

Nestes primeiros días de Agosto, o grupo *Na Lua*, anda de xira por Itália, nas cidades de Spilimbergo, Padova, Belludo e Verona, e Croacia, en Verteblegio. Ademais de xirar por numerosas cidades do Estado, o grupo, con cinco discos gravados xa, participará neste mes nos festivais da Mezquita, en Ourense, e no Irmandiño de Moeche e dará concertos en Vilanova de Arousa e Betanzos. ♦

## ■ Páxinas coa historia dos concellos de Abegondo e Redondela

Xurden novos traballos que pretenden recuperar parte da memoria perdida nos concellos galegos. Apresentouse *O concello de Redondela 1931/1939*, un estudio das actas dos plenos do concello levado a cabo por Carlos Antuña Soto e promovido polo Ateneo Redondelán, que pon de manifesto através dos documen-

tos os cambios introducidos na vila, primeiro pola II República, despois pola guerra. O traballo está orientado, sobre todo, aos centros de ensino como un material de divulgación. Pola súa parte, o traballo de Xoan X. Rocha Castro, *Abegondo. Un curruncho das mariñas*, recolle a historia deste concello desde o ano 1836, data da constitución do mesmo, até a actualidade. O autor reseña a dificultade de compilar información, xa que non hai arquivo municipal desde 1948 para atrás por mor dun incéndio. ♦

## ■ Festa dos Botes en Arzua

A vila da Arzua celebra os días 10 e 11 de Agosto a Festa dos Botes que, desde hai uns anos, leva o pop e rock á vila. Nesta edición, actúan *Vancouver*, *Sexy Sadie* e *Mercromina* o primeiro día a partir das once da noite. O Domingo 11, a partir das dez, tócalo o turno aos grupos galegos con *Los Feliz*, de Vigo, os ponteareanos de *O caimán do río Tea* e *Blood Filloas*, de Ferrol. A entrada é libre. ♦

## ■ Festivais rock en Maceda e na Cañiza

O 1º Maceda Rock ten lugar o Luns 12 a partir das once da noite e nel tocan tres grupos: os locais de *Peñón Fijo*, os vigueses de *Foggy Mental Breakdown* e os ponteareanos de *O caimán do río Tea*, que repiten tras tocar en

## Xerais publica a Coroa poética para un mártir

Alonso Montero recopilou os versos adicados a Bóveda

Celso Emílio Ferreiro, Manuel María, Méndez Ferrín, Xaquina Trillo, Avilés de Taramancos... e así até vinteito distintos poetas teñen deixado o seu verso criador e apaixonado en lembranza do patriota ue caeu na Caeira. Xesus Alonso Montero recopilou todo este pulo poético producido nestes sesenta anos, e co gallo do aniversario publícaos todos xuntos nunha obra fóra de colección, aberta cunha fermosa foto até agora nunca publicada de Bóveda e Amália Álvarez Gallego, a súa compañeira.

Alonso Montero reivindica a publicación dos textos en prosa, dispersos en xornais e comunicacións internas do Partido Galeguista, realizadas por Bóveda, e mesmo anuncia a futura exhumación dalguns textos poéticos do propio Alexandre que conserva o seu fillo Xosé Luís.

A antoloxía arrinca cun verso de Luis Seoane, feitos no propio 1936 baixo o pseudónimo de Conrado Alem, que despois utilizou máis veces, e remata cun traballo de Méndez Ferrín, que anteriormente lembrara a Bóveda co rubro Heriberto Bens. O uso de pseudónimos en moitas composicións (Verduguillo/Ra-



món Rey Baltar ou Nedel/Florencio Delgado Gurriarán) tamén retratan unha época de escuridade, na que os mortos propios tiñan que ser homenaxeados en silencio ou clandestinamente.

Con maior ou menor sorte literaria, os versos destilan sinceridade e patriotismo e saen puntualmente á cita de homenaxe que se vai celebrar o vindeiro 17 de Agosto, tanto en Poio como en Pontevedra.

Avilés de Taramancos escribía

no 1986, e recitaba en Soutomaior, "Nada que non leve o seu nome; nada / que non leve o fermento da súa valentía / ha de ser permanente. Galiza sedimenta / sobre ese corpo espido, / sobre esa malferida arxila afervoada / toda a súa colleita de menceiros sen chumbo. / O povo, esa memoria que alguén nos arrebatou, / está bebendo a grolos no monte da Caeira / o lume da lembranza. / A pátria, esa palabra última que cantou que cantou o seu labre, / está collendo a fonda dimensión da palabra." ♦

Arzua dentro da súa xira "O caimán sae da lavadora". A entrada é libre. Tamén na Cañiza organizan o seu propio festival, o 1º Xamon's Rock que a organización conta que dure de seis a sete horas. A partir das dez da noite e na zona do Carballo do Marco actúan sete grupos: *Porco Teixo*, da Cañiza, *Crazy Cabuxa*, *Levis Stragos*, *Cinco contra uno*, *Míssery*, *Anal Intru-*

*der* e *Rabia*, os bilbainos, único grupo de fora da Galiza. ♦

## ■ Comic e cinema en Marín

Até o 10 de Agosto aínda se pode ver a exposición *Comic e Anime 96*, que se celebra nos locais do

Ateneo Santa Cecilia de Marín e que combina o debuxo animado impreso coa imaxe en movemento. Esta mostra serve de trinque de novas tendencias en cómic, como o *manga* pero tamén amosa o camiño dos novos debuxantes do país. Segundo os organizadores, *Cómic e anime*, foi un éxito a xulgar pola asistencia ás exposicións e proxeccións de películas. ♦

# O Revoltallo de Músicas Emerxentes chega á terceira edición co protagonismo de Portugal

Celébrase no Monte dos Pozos, en Vigo, do 10 ao 18 de Agosto

Exa é a terceira edición do *Revoltallo*, que nos dous anos anteriores fixo que centos de mozos e mozas de Vigo subiran ao Monte dos Pozos e, de paso coñeceran o barrio de Valadares. Xa se fala de el como un punto de encontro das bandas galegas, sobre todo das que comezan pero este ano abriuse a Portugal dun xeito sorprendente. A idea sempre estivo en mente do seu organizador, Carlos Alonso, pero este ano fíxose real dun xeito pleno; grupos de Portugal estarán como convidados e como participantes nos diferentes concursos. O *Revoltallo* segue tendo un norde: levar a cabo un encontro musical distinto.

Un desfile de modelos dos rapaces de Valadares abre o día 10 o *Revoltallo de Música Emerxente*. O

teu gozo no Monte dos Pozos. O Luns 12, ás dez e média, a Música Folk con *Boureo*, *Pelica de Can* e *Artai*. O día 13, á mesma hora, día adicado ás bandas lusitanas con *Joney-bec*, de Porto, *No Tolerance for Silence*, da mesma cidade, *Turbo Junkie*, de Vilar de Conde e os lisboetas de RAMP, completando o cartel *No hay manera*, de Vigo. "Este anos puidemos cumprir co noso obxectivo de traer a música portuguesa a Galiza. Nos concursos, hai unha maioría de bandas da outra beira do Miño", comenta Carlos Alonso.

O cartel desta edición aparece moito máis completo que nas anteriores. Segundo o organizador, non é cuestión de cartos, senon de experiencia e de "xestión, esa palabra que se usa tanto pero é que uns contactos levan a outros

e iso fai posíbel que poidas traer a máis bandas". A música de baile, tan en auge nos últimos tempos, continuará despois da experiencia do pasado ano. O Mércores 14, a partir das dez, os afezoados poden disfrutalos dos disc-jockeys ao ar libre: Miqui Puig, o cantante de *Los Sencillos*, *DC Manhattan*, *Prozac*, de Vigo, *Viktor Flores*, *Colectivo Peatón* e *Fernando*, da mesma cidade e *Ningures*, de Santiago. A novidade musical chega ao día seguinte co *hip-hop*, con escasos representantes na Galiza e case descoñecidos. Actúan a partir das dez, *A ti que te importa*, de Ourense, *Fundación Cru*, de Santiago, *Frank-T*, ex líder dos madrileños *Club de los poetas violentos*, *Nada*, de Zaragoza e *Kontainer*, de Lugo. Os graffitis fanse desde a mañá. Todo o que estea interesado en

acampar no monte pode facelo por tres mil pesetas durante toda a semana perto da feira da música independente, onde se vende variedade de material musical.

Os tres últimos días son os adicados aos concursos. Os grupos envían as súas maquetas ao Centro Cultural de Valadares e alí seleccionan os que entran nos certames. Ademais deles, haberá grupos convidados. O día 16, músicas distintas con *Salterium*, *Altercado Jazz Trio* e o rapeiro Pinto d'Herbón. O concurso pop-rock do día 17 ten como convidados a *Mastines*, *Los Felix* e o grupo de Lisboa *Sugarbelles* e o metal punk do día 18, a *The Feixons*, gañadores na edición pasada, *Absorbed* e *Dissaffected*, outro grupo da capital portuguesa.

Carlos Alonso reseña tamén como novidade a mostra de vídeo que terá lugar os días 15, 16 e 17 no parque da Riouxa, no barrio de Teis, na outra punta de Vigo, en colaboración co Cineclub *Lumiere*. "A idea do *Revoltallo* é que, máis aló de Valadares, poida espallarse por toda a cidade, buscando novos cenários. Todo xira arredor dunha idea diferente do festival porque para facer un concerto, simplemente colles o teléfono e chamas aos grupos. O *Revoltallo* quere implicar a máis xente e a máis barrios. Non é que teñamos máis cartos, ao contrário, o centro cultural do barrio ten que cargar coa maioría dos gastos pero cun pouco de esforzo e a procura de máis axudas podemos continuar con esta liña de combinar espectáculos alternativos co ar libre", comentá Carlos Alonso. ♦



conta de libros

Relatos que enfan as verbas co cinema

Narradores de cine é un libro que presenta Xerais e que reúne a nove autores cun fio común: os seus relatos atopan no cinema unha fonte de inspiración dun ou doutro xeito. Os escritores son Fran Alonso, Ramón Caride Ogando, Xosé Cid Cabido, Chesi, Francisco X. Fernández Naval, Camilo Franco, Xosé Antonio García Rodríguez, Xerardo Méndez e Xavier Queipo. Para algúns, o cinema como imaxe evocadora, para outros, o cinema como xeito de escribir e, en xeral, unha maneira de evocar imaxes para o lector. ♦

Livro das devoracións de Pilar Pallarés

"Algun consolo inxénuo ao final desta idade e simular que a vida aínda reserva rostos que osaremos amar,

ecos de algunhas voces que do pasado volten, e osal doutras riveiras. Mais hoxe leo as páxinas espidas do que teño e na balanza manda o peso do que perdo, a materia lunar á

que se entrega a tarde". Pilar Pallarés escribe desde a resignación pero tamén desde o inevitábel impulso de sobrevivir neste seu último poemario *Livro das devoracións*, que publica Espiral Maior. Poemas para comprenderse mellor como persoa e muller co particular estilo desta autora. ♦

Política e sociedade por Xosé Manuel Beiras

O Estado da Nación, que publica Laivento, ofrece nas súas páxinas nove documentos do autor que corresponden á vida política e social galega do período 1989-1995. Estes

documentos son discursos que Xosé Manuel Beiras realizou en momentos importantes como as sesións de investidura do presidente da Xunta en 1990 e 1993, en

debates do Estado da Nación e nos Dias da Pátria de 1993 e 1995. ♦

Contos do Outono de José Ramon Rodrigues

A editorial de Madrid Renovação publica *Contos do Outono* de José Ramon Rodrigues Fernandes, descrito como un escritor que se adica á literatura no seu tempo libre. Nacido no Incio e alcumado Moncho de Fidalgo, xa ten escrito outros libros como *Seguindo o camiño do vento* ou *Contos de fada en Do maior*. Cinco relatos que abren con *A derradeira primavera*. ♦

Leituras


Non foi así mais poidera ter sido

**Título:** As paisaxes compartidas.  
**Autor:** Manuel Lourenzo González.  
**Editorial:** Laivento.

Con esta xa son tres as semanas, unha tras doutra, que veño escomezando o comentario a un libro dos nosos escritores coa verba "orixinalidade". Un, que xoga á primitiva máis por costume que por fe, hai tempo que non cre na casualidade. Coido que non sería moi arriscado afirmar que a nosa literatura anda á procura de novos camiños de expresión nos distintos eidos da mesma (estrutura, tema, estilo,...). Isto débese mirar como un sinal de madurez das nosas letras e, polo mesmo, un motivo de leducia. ¡Lástima que non poidamos dicir o mesmo doutros niveis do noso idioma!

A última obra de Manuel Lourenzo González, premio de narración curta Ricardo Carvalho Calero 1995. "As paisaxes compartidas" ten moito do que estou a matinar.

As nove narracións ou "paisaxes", como prefere lles chamar o autor, teñen de común Galicia, os galegos e un pasado reinventado por el mesmo. Narradas nun ton supostamente épico as nove historias rematan sendo máis ben líricas que épicas. A partires dun núcleo orixinal ou recreado o autor vai situar nun tempo histórico e nun espazo xeográfico, ámbolos dous referenciais máis imposibles, nos que vai desenvolver a narración. Cunha grande dose de imaxinación Lourenzo iranos presentando personaxes



Manuel Lourenzo González.

que andan a cabalo entre o mito, a fábula e a lenda. No medio dese mundo máxico o autor non deixa de lle chiscar, de cando en vez, un ollo ó lector con claras referencias ós nosos tempos e problemas.

Os príncipes, baleas, sereas, homes-oso, princesas orientais, cidades máxicas penduradas no ar, arquitectos, hunos, bardos e demais personaxes que poboan as 132 páxinas do libro non pretenden ser heroes de Tolkien nin coñecidos do Merlin cunqueirán. Teñen a súa historia que contar e fanno con voz propia, persoal, e dun xeito certamente ben orixinal.

Tinguido todo el dunha fina ironía o libro é de doada lectura, por máis que esteamos diante dun texto moi traballado. A

linguaxe empregada amósanos un autor que a mamou no berce e que foi quen de, sen perder a autenticidade, enriquecela sen artificiosidades nin penderías.

Imprescindible antes de escomezar o libro ler a contraportada e mais o prólogo, dúas claves que abren portas que iluminan o texto e axudan a un mellor entendemento do mesmo. ♦

X.Mª DE CASTRO ERROTETA

Cinema

Renovación no Festival de Donostia

**Evento:** Festival de Donostia.  
**Data:** Do 19 ao 28 de Setembro.

A equipa organizadora do festival donostiarra, á fronte do que está o veterano Diego Galán, ten xa deseñado o esquema principal da súa cadaxésimo-cuarta edición, a se celebrar entre os días 19 e 28 de Setembro. A institución de novos premios con abondosos orzamentos, a modalidade da súa concesión e a preparación de sinaladas homenaxes constitúen o máis salientábel deste importante evento cinematográfico.

Co apoio dos seus dous principais pilares, a Sección Oficial e Zabaltegi/Zona Aberta, o Nazionarteko Zinemaldia Donostia 96/ Festival Internacional de Cine de San Sebastián tenderá ao mundo, máis unha vez, a súa habitual ponte cinematográfica.

Ambas seccións ofrecerán conxuntamente un panorama da produción internacional máis recente. Senllos xurados internacionais decidirán os premios oficiais. Zabaltegi —que axuntará películas exhibidas noutros festivais, diversas "óperas primas" en toda caste de formatos, filmes realizados ou interpretados por algun dos membros do xurado e outras películas que, por diversas razóns, no se incluan na Sección Oficial— incorpora este ano un novo galardón. Dotado con cinco millóns de pesetas, destinados ao distribuidor español, para


NARRATIVA

A nosa mellor literatura


Nove contos galegos sobre o cine

Fran Alonso, Ramón Caride Ogando, Xosé Cid Cabido, Chesi, Francisco X. Fernández Naval, Camilo Franco, José Antonio García Rodríguez, Xerardo Méndez e Xavier Queipo son os autores deste volume que acolle nove relatos sobre o cine. Autores que admiten ter recibido unha certa educación sentimental do cine, de cando máis ca espectáculo era refuxio.

NA MESMA COLECCIÓN




NARRADORES DE CINE



LOBOS NAS ILLAS

Marilar Aleixandre



A CASA DE ADARA

Alfredo Conde



## Cinema



O cine da época franquista poderase ver en Donostía.

o labor promocional do filme, este premio concederáse por votación popular e a el só poderán optar as películas que non o fagan ao oficial, Euskal Media. Este galardón, pola súa parte, cunha cuantía de vintecinco millóns de pesetas, concederáse a partir de agora sen o compromiso de ser invertido nunha nova película coproducida coa devandita entidade.

## Pesimismo e ironía

Alén disto, esta edición dedicará un ciclo a Tod Browning, o Edgar Allan Poe do cine. Autor de títulos como "Freaks", ("A parada dos monstruos"), "Dracula", "The Unholy Thre" ("O trio fantástico") ou "The Devil Doll" ("Monecos infernais"), Brownig foi un fecundo cineasta cun universo propio que, através da fantasía deu unha visión auténtica, pesimista e irónica, da condición humana. Completada coa publicación do libro "O mundo segredo de Tod Browning", escrito polos especialistas David J. Skal e Elias Savada, esta mostra, a máis completa —segundo os seus organizadores— das até o momento programadas, recuperará a memoria da vida e a obra deste peculiar e imaxinativo autor.

O controvertido Eloy de la Iglesia verá igualmente revisada a súa obra na presente edición. Cineasta polémico, cronista dos mundos subterráneos, apenas visitados polo cinema español, de la Iglesia aporta, através de vinte anos de traballo, unha curiosa, arriscada e ás veces benhumorada visión da sociedade española. A programación do total da súa produción, vinteun títulos, "Fantasía 3", "Los placeres ocultos", "El sacerdote", "El diputado", "Navajeros", "El Pico" e "La estanquera de Vallecas", entre outros, deixarán constancia da súa ollada denunciadora e persoal estética cinematográfica.

## Eloy de la Iglesia verá revisada a súa obra. Cineasta polémico, cronista dos mundos subterráneos, apenas visitados polo cinema español

## O pesadelo vermello

Desde o comezo, o cinema foi cobizado obxecto de desexo das tendencias políticas todas, na

intención de o utilizar como instrumento de difusión de ideas e propaganda. Na xeira de sete anos do infausto senador Joseph McCarthy producíronse nos EEUU unha mancha de moi diferentes películas de claro matiz anticomunista. Un ciclo coa denominación "La pesadilla roja" axuntará doce títulos pertencentes a este período no que o tristemente famoso senador emprendeu ademais a encarnizada "Caza de Bruxas". Entre outros, poderanse ver "The Iron Curtain" (William A. Wellman, 1948), "I married a communist" (Robert Stevenson, 1949), "I was a communist for the FBI" (Gordon Douglas, 1951), "Diplomatic Courier" (Henry Hathaway, 1952), "Man on a tight rope" (Elia Kazan, 1953) y "Pick up on South Street" (Samuel Fuller, 1953).

Asemade, "Raza" (J.L. Sáenz de Heredia, 1941), "... Y eligió el infierno" (César Fdez. Ardavin, 1942), "La señora de Fátima" (Rafael Gil, 1951), "Embajadores en el Infierno" (J.M. Forqué, 1956) e "Rapsodia de sangre" (A. Isasi Isasmendi, 1957), entre un total de dez títulos, darán unha visión paralela da cinematografía do franquismo.

A FIPRESCI (Federación Internacional da Prensa Cinematográfica) presentará a súa acostumbrada escolma de películas premiadas perante o último ano en diferentes certames internacionais e aínda inéditas entre o grande público. A sección Made in Spanish acollerá títulos diversos da máis recente produción española e de América Latina. Por cabo, as proxeccións na pantalla xigante do Velódromo de Anoeta e máis unha escolma de obras mestras que se coidaban definitivamente perdidas e que, unha vez recuperadas, está agora a restaurar o denominado proxecto Lumière, dependente do Programa Media I, títulos que se proxeccionarán nos seus formatos orixinais e con acompañamento musical en directo, completarán a ampla oferta desta edición número cuarenta e catro do máis veterano dos grandes festivais españois. ♦

MIGUEL CASTELO

## conta de discos



## Marina Rossell en español

**Autora:** Marina Rossell.  
**Título:** Ha llovido.  
**Edita:** Picap, S.L.

Axéitase doadamente Marina Rossell ao seu novo idioma cantado, xa que mudou desta vez o seu habitual caralán por un español con ánsia expansiva verbo da difusión do seu canto —cousa discutíbel—, e na fonética apenas quedan fendas dunha intérprete identificada cunha determinada lingua. É dicir: a Rossell semella unha cantautora plenamente instalada no castelán. E escolleu un repertorio coherente, de cancións íntimas, tratadas no instrumental con esa atmósfera cómplice de espazos reducidos, como quen fai confidencias cantando.

Comeza dando conta do paso do tempo, e faíno cun tema do Pedro Guerra, "Ha llovido", antoloxico entre os máis escollidos de calquera escolma posíbel; observacións, cavilacións sobre a vida cotián como aquela que confunde, seguramente tencionadamente, o cine co prosaico latexar social —"Trátame bien"—, e conclúe cun tópico que ben pode dar idea da globalidade do disco para quen non o teña escoitado: "Yo te diré", canción de innúmeras versións, brillantemente abordada pola Marina, nesta nova entrega, desta vez deseñada e desenrolada en base a cantos de alcoba. Naturalmente, está ben acompañada, cunha chea de instrumentistas que cobren con dignidade o necesario arroupamento musical para que a gravación sexa redonda. ♦

## Cancións ensoñadoras

**Autora:** Mairi Mac Innes.  
**Título:** This faelin inside.  
**Edita:** Ed. Resistencia S.L.


Nova musa céltica, desta vez procedente das Illas Hébridas: Mairi Mac Innes, que simultanea neste disco o seu gaélico natal co universal inglés. En ambos casos, o seu intenso canto discorre moito máis



polos derroteiros da melodía que do ritmo, e as historias que conta están tinguidas dunha certa mensaxe de tristeza, aínda que continuamente emita proclamas optimistas, que impeden durante a escoita cair na depresión. Mac Innes deu cunha obra acorde coa que semella ser a súa sensibilidade, alomenos artística, e o propio título é revelador ao respecto: "Isto que sinto dentro", no que canta: "seguireite entre as néboas do tempo / ata volver atoparnos / na terra dos meus devanceiros". É un fragmento da canción-resumo de todo o disco. ♦

## Os mártires do 36

Tríce biografías de outras tantas vítimas da sublevación militar do 18 de Xullo. Galeguistas, sindicalistas, socialistas, comunistas, alcaldes e gobernadores eleitos democráticamente... un percorrido polo drama que supuxo para Galiza a quebra da esperanza nacida da República e do Estatuto do 36. Lembrando aquela frase de Castelao, "Moitas veces os mártires crean mundos que os herois nin tansiquera son capaces de concebir. E na miña Terra complírase a vontade dos mártires".



## PRESENTACIÓN

EN

## A ESTRADA

DAS

PUBLICACIÓNS DE EDICIÓN A NOSA TERRA CON MOTIVO DO 60 ANIVERSARIO DO GOLPE MILITAR DE 1936

VENRES 16 DE AGOSTO AS 20,30 HORAS

DÍA DA GALIZA MARTIR

NA ASOCIACIÓN CULTURAL DA ESTRADA

COA INTERVENCIÓN DE

DIONISIO PEREIRA (HISTORIADOR)

XOAN CARLOS GARRIDO COUCEIRO (HISTORIADOR)

ORGANIZA A.C. DA ESTRADA



# O Festival de Pardiñas cumpre dezasete anos e mantense sen subvencións

## Consolídase como a "Feira e Festa da Música e da Arte"

♦ PAULA BERGANTIÑOS

Perto de 20.000 persoas disfrutaron esta fin de semana da XVII edición do *Festival de Pardiñas*. Facendo xustiza a súa seña de identidade, *Feira e Festa da Música e da Arte*, mergullou aos visitantes nunha variada oferta de exposicións e puntos de venda. Duas noites con sons en directo chegados de Irlanda, Galiza, Euskadi e EEUU completaron o programa. Para a *Asociación Cultural Xermolos* a música "non se concibe aillada das outras expresións culturais e por iso hai espazos adicados á artesanía, as artes gráficas e as letras."

"Convoco a un aplauso colectivo no que participen o sol, a lua e mailas estrelas, as vacas, aínda non tolas da nosa Terra e mailos cans de palleiro, e todo ser vivinte, para este *Festival de Pardiñas*, que tan ben vai sabendo achegarse ás nosas raíces culturais e deu intuído que sen festa non hai Galiza". Acompañado de escritores como Manuel María, Bernardino Graña, Paco Martín ou Darío Xoan Cabana, así pechaba Xosé Chao Rego o pregón da XVII edición da *Feira e festa de Música e da Arte*

Os verdes arredores do Balneario de Pardiñas enchéronse de cor acollendo os traballos dos máis de coarenta artesáns que se achegaron desde toda Galiza até esta parroquia do concello lugués de Guitiriz. Zoqueiros, cesteiros, alfairos, pallleiras e tecelás amosaron o seu bo facer desde a tardía do Sábado nas casetas de xestas e de madeira coidadosamente construídas e integradas na paisaxe do lugar. Non moi lonxe, a exposición de fotografía, cerámica e



Os espontáneos animaron a Mostra de Instrumentos.

P. BERGANTIÑOS

pintura mantivo as portas abertas toda a fin de semana. Como en cada edición concedéronse premios aos mellores traballos. Carmen Gómez foi a agraciada co de cerámica e nunha peza de Xavier Quijada e Fernando Salgado recaiu o de escultura.

Unha das actividades que máis interese espertou foi a Mostra de Instrumentos Tradicionais. É o terceiro ano que a Asociación de Gaiteiros Galegos escolle Pardiñas como marco para a exaltación da música, do baile e das tradicións populares, empregando formulas que estimulan a espontaneidade e a participación da xente. "Ademais de ser un punto de encontro de intérpretes e artesáns, a mostra permite observar ano tras ano a

evolución do traballo dos diferentes artesáns e instrumentos", explica Xaneco Tubio, Secretario da Asociación de Gaiteiros. Para Xaneco Tubio esta actividade anual, organizada en colaboración coa Asociación Cultural Xermolos estase a converter nun bon precedente para alimentar o cooperativismo dos artesáns.

A mostra abreuse a outras culturas e na exposición participaron artesáns de Asturias, Portugal e Cataluña. Gaitas, pandeiretas, zamfoñas e outros instrumentos ofrecíanse a bo prezo namentres se sucedían as actuacións espontáneas nun cenario habilitado na propia mostra. O bo tempo da fin de semana permitiu que se puidesen impartir seminarios de danza tra-

dicionais nos que mozos e non tan mozos se iniciaron no coñecemento dos pasodobles, mazurcas, polcas, muiñeiras e xotas, entre outros ritmos.

### Música até o abrente

A diferenza doutros anos os lugares acondicionados para a acampada estaban cheos desde a tarde do Sábado. Pola noite o grupo de danzas e gaitas da *Asociación Cultural Xermolos*, anfitrión do festival, inaugurou o tempo das actuacións musicais e deu paso ao grupo galego *Sons do muíño*. O momento forte da noite chegou co rock orixinal, directo e sen complexos do *Caimán do río Tea*. "Estou na lavadora", tema escollido polo grupo para o

recopilatorio do *Xabarán Club* impediu que até o máis tímido se resistise a saltar. A noite escapaba e a música celta, recollida na lonxana Irlanda e interpretada por *Sugán*, despediu ao público.

Tamén o Domingo a música e a danza tradicional serviu como reclamo para o concerto nocturno. Viñeron de Euskadi e fanse chamar *Aiala Dantz Taldea*. A música galega despediuse até o vindeiro ano co grupo de música tradicional *Durindaina*. Interpretáronse pezas recollidas na comarca compostelá que amosaron a variedade e a alegría da música popular desta bisbarra. Logo desde EEUU Front Range e desde Euskadi *Os-korri*. Espallados polos arredores os máis novos despediron o festival saudando ás raiolas do sol na alborada cos sons das gaitas, as guitarras e as pandeiretas.

Perto da maioría de idade

O *Festival de Pardiñas* convertiuse, logo da desaparición durante anos do de Ortigueira, no festival folk con máis edicións ininterrompidas. O seu mantemento durante dezasete edicións débese, segundo os seus organizadores, a que se trata dun certame que non depende de subvencións institucionais.

"As raíces do *Festival de Pardiñas* son a música tradicional -explica Alfonso Blanco, coordinador do festival-. Por el pasan ano tras ano grupos de música de moi diferentes povos que propician o coñecemento da creatividade que xermola no mundo". Intérpretes como Na Lua, Milladoiro, Os Resentidos, Fuxan os Ventos, A Roda, A Quenlla ou Os Diplomáticos deixaron a súa pegada neste lugar da Terra Chá. ♦

## O concerto da ANOC quer mobilizar aos antimilitaristas do país

*Def Con Dos, Shooglenifty, Dixebra e Kaos* actúan o día 15 de Agosto en Cangas

♦ A. ESTÉVEZ

Os membros da Asemblea Nacional da Obxección de Consciencia andan nestes días preparando o 1º Concerto Antimilitarista Galego, que se vai celebrar o día 15 de Agosto no campo de fútbol de Massó de Cangas. Catro grupos, *Def Con Dos, Dixebra, Shooglenifty* e *Kaos* e un lema "Saíamos da prehistoria" para un concerto que quere implicar a toda a mocidade do país que cre nunha sociedade desmilitarizada. O encontro musical tamén servirá para lembrar aos mozos galegos na cadea por negarse a facer o servizo militar ou a PSS. A ANOC fixo pública recentemente a súa valoración do novo Código Penal como continuador da represión para os mozos insubmisos e proclamouse a favor dunha Galiza sen exércitos.



O grupo asturiano Dixebra.

*Def Con Dos* abren un cartaz variado en canto a estilos e que conta con música de Escocia, Asturias e do Morrazo. Para este grupo, metade madrileño metade galego, facer bandeira dalgunha causa non é novo. A contracorrente é o seu principio máis sólido. O seu último traballo, que xa se editou o pasado ano, titúlase *Alzheimer* e supón o quinto disco despois dos catro primeiros asaltos. A súa filosofía baséase en "tocar as narices" aos elementos dominantes da

sociedade: a Igrexa, os intelectuais, a televisión, o fútbol, os políticos ou as estrelas de rock. Pero aínda que non poidan denominarse estrelas, o seu sino cambiou de abondo desde que os seus cenários habituais estaban máis por Galiza que pola capital do reino, cando tocaban ante medio centenar de persoas. En troques, agora, compoñen bandas sonoras famosas e actúan en sás de grande capacidade. Desde Decembro non viñan pola Galiza e é este concerto da ANOC quen ofrecerá a oportunidade de velos en directo, con máis sorpresas que nos discos.

*Dixebra* veñen a Cangas a dar a coñecer o rock asturiano ao que incorporan a gaita como instrumento tradicional aínda que é unha característica do grupo incorporar melodías populares no seu repertorio. *Dixebra*, que xa estive-

ron pola Galiza, xiran moito por Asturias aderíndose a causas como a cooficialidade do asturiano, contra o paro ou contra o racismo. As súas críticas os definen como un grupo en directo xa que provocan a participación espontánea de todos. Tamen se unen ao concerto antimilitarista os escoceses de *Shooglenifty*, xa habituais nos concertos galegos despois de pasar polo de Ortigueira ou por Santiago, entre outros. Experimentados en *jam-sessions* de taberna, o grupo escocés recolle a tradición musical do seu país coa intención de que o seu público baile nos concertos. En representación do Morrazo e neste concerto antimilitarista, actúan *Kaos*, que se definen como loitadores contra toda autoridade. *Ska* máis *hardcore* poñerán a nota do país neste encontro que os organizadores esperan que mobilice a todas e todos os antimilitaristas do país. ♦



Lalo R. Villar  
apresenta  
as fotografías  
de sete anos  
en Balaidos



## Mambrus á guerra: imaxes dunha tarde de fútbol

♦ A. ESTÉVEZ

O fútbol aparece nas fotografías de Lalo R. Villar como un fenómeno total, que envolve nas tardes do Domingo a miles de persoas. Pero, ao mesmo tempo, a tarde de fútbol que se reflicte nas súas fotos é un parentese na vida cotiá, un anaco de irrealidade que dura dúas horas, un cenário ao que se vai cada quince días. Despois de sete anos disparando a cámara no estadio de Balaidos, Lalo R. Villar, que traballa normalmente para *Diario 16*, ofrece unha visión universal do deporte espectáculo, baixo o título de *Mambrus á guerra*, onde compila unha etapa importante do seu traballo que culminou a pasada tempada co primeiro premio que a Fundación de Fútbol Profesio-

nal outorgou ao seu traballo.

Corenta e sete fotografías, que se expoñen na Casa das Artes de Vigo, acadan o seu significado pleno cos textos de Alvaro Otero e o deseño de Quin Alborés. "A exposición comeza cos gatos, que son os verdadeiros donos do estadio até que, cada quince días, teñen que ceder o seu espazo a unha morea de xente que se pon a berrar. É o momento no que comeza o partido", di Lalo R. Villar. O formato panorámico utilizado en todas as fotografías reforza o senso de universalidade, o mesmo que as figuras sen rostro, figuras que poden ser a de calquer afeizoado ao fútbol. Porque o que sinala este fotógrafo é que máis que o seu traballo foi levado a cabo en

Balaidos, as imaxes son as dunha tarde de fútbol cunha mensaxe que poden entender afeizoados ou non, celtistas ou de calqueira outra equipa.

Hai un antes e un despois do partido, un fóra e un dentro do estadio. O fútbol é percorrido desde o campo e as bancadas, desde o vestiário e o banquiño. Son sete anos en fotos pero hai elementos que perviven nese Domingo: a chegada dos xogadores, a instalación de postos onde se venden desde bufandas e gorros até pipas, a festa nos bares, a tensión do adestrador. Ademais dos anos nos que se fixeron as fotografías, o tempo tamén foi necesario para erguer este proxecto. Lalo R. Villar sinala os oito meses deste traballo

de equipa, fotografía máis literaria máis deseño, no que foi necesaria a financiación dalgunhas empresas para levala a cabo. Despois de Vigo, irá a Madrid e, posteriormente, voltará a Galiza. Ao autor gostárialle levar *Mambrus á guerra* aos centros galegos de Latinoamérica.

A imaxe garda un concepto que dá pé a Alvaro Otero para disertar sobre o que chama "as nosas contradicións". O diñeiro tamén está presente nas fotos do fotógrafo, que conxuga o periodismo coa imaxe artística. A preocupación dos directivos da equipa de fútbol minutos antes dun encontro abre os ollos sobre o negocio do fútbol. "A diferenza con respecto a calquera outro negocio reside en que, se vai

ao garete, o empresario termina tamén cun anaco de historia. E iso é máis importante co de Mastroich", escribe Otero. E é que nada parece importar nesa tarde de fútbol máis que o que xira ao redor do estadio, un microuniverso que abre ás cinco e pecha ás sete e que agacha o fútbol social, o fútbol pop, o fútbol tensión, o fútbol levitación, o fútbol erótico, o fútbol verbena, o fútbol diñeiro. *Mambrus á guerra* é o título da mostra que ven dado pola imaxe dos futbolistas feridos e suxos despois de pelexar o partido pero *mambrus* son todos os que aparecen e non aparecen nas fotos de Lalo R. Villar e que quentan as bancadas Domingo si Domingo non berrando durante un ano que comeza sempre en Setembro. ♦

## Vari Caramés: 'Na fotografía importa máis o talento que os medios técnicos'

Ten aberta, na Casa da Parra, *Visión Animal*

♦ MICKI BERTOXXO

"Todo está feito e inventado desde hai tempo. Daquela sobran definicións, fórmulas estereotipadas, adscripcións a estilos. Hai que gastar os ollos até atopar a tua propia fórmula", define Caramés o oficio de fotógrafo. O fotógrafo ferrolán afincado na Coruña, amosa durante todo este mes a súa última exposición, *Visión Animal*, na Casa da Parra en Santiago.

"Dicia Picasso que había moitos pintores, pero moi poucos artistas. O mesmo ocorre coa fotografía. Moi poucos teñen ese xénio, esa forza... Supón toda unha vida chegar a atopar e aperfezoar esa fórmula diferenciada. Góstanme atoparme coas situacións; xamais preparo nada, non me gustan as postas en cena — que, polo demais, respeito profundamente. Tento descubrir a fotografía que vou realizar e tirarlle todo o zume.

"A fotografía é como unha imaxe conxelada, pero cunha virtude: pon de actualidade vivencias pretéritas. Non só dá conta dun determinado emprazamento físico, ou dunha condición climática pontual; pódete informar sobre



un estado psicolóxico, falarche de virtuais fóbias ou outras obsesións inconfesábeis, representar unha secuencia vital completa ou suxerir certos apontes autobiográficos". Acrescenta Vari Caramés "sei que nunha fotografía pode haber algo especialmente poderoso e inductor, que reside na capacidade para apreender a sustancia dun determinado obxecto — sexa unha persoa ou un obxecto inani-

mado— por parte do manipulador. É, sen dúbida, un exercicio de abstracción".

Para esa fotografía que sempre tería desexado ter feito, Vari Caramés leva un pequeno bloc, no que a falta de máquina apunta unha rua, un lugar preciso ou un detalle. É un cazador de bolboretas suxeito ao azar. Mesmo así nas súas fotografías hai

algo impercechoiro, "sinto unha fascinación especial polo intemporal, se cabe cun certo grau de indefinición e á súa vez con arvedraio. Nunca me gustaron os traxes novos, prefiro as abstraccións e os defectos con efectos; encátame avelentarse as fotografías, confundilas, borrar a aura de actualidade que posúen. O laboratorio

permítete persoalizar toda esa fotografía, matizala como che peta, facer que a realidade sucumba ante a imaxinación".

Mellor talento que equipa

No 1992, o Centro Arte Sofía presentou unha mostra de fotografía española contemporánea. Tres referencias de Vari Caramés figuraban no apartado xe-


nérico de *Tradición Documental*, "faltaba xente, pero foi o máis extenso e representativo que se fixo. Seleccionar 48 fotografías tiño que ser moi difícil, e non me gustaría estar no pelexo do comisario. Foi moitísima xente porque a fotografía é unha manifestación rabiosamente contemporánea: directa, popular, impactante, e que non require un excesivo esforzo interpretativo, cando menos en principio".

Vari Caramés non ten reservas á hora de falar de influencias, "entusiásmame Man Ray. Foi un provocador, un escéptico e un innovador nato. Un "moderno" de verdade! Moitas cousas que hoxe se fan non son máis ca vemicos do que se fixo naquela época ou nas inmediatamente sucesivas".

"Son os menos os que logran aportar unha visión das cousas non só diferente, senón diferenciada. E non se pode suplir o xénio cos medios técnicos dos que se dispón hoxe en día, nen escamotearlle ao público a posíbel influencia de alguén, ben sexa Man Ray ou calquer outro. Imaxina a Fritz Lang coas posibilidades técnicas do cine actual! Para min está clara a cousa: poucos medios e moito talento, e non á inversa". ♦



Anxo Angueira ven de gañar o III Premio de Narrativa Breve Café Dublin co seu libro *Bágoas de facer illas*, que se publicará cando remate o verán. Tamén saíran á luz este ano dous libros máis deste autor, da poesía, da que procede, da que non quere fuxir e na que reivindica o rural "cunha visión profunda que remate cunha visión chea de prexuízos falsos". Profesor de literatura galega, vive entre a cidade e a parroquia do concello de Dodro, onde naceu. Precisamente, o conflito cidade-campo é tratado no seu primeiro libro de narrativa amosando o trauma que supón para miles de persoas a adaptación aos espazos urbanos e á chamada vida moderna.



## Anxo Angueira, escritor e gañador do Premio Dublin

‘É necesario rematar coa visión literaria dun rural alienado’

⇒ ARANTXA ESTÉVEZ

Qué conta no seu libro *Bágoas de facer illas*?

Son dous relatos interrelacionados. Teñen en común varias personaxes e un mesmo punto de vista en primeira persoa. Un está ambientado entre Redondela e Vigo, coa illa de San Simón ao fondo. Un mozo viaxa en tren cara os Pirineos e atópase coas dúas mozas protagonistas. Quixen tratar das complicadas relacións interpersoais, das falsas relacións, da loucura do mundo moderno.

Cómo chega á narrativa?

Cheguei á literatura a través da poesía pero creo que a lingua e a literatura son dúas paixóns conectadas en min desde sempre. Nacín nunha aldea, son galego-falante de sempre e cando tiven a oportunidade de estudar, adi-

queime á miña lingua. Publiquei un libro chamado *Val de Ramirás* e o *Libro da Vertixe*. Agora vou publicar *O valo de Manselle*, obra poética á que teño moitísimo afecto. Narra un traballo comunal que fixemos na parroquia, homes e mulleres, ao erguer un valo do parque infantil. Levounos catro anos, sen axuda de nengun tipo, traendo pedras do monte e arrimando o lombo. Unha experiencia decisiva na miña vida, o traballo de todos os viciños. Hai máis poemas nese libro pero todos teñen un fio común que é o retorno á terra, ao rural sen complexos. Frente aos que se amosan críticos co ruralismo eu reclamo ese tipo de poesía. Hai que revisar o mundo do rural porque hai un grande descoñecemento e hai prexuízos como dicir que é *fermoso, tranquilo, alienado*. É mentira. Con *Bágoas de facer illas*, estréome na narrativa. Era un reto, non porque quei-

ra pasarme á narrativa, pero hai cousas que non era capaz de expresar a través da poesía. De calquer xeito, hai un tema reincidente que é o trauma da xente do campo que vive na cidade.

Despois de gañar varios premios, como os valora?

Son unha oportunidade de publicar. Eu coordeno un de poesía: o premio *Eusebio Lourenzo Valeirón* do concello de Dodro, que reivindica a figura dun poeta morto moi novo. A min parécenme ben os premios, serven de aguillón para escribir unha obra cun determinado fin e está ben que teñan dotación económica. Moitos autores actuais son coñecidos grazas aos premios. Teñen que servir para axudar aos novos autores. Do *Eusebio Lourenzo* saíron voces como Gonzalo Navaza, Xavier Cordal, Xosé Miranda e moitos máis que se revelaron ali.

Os clásicos hoxe

Ten publicadas algunhas guías de lectura para obras galegas e, ademais, é profesor de literatura. Como se presentan os libros para invitar á lectura?

Motivar aos rapaces á lectura, en xeral, é moi complicado nun mundo dominado pola imaxe audiovisual. En galego xa é un reto porque vivimos nunha situación de diglósia. Desde esta óptica, a lingua da escrita segue sendo o castelano e o galego queda reducido moitas veces a un papel secundario. Como profesor teño sorte de ensinar o que me gusta: a miña lingua e a literatura feita nesa lingua e procuro atraer aos rapaces cara a defensa da nosa cultura. As miñas recomendacións de lectura normalmente son os clásicos e, desde logo, libros que falen de mundos próximos aos dos adolescentes. Outro xeito de

achegalos á literatura e á lingua é a través das traducións ao galego.

Fala vostede dos clásicos. En qué medida aprecia a súa influencia?

Falo de figuras que hai que ensinar como Otero Pedrayo, Blanco Amor, Méndez Ferrín ou Rosalía, que creo que ten unha dimensión importante a descubrir polos alumnos, desprovista dos prexuízos. A literatura non pode desvincularse do social e no caso da galega especialmente. Non hai aseptismo por moito que un autor o queira; non hai literatura sen contidos. Nestes momentos máis que nunca, hai que partir dunha literatura comprometida. En *Bágoas de facer illas*, o conflito está máis diluído pero ven reflectir como o humano vive anestesiado nestes tempos. Non concibo a literatura máis que nos parámetros dunha loita pola supervivencia e pola tradición que caracteriza ao rural, que non ten que ver coa visión xeralizada dunha sociedade alienada.

Como escritor analice o camiño da literatura cara ao que se denomina normalización.

Qué é unha literatura normalizada? Unha que teña novela rosa ou novela policíaca? A literatura fannos os lectores, a sociedade. A veces sentimos que a nosa historia está chea de parenteses, de dificultades e, polo tanto, de valeiros. Todos contamos co noso pasado á hora de escribir, para aceptalo, rexeitalo ou modificalo. A literatura moderna galega, desde o século XIX, marca unhas liñas xerais, en moitos casos enriquecidas, pero que continúan presentes hoxe. A situación social ten mudado pero, se profundizamos, ao mellor non tanto, porque segue persistindo un problema serio coa lingua e coa cultura e segue habendo un problema de identificación. Con esas características, é lóxico que a literatura sega sendo en boa medida social. Despois de anos nos que non houbo literatura política, é indispensable. Se se quer, renovando o compromiso, a forma e a lingua pero imprescindible. ♦

### OPINIÓN

## A SESENTA ANOS DA TRAXEDIA A FEDERACIÓN SEMPRE LEAL

O 20 de Xullo do 1971, con motivo do XXXV aniversario do golpe militar contra o goberno republicano lexitimamente constituído no Estado español, e ratificado nas eleccións limpas de Febreiro do 1936, o xornal parisino *Le Monde* publicou un artigo no que se dilucidaba o carácter fascista e antinacional desa acción protagonizada polos militares máis aventureiros e reaccionarios do exército español como o xeneral Franco, Millán Astray e os seus semellantes, que nas guerras coloniais da África se tiñan caracterizado non tanto por gañar batallas senón pola súa crueldade.

Ese grupo de militares traidores á legalidade democrática encarnada pola República, apoiados polos sectores políticos minoritarios e fascistas, comezaron o seu asalto ao poder asesinando a 16 xenerais e almirantes con mando superior nas rexións navais e militares da Península e de Marrocos, que nos primeiros instantes quedaron en poder dos sublevados. Trátase do meirande xenocidio de militares de alta graduación da historia. Eles foron as primeiras vítimas do fascismo no Estado español. Despois viñeron os asesinatos de civís, homes e mulleres de todas as clases sociais,

LEONARDO VARELA

‘A  
Federación foi fundada por emigrantes e hoxe comprobamos que aqueles galegos do 36 pronunciábanse por un Estado español moderno e progresista

e o millón longo de mortos e desaparecidos que ocasionou a guerra civil. Debe quedar claro, daquela, que dos cincuenta e nove xenerais de brigada existentes, cuarenta e dous permaneceron fieis á República, incluídos seis xenerais da Garda civil e o xeneral en Xefe da Aviación.

O mais noble e representativo das forzas armadas foron leais ao goberno. Hai que facer xustiza á realidade histórica, salvando as distancias entre os militares leais e os renegados que se deixaron arrastrar pola sevicia dos seus inspiradores nazi-fascistas da Alemaña e Italia.

Esta Federación, fundada por emigrantes galegos obrigados a abandonar a súa pátria polas inxustizas económicas e políticas de toda orde (provocadas polas clases corruptas e parasitarias que na Galiza abafaron ao povo perante séculos), e que procuraron mellores condicións de vida neste país, abrazaron dentro da institución desde os seus inicios os ideais que a República española representaba, e que hoxe, a distancia, chegamos a comprobar que aqueles galegos estaban elixindo e pronunciában-

se por un Estado español moderno e progresista.

O fascismo internacional apoio sen pudor a parte máis odiosa da reacción española, inserida no inmobilismo e o privilexio, e que contou co respaldo dunha Igrexa medieval e maniqueísta na súa meirande parte, conducidos todos eles por aqueles xefes militares e dirixentes políticos máis descalificados e inúteis, que só demostran capacidade para semiar odio e fratricidio, xamais o honor de construír unha sociedade libre e solidaria.

Hoxe, aos sesenta anos de tan dramáticos acontecementos, onde todos os povos do Estado e milleiros de homes e mulleres de todo mundo escribiron gloriosas e imborrábeis páxinas de sacrificio a prol da humanidade, podemos reafirmar que a Federación quer resgatar aqueles principios aínda válidos, representados por unha Constitución democrática e un goberno inspirado nos ideais da República. ♦

LEONARDO VARELA é presidente da Federación de Asociacións Galegas da República Arxentina



## O GAITERÓ SOLTARÍO

MANUEL RIVAS

## The Beatles, Hollywood e máis nós

Está en boga no mundo das ideas, sobretodo das ideas prácticas, o concepto de *industria da lingua*. Os países máis avanzados, os gobernantes máis atentos ao futuro, contabilizan xa entre os recursos *naturais* os idiomas e as creacións culturais. Como quen peneira areas de ouro polos ríos da imaxinación.

Todo isto é bastante doado de entender. Xa hai moitos anos que a xente se decatou de que a relación entre o Ciprianiño e os tesouros era, en realidade, unha metáfora de amor entre a industria dos soños e o porvir dun povo. Ter lendas, ter cancións, ter contos, ter artes, é como ter cana de zure para os inxenios e auga para os muiños. Da agricultura da cultura obtense grao para os horreos futuristas.

*The Beatles* eran uns rapaces de Liverpool que, entre a balada melancólica e a arrotada bravú, comenzaron a cantar sobre o mundo que os arroteaba. Alí están as súas rúas, o campo de fresas, o tolo do monte, o mozo traballador que volve canso coma un can e revive facendo o amor.

Esos rapaces foron quen de crear, a base de fermosas e sinxelas cancións do seu tempo, non só un folclore universal e contemporáneo, senón tamén unha grande industria.

Non me extraña que a raíña Isabel lles puxese medallas no peito, por máis que a súa música preferida é a dos rinchos dos cabalos, que tampouco está nada mal. Pero o certo é que, en términos económicos a música pop é o segundo sec-

tor na exportación británica.


Outro caso curioso é o de Hollywood. Agora podemos pensar que aquilo o montou o imperio americano dun día para outro e que no deserto californiano xurdiron as películas como cactus regados con Coca-Cola. Pero non. Nos seus inicios, Hollywood era un alpendre de madeira onde comenzaron soñar películas un grupo de feirantes (tal cal, feirantes), da emigración europea, expulsados da costa Este polo monopolio que tiña Edison do recién nacido cinematógrafo. Eses tipos tiñan unhas ideas na cachola e teimaron por sacalas adiante. E tiñan tamén a sabiduría fundamental dos feirantes. O ser humano pode vivir sen moitas cousas, pero non pode vivir sen contos e sen soños. Certo que todo

o poderío americano fixo despois de Hollywood unha grande lanzadeira do *american way of life*. Pero os comezos foron os que foron. Uns feirantes e uns guionistas con talento e algo de fame.

Hoxe, como poden deducir, este comentario vai de *moralexa cultural*. Se en Galicia hai xente que é quen de facer unha Zara, un TeleVés ou unha Pescanova, ou mesmo a empanada de xoubas máis grande do mundo, ¿por que non pensar en industrias da cultura, en fábricas do ocio ou en exportables factorías de soños?

O concello de Ribeira gastou o diñeiro en traer a Norma Duval para poñer unhas bandas ás raíñas das festas. Mellor faría en mercarlle un Cadillac aos *Hereiros da Cruz*.

Que lé?



## Millán Picouto

'Sen expresión escrita non hai historia nen conciencia de povo'

Que libros recomendaria ler?

Recomendar libros éme violento porque a lectura é algo íntimo. Podo dicir o que lin recentemente. Un libro xa de hai certo tempo é *Interpretacións de poesía e relixión* de Georges Santallana (Cátedra); outro é un de Siruela, os *Contos populares irlandeses*, porque sempre son importantes estas narracións para coñecer o espírito dos povos. Outro, que teño desde xa hai tres anos enriba da mesa, é *Estudios sobre arte e literatura* de Fernando Pessoa e dous máis que se me ocorren, de Federico González, *Los símbolos precolombinos* (Ediciones Obelisco) e por último ten a súa grácia un de Ediciones Temas de Hoy, *La vida cotidiana en Grecia en el siglo de Pericles* Robert Flaceliere.

Adícalle as súas últimas dúas obras publicadas a Prisciliano e a María Soliña. Que importancia ten a recuperación destes persoaxes?

Máis que recuperalos, por médo do estudo deles e da súa versión artística recuperamos a súa historia e facemos arte con nós mesmos. Nós somos a nosa propia historia e estes son dous persoaxes directamente galegos. Galiza conforme avanza o seu proceso de evolución e de concienciación non só mira o presente, tamén o pasado. Que se trate agora sobre eles é porque están na altura do noso estado actual de conciencia colectiva.

Que espácio social ten a literatura nunha sociedade como a actual?

A literatura é unha expresión do espírito, unha manifestación da conciencia na súa expresión escrita. A literatura nos povos con historia é case unha función espontánea e imprescindible. Sen expresión escrita non hai historia nen conciencia de povo. O nivel artístico que acade depende tanto do desenvolvemento da sociedade como da coincidencia de talentos.

Autoedítase para manter a independencia ou porque non queda outra?

En vista dos obstáculos e as carencias que hai no labor editorial galego non me planteo facelo por outros medios. É algo práctico. Os xéneros que cultivo son minoritarios no consumo. Os mercados literarios non só se rexen por parámetros de calidade.

## CAMIÑO VELLO, CONGOSTRA NOVA

FRANCISCO A. VIDAL

## A cruz do círculo

Esta cruz, de aparencia tan basta, da que ninguén sabe dar unha razón pola que apareceu neste lugar, plenamente labrego, da bisbarra de Bergantiños, dándolle as costas aos salseiros que baten nas abruptas e escarpadas ribeiras da Costa da Morte; semella marcar a fronteira entre o perigo e o sosego.

A este cruceiro ninguén lle coñece unha historia que o xustifique; esa lenda que os que andamos nos camiños queremos saber para encontrar, con ela, un significado á escultura. Nel tampouco se celebra ningunha romaría que lembre a algún santo coñecido ou dea noticia dalgún morto famoso, e sen embargo, a súa presenza silenciosa, a vella presenza que quizabes naceu dunha fe sen propaganda ou dunha antiga crenza que despois bendicou o cristianismo, perdura sen máis folclore que o sentimento de cada quen. Algunhas mulleres, cando pasan ao seu lado, persígnanse e outras, na súa intimidade, rezan unha oración por se alguén a necesita.

No seu centro non se representa ao fillo de Deus, senón ao mesmo Deus da eternidade, ao que lle deu vida a este mundo e lle dará a morte se algún día desaparece, o círculo do sol, a roda da vida; o máis omnipotente dos deuses, o que todo o perdoa, o que sempre está disposto a mandar unha raxeiriña que faga acougar despois da chuvia, pero tamén o que castiga co sollazo abrasador como se mandase o mesmo lume do inferno.

Dicía Castelao que unha cruz é un home cos brazos abertos implorando algún perdón do ceo;



e eu quero supoñer que esta cruz tamén está aí para invocar algunha gracia do Todopoderoso; marcando o lugar dun pecado descoñecido ou pedindo unha desculpa por ter desafiado os

designios do Creador.

Tal podía ser que, despois dunha noite de esmorga, naqueles tempos nos que non había luces que denuncia-

sen presencias indesexabeis, algún mozo, de volta dalgunha festa, celebrando a felicidade con bos tragos de viño da terra, cando o "Cubata" era algo descoñecido ou demasiado doce, puido ser que se encontrase de xeito alucinante coa presenza da procesión da morte, coa Santa Compañía, cos donos da noite, que así, de imprevisto, plantóuselle diante coa intención de meterlle a estadea na man, o símbolo do penitente que anda coas ánimas, ata que se converte nun defunto máis.

Pero se aquel rapazote que viña de esmorga tivo un intre de lucidez, se levaba con el o pao de oliveira co que puido marcar un círculo no chan, dentro do que se meteu, desafiando os designios do Máis Alá, encerrado nese recinto máxico ata o amencer, ata que o sol que todo o perdoa é a todos axuda, espantou aos espíritos de ultratumba para libéralo a el que, morto de medo, arrependido de andar polos camiños a deshora e en acto de gracias, fixo esta escultura de perdón e concordia entre este mundo e o outro.

¿Por que non pode ser esta a verdadeira historia que motivou esta cruz?

Fabulando por fabular, tamén pode ser que o esmorgueiro mozo a fixese tan á presa, tan en segredo e con tanto temor despois do susto que debeu levar, que así lle quedou, tan pouco pulida, pero supoñendo sempre que sexa certo o que eu digo, chea de verdadeiro sentimento relixioso, e para o caso non importa que quen a fixese fose un cristián ou un pagán, foi un temeroso do Alén.



O Festival as Nosas Músicas celébrase o día 16 na parroquia de Couso (A Estrada). Actúan A Ponte Vella

(baile) e os grupos Pandeiromus, Durindaina, Chouteira e Dhais. A partir das nove da noite. ♦

## Arbo

### MÚSICA

#### FESTIVAL GALEGO-PORTUGUÉS

A Asociación Barca de Loimil movida polo interese de recuperar vínculos socio-culturais con Portugal, organiza por quinto ano o festival folclórico da comarca do Padaranta. A Banda de Gaitas de Manzaneda e Os Carunchos de Vigo, son as dúas novidades deste ano nunha escolma de grupos xa veteranos do festival: as Caraveleiras de Fene, o Rancho Pinheiros de Monção, o Rancho Paderne de Melgaço, Xoeira de Crecente, Breogán de Moaña, Queixumos de Vigo e o propio grupo da asociación Barca de Loimil. O Domingo 11 ao redor das 5 da tarde comeza o festival cun desfile dos participantes desde a praza de Arbo até o cenário da Carballeira de Turbela, lugar das actuacións. A asociación dedícallo o festival a tradición de gaiteros e danzantes do municipio reflexada en Xosé da Granxa, a familia Puga, O Cartelle do Sela ou O Gaitero Vello de San Cristobo.

## Baiona

### FEIRA

#### ARTEMANS

Esta ampla feira de artesanía abre de 6 a 10 todas as tardes, e até o 15 de Agosto na finca de Carvajal.

## Bueu

### MÚSICA

#### FESTIVAL TRADICIONAL

O grupo de danzas Antoxo organiza por segundo ano este festival que conta con formacións nacionais e internacionais. As actuacións decorren o Venres 9 de Agosto na esplanada da lonxa.

## Buño

### FEIRA

#### MOSTRA DE OLEIRIA

A XII Mostra de Oleiros de Buño, celébrase na Casa do Oleiro do 10 ao 15 de Agosto.

## Cangas

### DANZA

#### DANZA FOLCLORICA

O Venres 9 ás 10,30 da noite na Avenida Vicenti, actúan Lumieira e Ximalveira. O Mércores 14 á mesma hora no mesmo cenário, Lembranzas da ría e o grupo de danzas da Asociación de viciños de Hio.

### MÚSICA

#### SAIAMOS DA PREHISTORIA

Def Con Dos, Dixebra

## Carteleira

C.X. LÓPEZ-PAZOS

**ESPIA COMO POIDAS.** O protagonista de *Ateriza como poidas* presenta aquí unha paródia do axente 007 que poucas veces chega a ser brillante.

**ANTÓNIA.** Filme holandés que acadou este ano o Oscar á mellor película estranxeira. Como é bon castiñanos marxinando das carteleiras. Formidábel epopeia, feminista e tinxida de saber facer con pouco diñeiro e un espléndido guión cine de alta calidade. Actrices espléndidas, emoción e unha lección de vida.

**TODOS ESTÁN TOLAS.** Filme francés que contaxia simpatía, gañas de festa e tolerancia. Unha boa opción para estes tempos de todo o contrario. Ben os actores e sobre todo Fanny Ardant.

**OS AMORES DUNHA MULLER FRANCESA.** O prezo de casar cun home que quere ser heroi. O prezo de ser muller e tomarse a liberdade pola man. Falta profundizar nas persoaxes e unha actriz que o fixese me-

llor que Emmanuelle Beart.

**MISIÓN IMPOSÍBEL.** Versión cinematográfica da vella serie televisiva. A nostalxa axiña se dilue coas cenas aburridas que quedan por baixo de calqueira filme da serie Bond. Cruise: guapo cando sorri; como actor fáltalle moito aínda.

**FARGO.** Un suceso violento nunha pequena cidade. Narrado co estilo directo e reporteril de Truman Capote. Os irmáns Coen (Morte entre as froes) conseguen certa orixinalidade formal, pero non profundizan no carácter das persoaxes.

**AS DUAS CARAS DA VERDADE.** Richard Gere é o gancho comercial desta película que ten como engado principal o peculiar funcionamento do sistema xudicial americano. Xogando coa paradoxa da culpabilidade dun adolescente, un arcebispo voyeur asasiñado e un advogado que se sinte chamado a redimirse do seu valeiro afán de protagonismo. O de sempre, desta volta adubiado coa marabillosa voz de Dulce Pontes. ♦



(Astúries), Shooglenifty (Escocia) e Kaos ocupan un o primeiro Concerto Antimilitarista Galego que organiza a Asemblea Nacional de Obxección de Consciencia (ANOC), para o vindeiro Xoves 15 ás nove da noite. As entradas van a 1.500 pta. anticipadas, e a 1.800 na billeteira.

## O Carballiño

### GASTRONOMIA

#### FESTA DO POLBO

O Domingo 11 no parque municipal celebran a tradicional Festa do Polbo, xa na XXXIV edición.

## A Coruña

### EXPOSICIÓNS

#### O SOÑO ESPAÑOL

O Kiosko Afonso acolle unha escolma de cadros do artista dadá francés Francis Picabia (1878-1953). Comprende 52 cadros do tempo que vai de 1902 a 1950, abertos ao público até o 25 de Agosto.

### MÚSICA

#### EXTREMODOURO E PLATERO Y TU

Rock independente e transgresivo. No Coliseum o Mércores 14.

### JOAQUIN SABINA E LOS RODRIGUEZ

Actúan o Venres 9 de Agosto, ás 11 da noite, no Coliseum.

### ANA BELÉN, VÍCTOR MANUEL, MIGUEL RÍOS E SERRAT

No Coliseum iste Luns 12, dentro da xira do famoso cuarteto co título de *El gusto es nuestro*.



### GOLDEN APPEL QUARTET

O Sábado 10 de Agosto ás 20,30 e ás 23 h., no Teatro Rosalía de Castro.

### BANDA MUNICIPAL

O Venres 9 ás 8 do serán na Atalaia, e o Sábado 10 ás 12 h., na praza de Pablo Iglesias.

### FORMULA V, LOS DIABLOS E O DUO DINAMICO

O Venres 16 na Praia de Riazor.

## Ferrol

### EXPOSICIÓNS

#### TALLER TEXTIL

Tecidos atesanais e tapices na obra máis recente de Ramón Álvarez, exposta na galería Sargadelos até o



down, Peñón Fijo e O Caimán do Río Tea.

## Marín

### EXPOSICIÓNS

#### COMIC E ANIME

O Ateneo Santa Cecilia abre até o 10 de Agosto a mostra *Comic e Anime '96*, centrada nos produtos de orixe xaponesa, os mangas e as películas de animación anime, ás novidades do cómic americano e aos autores noveis galegos Francisco Abelenda Pazos, Pedro Martínez Rosales, Juan Rivas e Barecha. O horario de visita: de Luns a Venres de 11 a 13 h, e de 18 a 21 h. Domingos e feirados de 12 a 14h.

23 de Agosto, os días laboráveis de 10 a 2 na mañá, e de 6 a 10 na tarde.

### MÚSICA

#### BURNING

O Mércores 14 no bairro de Caranza.

#### FESTIVAL DE BLUES

Os días 15 e 16 de Agosto no parque Raiña Sofia. O primeiro día actúan Old Niggers e Charles Brown, e no segundo a Vargas Blues Band e Larry McCray.

#### ROCK EN ESMELLE

A praia de Esmelle acolle un festival rock o Xoves 8 e o Venres 9, o cartaz inclúe os grupos *Pleasure Fuckers*, *Nuevo Catecismo Católico* e *Blind River*, para o primeiro día. Na xornada seguinte actúan *Wipe Out Skaters*, *Los Piolines*, *Why not?* e *Discípulos de Dionisos*.



## Mondariz B.

### MÚSICA

#### VI FESTIVAL INTERNACIONAL FOLK

O fin de semana do Sábado 17 e Domingo 18, a Asociación xuvenil Sadoiro organiza o sexto festival folk internacional de Mondariz Balneario. O Sábado a partir das 9 da noite, nas ruínas do Gran Hotel, actúan a Banda de Gaitas de Manzaneda, Dhais, Paco Díez y la Bazaña de Valladolid, e a portuguesa *Brigada Víctor Jara*. O Domingo ás 12 do mediodía, a cantante Uxia lerá o pregón, e de seguido inauguran a primeira *Mostra de artesáns de instrumentos tradicionais*, onde se pode ver traballar aos fabricantes de gaitas Xosé Manuel Xil (Pontareas) e Olímpio Xiráldez (Redondela), Xaime Rivas (Vigo), fabricante de zanfónas e requintas, ou entre outros, a Xuan Carlos Collazo (Redondela) adicado aos instrumentos de percusión. Para as 7,30 do serán, haberá pasarruas a cargo de 400 gaiteros, e ás 8 no recinto do Hotel Internacional Cemar comeza o primeiro Festival de Bandas de Gaitas Sadoiro. Todo o festival vai adicado ao gaitero maior de Mondariz Balneario Juan Álvarez González. Con entrada libre.

## Nogueira de R.

### MÚSICA

#### FESTIVAL CELTA

O concello de Nogueira de Ramuín artella un festival folk no claustro grande renacentista do Mosteiro de Santo Estebo, con dous días de concertos (11 e 18 de Agosto) e unha serie de actos paralelos: semana deportiva, exposicións de ofi-

Ramón Álvarez expón os seus tapices artesanais na Sargadelos de FERROL

A coñecida banda portuguesa *Brigada Víctor Jara* está o Sábado 17 en MONDARIZ B.

Os Def con dos, á dereita, xunto con Dixebra, Shooglenifty e Kaos participan no 1º concerto antimilitarista en CANGAS o proximo Xoves 15

Dulce Pontes estará en PONTEVEDRA o Luns 12 na Praza da Ferreiria



cios artesáns en vivo e cursos de gaita, requintas, palletas e pallóns, pandeireta, guitarra e percusión. O primeiro concerto ten lugar o Domingo 11 a partir das 8 do serán con Shooglenifty (Escócia), os galegos de Berrogüeto (Vigo) e Bate Certo (Ourense), e os Celpeyu (Astúries) o concerto do Domingo seguinte, o 18, deixa a representación galega nos Raparigos (Ferrol) e Uxia (Pontevedra), que actúan xunto Primeira Nota (Barcelona) e Mairtin O'Connor (Eire). Tanto os concertos como os cursos son gratuítos. Para apuntarse aos cursos hai que chamar ao departamento de cultura da Deputación de Ourense: (988) 38 51 71/38 51 72. Maior información na concellería de cultura de Nogueira de Ramuín: (988) 20 11 27.

## Oleiros

### ■ TEATRO

#### AS VOCES DO MAR

O espectáculo máis recente do grupo de teatro de rua Os Quinquilláns, o Venres 9 a partir das 8 do serán en Santa Cruz de Oleiros.

## Palas de Rei

### ■ TEATRO

#### AS VIAXES FANTÁSTICAS

Teatro de rua cos Quinquilláns o Sábado 10 ás 8 do serán en Palas de Rei.

## Poio

### ■ EXPOSICIÓNS

#### XOSÉ ACUÑA EN COMBARRO

A oficina de información turística de Combarro, ubicada na Escola do Campo, expón pezas en bronce do escultor pontevedrés, discípulo e amigo de Francisco Asorey, Xosé María Acuña (1902-1991). Abre de Luns a Venres de 10,30 a 14 e de 18,30 a 22 h.

#### ZORAIDA RODRIGUEZ E MONICA SABARIZ

As dúas alunas da Escola de Belas Artes de Pontevedra expoñen obra, escultura, gravados e estampacións no Ateneu de Combarro, até o 12 de Agosto.

### ■ MÚSICA

#### CONCERTOS DE ÓRGANO

O Mosteiro de Poio acolle o Sábado 10 a partir das 8,30 do serán un concerto de órgano de Miguel del Barco, director do Conservatorio de Música de Madrid. O Sábado seguinte, día 17, o concerto correrá da man de Domingo Losada, Mestre organista do convento de San Manuel e San Bieito de Madrid.

## Ponteceso

### ■ MÚSICA

#### FESTIVAL FOLK

A Asociación Cultural do Río Anllóns organiza o Festival Folk de Ponteceso, os días 10 e 11 de Agosto a partir das 10 da noite na Praza do Recheo. O Sábado

## Convocatorias

### CURSO DE VELA TRADICIONAL

A Asociación de Viciños Boureante de A Seara (Poio), organiza un curso de vela tradicional con clases teóricas a partir do Sábado 10. Atenden as inscricións até o Venres 9, no teléfono (986) 77 11 01, de 8 a 10 da noite.

### CERTAME MODESTO R. FIGUEIRIDO DE NARRACIONS BREVES

O Patronato do Pedrón de Ouro convoca o XXII Certame Nacional Galego de Narracións Breves, cun primeiro premio de 100.000 pta., e un segundo de 40.000 pta. A convocatoria está aberta a autores de calquer nacionalidade que presenten unha ou máis obras en galego que non teñan concorrido noutro certame, e que respeten un mínimo de 5 follas A4 e un máximo de 30 mecanografiadas a dobre espazo e por unha cara. Aínda que o xurado poderá reconsiderar os límites de extensión se o desenvolvemento da obra o precisase. Os envíos han facerse baixo plica e lema, por cuadruplicado, e antes do 15

de Novembro ao: Premio Modesto R. Figueirido. Fundación do Patronato do Pedrón de Ouro. Apart. de Correos 1046. 15780 Santiago. A fundación resérvase o dereito da publicación da primeira edición das obras premiadas, na que os concursantes han renunciar aos seus dereitos autor.

### CINEMA E VIDEO DO MEIO AMBIENTE

Organizado pola Asociación do mesmo nome, o III Festival de Cinema e Video do Meio Ambiente, o que fora Festival Iberoamericano de Cinema e Video do Meio Ambiente nas anteriores edicións, terá lugar en Gavà do 7 ao 10 de Novembro. Abranxe categoría profesional e amator, que contemplan os apartados de corto (vídeo clips, publicidade) e mediametraxe (reportaxes, documentais, ficción e animación). Os traballos deberán tratar o meio natural, ecolóxico, humanitário, con fin de sensibilizar, informar, educar ou facer divulgación científica. O certame contará con outras activi-

dades da man de ONGs e cadenas de TV invitadas, a maiores das proxeccións (abertas e en pantalla xigante) de todas as fitas inscritas no concurso e algunha pre-estrea de longametraxe concedida ao festival. A inscrición é gratuita e fica aberta até o 15 de Setembro de 1996, no: Festival de Cinema i Video del Medi Ambient. Casal de Cultura American Lake. Castelldefels, 11. 08850 Gavà. Barcelona. Catalunya. Maior información no (93) 638 41 16/665 57 55.

### CERTAME LITERARIO E DE FOTOGRAFIA DAS NEVES

O Concello das Neves convoca o seu sexto certame literario e fotográfico, aberto na vertente literaria a artigos publicados na prensa entre o 10 de Xuño e o 30 de Agosto de 1996 que teñan algunha relación (xeográfica, histórica, cultural, etc) coa vila do Miño. Hai que presentar o orixinal e catro copias baixo plica, para acceder a un primeiro premio de 400.000 pta., ou a un accésit de 75.000 pta. O apar-

tado fotográfico cínxese As Neves e o seu entorno, con obras de 18x24 a 30 x40 cm. en cor ou B/N, sempre co negativo e baixo lema e plica. Polas fotos dan un primeiro premio de 150.000 pta., un segundo de 50.000 pta. e un primeiro para menores de 16 anos de 25.000 pta. O prazo de admisión remata nos dous casos o 4 de Setembro de 1996. Para maior información pódese recorrer ao concello: teléfono (986) 64 80 38.

### PRÉMIOS INJUVE DE TEATRO, NOVELA E RELATOS

O Ministerio de Asuntos Sociais convoca tres premios que andan entre 1.000.000 e 250.000 pta., para orixinais de novelas, teatro ou relatos escritos en calquer das linguas oficiais do estado. As entregas son até o 15 de Outubro para o I Premio de Novela Joven, o Concurso de Textos Teatrais Marqués de Bradomin ou o I Premio de relatos Conde Lucanor: Instituto de la Juventud. José Ortega y Gasset, 71. 28006 Madrid. ♦

do 10 actúan El Pajar de Castela e o grupo Afro Brass de Serra Leona. Para o Domingo 11 contan con Ultra de Santiago e o Duo Laurel de Arxentina, aínda por confirmar.

## Pontevedra

### ■ MÚSICA

#### FESTIVAL MOROÑO

A asociación cultural Zalloira de Pontevedra acolle o primeiro Festival Moroño de Música Folk, do 4 ao 10 de Agosto. Durante o festival o Torreón da vila gardará unha serie de mostras relacionadas coa música tradicional, entre elas destaca a exposición de artesáns de instrumentos tradicionais. Contan coa presenza de Ceibane, Xosé Álvarez e o grupo Arume de Pontevedra, adicado á percusión. O festival remata o Sábado 10 de Agosto cun concerto que comeza ás 10 da noite na Praza da Calzada, con Muxarega (As Pontes), Leilia (Santiago), Dhais (Lalin) e os escoceses de Shooglenifty.



## Pontevedra

### ■ EXPOSICIÓNS

#### ISAAC DIAZ PARDO

O nomeado artista e empresario, expón baixo o título Un experimento sobre o cartel de cego, escolma dos traballos deste tipo realizados nas últimas tres décadas xunto cunha recopilación documental gráfico-bibliográfica sobre os antecedentes do cartel de cego realizada por Guillermo Escobedo. A mostra tamén ofrece un catálogo cun estudo introdutorio realizado polo propio Isaac Díaz Pardo.

do. Abre até o 1 de Setembro na sá de Caja Madrid, de Luns a Sábado de 12 a 14 e de 19 a 22 h. Domingos e festivos de 12 a 14 h.

### A BIENAL

O Xoves 1 de Agosto abre a XXIV Bienal de Arte de Pontevedra, que expón obra en catro sás da vila até o 8 de Setembro. Esta edición do evento promovido pola Deputación comprende unha Antoloxía do escultor Camilo Nogueira, aberta nas dúas sás do Teatro Principal, e a titulada Reencuentro con Leopoldo Nóvoa: ausencia e cinzas con obra do artista pontevedrés afincado en París, que ocupa o derradeiro andar do Pazo Provincial. Tamén na bienal a mostra Obras constructivistas con 36 pezas de Joaquín Torres García (1874-1949) aberta no Edificio Sarmiento do Museo de Pontevedra; ou Matérias, memorias, dez artistas de América Latina tamén residentes en París, acollida no primeiro andar do Pazo Provincial. O paseo de Euclides xunta obra de varios artistas do estado na Facultade de Belas Artes e na Escola de Restauración, e as creacións presentadas ao certame Novos valores pódese visitar no Teatro Principal.

### ■ MÚSICA

#### FESTIVAL FOLCLORICO

O Xoves 15 a partir das 10 da noite na Praza da Ferrería, cos grupos de danza e música Krakowiacy Ziemi Brzeskiej (Brzesko. Polonia), Dunedin Dancers (Edimburgo), Danzas do Reino de Castilla (Palencia), Raíces de Aragón, Grupo Folclórico de Vila Verde (Minho. Portugal) e os conxuntos pontevedreses Coros e Danzas Gandaina e Agrupación Folclórica Celme. Os polaeos e os escoceses voltan actuar na Ferrería, o Venres 16 ás 12,30 do mediodía.

### JAZZ

Festival de jazz que se celebra desde o Mércores 7 ao Venres 9, todos os días a partir das 10,30 da noite, na Praza do Teucro. Ali actúan o Xoves Teté Montoliu Trio, e de remate mañán, Margarey Allison e The Angelic Gospel Singers.

## LOS RODRIGUEZ E JOAQUIN SABINA

Xuntos o Xoves 8 ás 10,30 da noite na Praza de Touros. As entradas están á venda no local de Rádio Pontevedra.

## ANA BELÉN, VÍCTOR MANUEL, MIGUEL RIOS E SERRAT

Xuntos o Sábado 10 no Estádio de Pasarón. Entradas á venda en Rádio Pontevedra e Discos Lescaille.

## DULCE PONTES

A cantante portuguesa actúa o Luns 12 ás 10,30 da noite na Praza da Ferrería. Ao día seguinte á mesma hora e na mesma praza actúa Maria del Monte.

## Portomarin

### ■ MÚSICA

#### DOMINGOS FOLCLORICOS

Contan coa actuación de Alegria Berciana (Ponferrada) e Os Falcatrueiros de Monterroso, para o Domingo 11. Ao Domingo seguinte estarán O Carballo de Taboada e os Peleirinos de Sárria.

## Portonovo

### ■ FEIRA

#### GALIART'96

Do 28 de Xullo ao 11 de Agosto no paseo de Rafael Picó, celebran a cuarta edición da mostra de artesanía Galiart. A feira recolle obra de 40 artesáns feita en cerámica, coiro, madeira e vidro entre outros materiais. A asociación Afiga, organizadora do encontro, tamén



programou unha serie de demostracións en vivo dos procesos de fabricación. De Luns a Venres de 18 a 23 h., e fins de semana de 11 a 14 h. e de 18 a 23 h.

## Quiroga

### ■ MÚSICA

#### MUXICAS

O conxunto de música tradicional actúa en Quiroga o Venres 9 de Agosto.

## Redondela

### ■ EXPOSICIÓNS

#### ARTELIXO

Refugallo, material de desfeita e lixo en xeral son os materiais escollidos para as pezas, esculturas e composicións sobre tea, que se expoñen polas prazas e ruas de Redondela durante o mes de Agosto. O Artelixo chega a súa segunda edición da man da organización da agrupación Josefá e o cine clube Claqueta.

## Ribadeo

### ■ MÚSICA

#### PRESUNTOS IMPLICADOS

O grupo pop ofrece un concerto o Sábado 10 de Agosto ás 11 da noite no campo municipal de fútbol. As entradas anticipadas van a 1.500 pta., 1.800 nas billeteiras.

## Ribeira

### ■ MÚSICA

#### ENCONTROS DE MÚSICA TRADICIONAL

O Martes 13 comezan os encontros de música tradicional coa inauguración dun taller monográfico de iniciación á zanfona cun concerto didáctico de Berrogüeto, os obradoiros estarán adicados á percusión os días 16 e 17. Os encontros pechan o Sábado 17 cun concerto do gaitero Xaime Estévez que interpretará a Suite para catro mulleres. Durante os catro días permanecerá aberta unha exposición de instrumentos antigos.

## Samos

### ■ FEIRA

#### PRODUTOS ARTESÁNS

Os días 10 e 11 de Agosto na Horta da Farmacia en Samos, instalaranse uns trinta postos con todo tipo de produtos tradicionais.

## Santiago


### ■ EXPOSICIÓNS

#### TRES NO MUSEU DO POVO GALEGO

Tres mostras durante o mes de Agosto no Museo do Povo Galego. A etnográfica Galicia. Nas orixes dunha cultura, a comemorativa dos 25 anos de traballos arqueolóxicos no Castro de Viladonga, ou a de pezas de Prata sobre pedra. O horario: de 10 a 13 e de 16 a 20 h. de Luns a Sábado.

#### MENDIETA, LAMAZARES, VITO ACCONCI E A COLECCION ARCO

O Centro Galego de Arte Contemporánea mantén abertas catro mostras. A adicada á obra da pintora cubana finada na década dos 80, Ana Mendieta; Gracias do lugar de Antón Lamazares, unha montaxe asentada na pintura; a retrospectiva do artista norteamericano Vito Acconci, só até o 25 de Agosto; e a segunda entrega do depósito da colección da Fundación ARCO. A sá abre de Martes a Sábado de 11 a 20 h., Domingos e festivos de 11 a 14 h.



#### A MATÉRIA E O TEMPO

Obra de Gerardo Rueda, até o 25 de Agosto no Auditorio de Galiza.

### ■ MÚSICA

#### ISSABARY

Na Praza do Toral, o Xoves



Serrat, Ana Belén, Víctor Manuel e Miguel Ríos o Sábado 10 no Estádio de Pasarón

A exposición sobre Gerardo Rueda continúa no Auditorio de SANTIAGO

Teté Montoliu o Xoves na Praza do Teucro de PONTEVEDRA

O Sábado 10 en PONTEVEDRA remata o Festival Moroño con Muxarega; Leilia, na foto; Dhais e Shooglenifty



Isaac Díaz Pardo expón en PONTEVEDRA "Un experimento sobre o cartel de cego"



### Anúncios de balde

■ **Urxe vender 100 accións de A Nosa Terra**, a 4.000 pta. Teléfono (986) 47 21 87.

■ **Gralha Nº 12. Especial Bóveda**. 60 anos da guerra. Noticias. Envío gratuito. Apartado dos Correios 678. 32080

■ **A Asembleia reintegracionista Ene** Agá de Ponte-Vedra pon á venda camisolas grises ilustradas con 28 personaxes históricos da Galiza ao prezo de 1.000 pta. unidade. Pedimentos nos teléfonos (986) 84 47 29 (Henrique) ou (986) 85 94 58 (Ramom).

■ **Alúgase piso amoblado, moi céntrico, na Guarda**. Tamén se vende finca de 1470 metros cadrados na entrada da Guarda. Teléfono (986) 61 15 60.

■ **O colectivo antimilitarista Corneta Objecta (ANOC)** vai editar un cuaderinho (formato compact disk) con contos, poesías, debuxos e cualquier traballo que faga referencia ao antimilitarismo. Quien desexede colaborar pode enviar as obras, máximo un fólio, a: Corneta Objecta (ANOC) Apart. 1.024, 27.080 Lugo. Até o 4 de Outubro.

■ **Compro selos para franqueo con ou sen goma, usados e tarxetas telefónicas**. Apart. 32.004 28048 Madrid.

■ **Vendo selos novos, usados, sobres primeiro día, lotaría**. Apart. 32.004 28048 Madrid.

■ **Alúgase piso en Cangas**. Todo o ano ou na temporada de verán. Exterior, amoblado e ben comunicado. Chamar ao (986) 30 19 14.

■ **Falcatruada. Fanzine con música, artigos de opinión, creación literaria...** No Nº 0, entrevistas a Ruin Bois, Brams, Nivel 30, Zénzar, Trasto e máis... Se queres conqurerlo manda un selo de 20 pesos a: Ramiro Vidal Alvarinho. Rúa do Viouteiro, 5. 15179 Lians. A Coruña.

■ **Lume contra Espanha**, mensagem que atoparás nos isqueiros que vem de editar a **Assembleia da Mocidade Independentista**. Por só 42 pesos cada um. Enviae em selos á Caixa dos Correios 561. 36080 Pontevedra. Ou ingresare a mesma quantia na conta 2091-0500-10-3000087782 de Caixa Galicia.

■ **Alúgase vivenda unifamiliar ao lado da praia**. Zona de Cangas. Chamar ao 31 43 00, á noite.

■ **Se queres un canciño pequerriño** chama a (986) 36 73 91, e pregunta por Lois.

■ **Regálase un gatiño**. Atende por Tomi. Moi cariñoso e listo, anque as veces morde por xogar. Nico no (986) 20 18 25 ou no 20.16.65.

■ **Grande oferta en discos e casettes**. Preguntar polo sr. Baños,

tefl. (988) 21 05 85.

■ **Extraviouse "Diccionario marítimo y de construcción naval"**, bilingüe inglés-español. O 26 de Xuño no Auditorio de García Barbón. Urxe recuperación pois é edición única esgotada. Telf. (986) 43 65 84 e 22 22 72.

■ **Busco libros, revistas ou tebeos en galego ou portugués**, xa que por eiqui non atopo publicacións nesas linguas. Antoni Raimón Martí Giménez. Pintor Ferrer Carrera, edificio St. Germain 1. 1º. 46400 València.


■ **Renovação**. Embaixada Galega da Cultura vem de publicar o livro **Contos do Outono** do escritor **Moncho de Fidalgo**. Distribuí Galha; apartado dos correios 678. 32080 Ourense. Galiza.

■ **Para infoormación e solidariedade con os/as presos/as independentistas da Galiza**, escreve ao Apartado 875 de Compostela. Fai-te coa revista das **JUGA A Treu**. Distribuimos material para a solidariedade.

■ **Aulas de inglés**: estudante do último ano de Filoloxia inglesa, recién chegado de cursar un ano de estudos en Inglaterra dentro do programa Erasmus e con experiencia, imparte aulas de inglés a todos os niveis. Tamén de lingua galega, española e resto das humanidades. **Chamar ao 25 55 88 da Coruña** e preguntar por Gúmer ao xantar e ás noites. ♦

### Encrucillada

XOAN COSTA



#### HORIZONTAIS:

1. Destrozo, destrución 5. Parte final das pernas, no plural 6. Ao revés, naquel lugar 8. Teimoso, contumaz 9. Cor vermella escura 11. Persoa que fai un determinado acto 12. No plural, cabo por onde se empuña un instrumento 14. Ao revés, nome do signo aritmético da suma 15. Nese lugar 16. Cada unha das pezas do esqueleto 17. Achanse presentes 20. Concello da provincia de Pontevedra 23. Vocais de mesa 24. Tiven amor 27. Deiffo 29. Espesa 30. Realizas 31. Da máis baixa condición social 32. Ao revés, substancia solúbel, de gusto acre, utilizada como tempero 34. Que non teñen enfermidade 35. Relacionado co Sol

#### VERTICAIS:

1. Dé nome de novo 2. Utilizar 3. Ao revés, prefijo con significado negativo 4. Argazo 5. Dá golpes nunha cousa 7. Concello de Pontevedra 8. Cidade do baixo Miño 10. Ao revés, produce son 11. Tome sobre si 12. Esteiro ou tramo final dun vale fluvial asolagado polo mar 13. Nome de muller 15. Amarra 18. Coñeço 19. Relatar, contar 21. En inglés, o contrario de ON 22. Capa superficial da terra 25. En maior cantidade 26. Pronome demostrativo 28. Demonstrativo feminino plural 29. Vivenda 33. Que non ten compañía.

### Caldo de letras


N	D	R	L	L	C	I	U	S	Ñ	F	Ñ
M	S	E	M	Ñ	T	D	M	X	U	N	B
P	U	E	U	I	S	G	R	V	N	Z	
E	H	Q	U	L	O	S	A	T	M	T	Ñ
Q	U	O	Q	S	D	B	M	H	L	V	V
U	S	O	L	L	O	I	P	A	T	A	M
E	X	C	C	L	T	B	A	L	X	O	P
N	C	D	O	R	E	D	R	K	I	L	I
I	B	S	P	D	D	V	E	I	K	M	D
Ñ	G	S	M	T	I	M	C	V	Ñ	X	M
O	R	M	U	A	A	R	B	Z	H	O	Y
Ñ	Z	S	D	P	P	S	P	H	E	H	X

#### Os nomes dos dedos da man.

#### SOLUCIONS A ENCRUCILLADA

19. NARRAR 21. OFF SA 33. SO  
SOFIA 15. ATA 18. SEI ESA 28. ESAS 29. CA- 22. SIAL 25. MAIS 26.

#### SOLUCIONS AO CALDO DE LETRAS



1. RENOME 2. USAR 3. NI 4. ALGA 5. PETA 7. NI RENOME 2. USAR 3. 35. SOLAR  
PARRIA 32. LAS 34. SAS 29. GRASA 30. FAS 31. EA 24. AMEI 27. AHEI 17. ESTAN 20. MOS 23. SIAM 15. AI 16. OSO 12. RABOS 14. 8. TENAZ 9. GRA 11. 1. RUINA 5. PES 5. ILLA  
Horizontais

8 actua Issabary de Guiné Bissau. O mesmo cenário emprega Faubourg de Boirnard (Franza) o Venres 16.

### Sárria

#### MÚSICA

AMANCIO PRADA

Actua o Sábado 10 de Agosto ás 11 da noite na Praza da Vila.

### Silleda

#### FESTA

EMSPANADA DE BANDEIRA

O Sábado 17 de Agosto na Carballeira de Silva, celebran a XXII Festa da Empanada de Bandeira.

### Vigo

#### EXPOSICIÓNS

DE PICASSO A BARCELO

'A arte española contemporánea a través da obra gráfica' substituída polo centro CaixaVigo esta mostra con obra de máis de 40 artistas esenciais deste século, algun deles: Maruxa Mallo, Dali, Miró, Luís Seoane, Miquel Barceló ou Picasso, Rafael Canogar, Tápies ou Chillida. Abre até o 24 de Agosto, de Luns a Venres de 18,30 a 21,30 h., e Sábados de 12 a 14,30 e de 18,30 a 21,30 h.

MUSEU QUIÑONES DE LEON

A Casa das Artes acolle até o 29 de Setembro, as obras adquiridas polo Museo Municipal de Vigo desde 1990. Horario: de Luns a Venres de 11 a 14 e de 17 a 21 h. Sábados á tarde e Domingos á mañá.

MAMBRUS A GUERRA

Lalo R. Vilar expón na Casa das Artes *Mambros á guerra*, unha escolma de fotografías ao redor do espectáculo futbolero. Abre de



Luns a Venres de 11 a 14 e de 17 a 21 h. Sábados á tarde e Domingos á mañá. Até o 14 de Agosto.

#### LEITURAS

FEIRA DO LIBRO ANTIGO E DE OCASION

Aberta na Alameda até o Domingo 11 de Agosto.

#### MÚSICA

MILLADOIRO

O Luns 12 ás 11,30 da noite en Castrelos. As entradas son distribuídas por Unión Fenosa.

REVOLTALLO DE MUSICA EMERXENTE

Baixo o lema O teu gozo no monte dos pozos, a Asociación Xuntanza Xuvenil, celebra na semana que vai do Sábado 10 ao Domingo 18 no Monte dos Pozos (Valadares), o II Revoltallo. Comprende unha mostra de estilos musicais, do 12 ao 15, e un concurso, do 16 ao 18, dividido en *Músicas distintas*, *Pop-rock* e *Metal-Punk*. No tocante á mostra un avance do programa inclúe o Desfile de Moda do Auditorio do Centro Viciñal de Valadares (Sábado 10 ás 10 da noite), a actuación de tres grupos folk do país no Día Folk (Luns 12 ás 9,30 da noite), o Día das Bandas Lusitanas (Martes 13 ás 10 da noite) coa presenza das mellores bandas portugue-

sas, as portuguesas Jouneybee, No tolerance for silence e Turbo Junkie, xunto á lisboeta RAMP. O Mércores 14, a partir das 10 da noite, resérvese á Música de baile con DC Manhattan (Bruxelas) e os vigueses Viktor e Fernando, xunto con outros sen concretar. O Hip-hop tamén ten un día, Xoves 15 ás 10 da noite, con A ti que te importa. (Ourense), Fundation Cru (Santiago) e Fank-T (Madrid), entre outros. O Venres 16 comeza o concurso no seu apartado de *Músicas distintas* con Salterium como grupo convidado. Sábado 17 compiten na categoría Pop-rock, con No hay manera e Matines de convidados, Domingo 18 remata coa sesión Metal-punk, onde van fóra de concurso The Feixons. Hai organizadas actividades parellas como xogos de rol, competicións en bici de montaña, unha Feira da Música (maquetas, discos, fanzines, etc), e a III Mostra de vídeo coa colaboración do cine-clube Lumière e con proxeccións no Parque da Rioxá de obras de vídeo-realizadores galegos. Habilitarase un lugar para acampada. Maior información no Centro cultural e vicñal de Valadares; Estrada de Valadares 233. Teléfono (986) 46 86 84.

NOITE DE TANGO

Sabor a tango, un espectáculo de El Pibe Sanjo o

Xoves 8 ás 11 da noite na Praza da Constitución.

### Viveiro

#### FEIRA

FEIRA DO VIÑO LUGUÉS

A segunda edición desta feira será do 8 ao 10 de Agosto en Viveiro.

#### MÚSICA

FESTIVAL DO LANDRO

Os días 7 e 8 de Agosto celebrase o quinto Festival da canción do Landro. Nesta edición contan coa presenza de grupos galegos ademais doutros de Cuba, Arxentina ou República Dominicana.

### Caminha

ROCK EN VILAR DE MOUROS

Celébriase os días 9, 10 e 11 de Agosto no parque de Vilar de Mouros (Caminha) cun total de 21 bandas. O día 9 a partir das 8 do serán, regaie con Black out, Primitive Reason, Kussundua e Paco Banton. O día 10 ábrese con Danças Ocultas, e segue con Freak Power, The Young Gods e The Stone Roses. Para o día 11 contan Heredeiros da Crus, Xutos&Pontapes, Tindersticks e Madredeus. Todos os días ás 5 da tarde actua unha escolma dos novos valores da música portuguesa, así o Venres 9 tamén actuan Da Weasel, Líderes da nova mensaxer e Um zero amarelo. Sábado 10, Reporter estrábico, Cool Hipnose e Terra perdida. No último día tocalla o turno a Astonishing Urbana Fall, Pinhead Society e Ramp. Pódense comprar entradas nas delegacións de turismo do Alto Minho, no estanco Gomes e na papelería Atenas de Caminha. Custan 2.500 escudos para un día, aínda que hai un bono 5.000 para os tres días, con acceso gratuito ao parque de campismo e permiso para viaxar de balde na C.P. ♦

Amancio Prada en SÁRRIA o Sábado 10



A obra de Maruxa Mallo integra a exposición da arte contemporánea a través da obra gráfica no Centro CaixaVIGO







## O Grupo Mascato edita un libro sobre os galeóns para sufragar a reconstrucción do Jandro Un barco de carga que campaba coma un balandro

♦ G. LUCA


Non había barco coma o galeón. Calaba tan pouco que metía as súas cincuenta toneladas a vela polos esteiros, sobre dúas mans travesas de auga. Tres homes podían coa manobra desta máquina de transporte de carga, que moitos confundían cun balandro presumido cando apuraba o vento para atracar.

A partir dos cincuenta empezaron a desaparecer. Aínda se adiñían convertidos en batea marisqueira, en draga ou en cábrila flotante para as cordas de mellón. O Grupo Etnográfico Mascato conta nun libro a historia do galeón, tan próxima e tan esvaída. O que produza a venda deste libro irá para reconstruír o Jandro, o derradeiro galeón que levou tella a vela á Illa de Arousa.

O Jandro está varado no estaleiro de Fillos de J. Garrido de Ogrobe coas cadernas ao sol e serán precisos arredor duns tres millóns para que boline outra volta polas rías. O Grupo Mascato contou polo de agora con axudas da Consellería de Pesca, de particulares e de quince pequenas empresas.

O libro *Galeóns de Arousa* contén a máis completa colección de fotografías históricas que se teña impreso sobre o galeón e está á venda na Librería Michelena de Pontevedra, na Ramón Cabanillas de Cambados e na Librería Limiar de Vilagarcía. O texto é de Dionísio Pereira e a capa de Pepe Gondar.

Para reconstruír o que debeu ser o cadro do galeón nas rías, o Grupo Mascato falou con Leonor Galiñanes, mariñeiro de Cambados de 93 anos, con Francisco Crespo, traballador da fábrica de ladrillos na Arnosa, que fora tripulante dun galeón e ten agora 59 anos; con Francisco de pepe, patrón e armador do galeón Porto da Barrosa, da Arnosa-Vilalonga, de 84 anos; con Xosé Soutullo Torres, Xosé



Galeón cargando madeira na Póvoa a comezos do século XX.

de Perico, que fora carpinteiro de ribeira da Revolta e construtor de galeóns, hoxe con 70; con Servando Devesa, grovense de 62 anos, dunha familia propietaria de varios barcos de cabotaxe, entre eles un galeón e con Ramón García, de 25, de Pontecesures, dunha familia armadora de tres galeóns, entre outros.

O galeón era un barco manguado, de carena case chá aínda que tan comprida que os pantouques comportábanse a cada banda coma unha orza que aguantaba o abatemento. Os galeóns de Domaio tiñan popa de espello pero os de Arousa levábana redonda. A construción era de carballo e piñeiro do país, con forro de canto, coberta con regala e boca de carga rectangular no centro.

### Navegar contra o vento

No proxecto do Jandro está armado de balandro, como adoitaron vestir os galeóns desde comezos de século: un aparello de Bermuda a popa, envergado en pico, foque e trinquetá. Pese a ter un casco tan

comprido, a superficie do aparello da maior (case cen metros) facía do galeón un barco ardente, que gabeaba moi ben no vento. *Galeóns de Arousa* inclúe unha cita do Conde Santibáñez del Río, no xornal *Galicia* do ano 23: "airosos e fortes galeóns que semellan navegar mesmo contra o vento".

Engadados polas excelencias mariñeiras do galeón, namorados da vela coma o empresario Marcial Campos liberaron estes barcos do tránsito da tella, o barro ou a madeira para adicalos á vela pura. Sobre a cuberta dun galeón iniciouse á vela Pedro Campos, varias veces campeón do mundo en cruceiros de meia tonelada e o deportista que máis veces gañou a *Vuelta a España*.

O Jandro servía ao comercio do barro e da cerámica desde a enseada da Umia até Ogrobe. Nos anos cincuenta prohibiran un dos usos máis extendidos do galeón que era a compra de peix a flote.

O libro *Galeóns de Arousa* contén a máis completa colección de fotografías históricas que se teña impreso sobre o galeón

"Acabaron con ela -di Arturo Romani- as presións da Seguridade Social e dos concellos, os administradores das lonxas que deixaban de percibir o canon da venda e os progresos do transporte por estrada".

Na década dos 60, a competencia do camión foi atracando os galeóns. Os de Domaio

maíu aínda cargaban area de Barra e Cies para a construción de Vigo no ano 63 e desde San Adrián de Cobres pasaban o gado en galeóns á outra banda da ría para a feira de Redondela, con desembarco na Portela. ♦

## O "Arosa"

DARIO XOHAN CABANA

Desde logo, os responsables do bautizo do cochiño (co "o" primeiro aberto, non pechado) moi agudos non foron. Arosa é un nome feo, e Arousa quedaríalle mellor. Os ditongos decrecentes son moi eufónicos.

Agora que invocar as leis de normalización lingüística para forzar a SEAT ó galeguismo paréceme algo así coma unha conchada. En resume de contas, Arosa é un nome comercial dunha empresa privada, non un sinal de estrada. E logo facer unha campaña en contra dese apelativo é coma poñerse a matar moscas cunha ametalladora. ¿Non temos outra cousa en que gastar o tempo?

Eu, para matar o tempo, propoñeríalles un topónimo máis enxebre aínda; por exemplo, *Bueymuerto*, que cadraría moi ben nun autó de vocación galega, aínda que hoxe sexa máis doado matar vacas ca bois polas nosas estradas. E se for dirixido a unha parroquia xuvenil, podían poñerlle *Niñodagua*, ou digo *Niño de la Guía*; guiar un coche así chamada podía ser unha gozada. Mais se quixeran que tivese un certo aquel internacional, *La Corogne* daríalle un prestixio, e Don Francisco Vázquez mercaría ipso facto varias ducias para Garda Municipal, aínda que el sen dúbida querría mellor que lle puxesen *The Comana*, que é como cre que se di en inglés.

Amigos, sexamos serios: as leis de normalización lingüística deben ser invocadas contra os castellanizadores sub-repticios da TVG; contra os inimigos do galego da Dirección Xeral de Política Lingüística; contra a Consellería de Educación e contra a Xunta de Galicia en bloque; contra os máis dos concellos de Galicia, contra as catro Deputacións e contra o Estado Español; e mesmo contra as casas editoras que fan os mapas mal e enganar o público sobre os topónimos auténticos. Pero invocala contra o nome dun coche, Xesús María!

Non penso invocar as leis de normalización lingüística. Se tivese interese neste asunto, invocaría o sentido común. Pero non o teño; é máis, desexo que a SEAT persevere na súa decisión. En canto ó seu cochiño *Arosa*, non llelo penso mercar. Por min, que o metan no cu. ♦

## VOLVER AO REGO

En Estados Unidos hai residencias de verán para os donos marchan de vacacións, os "animais" quedan en mans de especialistas, a carón dun lago. Dispoñen de televisión e doutras comodidades. En Inglaterra, durante a guerra e a causa da escasez, facíanse con restos de tela. Os ollos eran botóns, nen sequera iguais. Hoxe consérvanse en museos do xoguete moi apreciados. A unidade familiar de consumo proxecta o seu afecto sobre estes fetiche que non comen, nen fan as súas necesidades e, á volta das vacacións, agárdante en casa un riso beatífico. ♦

## OFERTA EN VÓS

— IDA E VOLTA —

Buenos Aires ..... 119.000 ptas.  
São Paulo/Rio ..... 106.000 ptas.  
S. José ..... 128.000 ptas.  
Toronto ..... 89.600 ptas.  
New York ..... 98.000 ptas.  
London ..... 45.500 ptas.  
Santiago de Chile ..... 127.000 ptas.  
Paris ..... 33.900 ptas.  
Lima ..... 122.500 ptas.

Quito ..... 128.000 ptas.  
Milano ..... 63.000 ptas.  
Amsterdam ..... 63.000 ptas.  
Bogotá ..... 118.000 ptas.  
Asunción ..... 135.000 ptas.  
Trieste ..... 78.000 ptas.  
Florença ..... 78.000 ptas.  
Roma ..... 78.000 ptas.

— SÓ IDA —

Buenos Aires ..... 82.000 ptas.  
São Paulo / Rio ..... 69.000 ptas.  
Amsterdam ..... 41.000 ptas.  
Paris ..... 17.900 ptas.  
Geneva ..... 39.500 ptas.  
Frankfurt ..... 39.500 ptas.  
Bruxelas ..... 48.000 ptas.  
Dusseldorf ..... 35.000 ptas.  
Hamburg ..... 36.700 ptas.

Servizo personalizado con transporte ao aeroporto e asistencia embarque sen cargo

**ALGARVE**  
apartamentos 4 persoas en Agosto desde 16.000 ptas. noite  
**LISBOA**  
fin de semana, cuarto duplo, con almorzo buffet en hotel \*\*\*\*  
8.900 ptas. 2 persoas/noite.

**MINHO EXPRESSO**

**VIAGENS**

SAIDA DO PORTO

TELF. (07 - 35151) 82 48 93 - FAX 23 798 - VALENÇA DO MINHO